Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 14/02/2023 01:36:31
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 102

Sesión plenaria
21 de novembro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único. Textos lexislativos

1.1. Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023 (doc. núm. 42693, 11/PL-000018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 398, do 20.10.2022

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 409, do 14.11.2022

1.2.Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas (doc. núm. 42694, 11/PL-000019)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 398, do 20.10.2022

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 409, do 14.11.2022

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor presidente abre a sesión, que consta dun punto único, os debates de totalidade da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma e da Lei de medidas fiscais e administrativas, e comunica as emendas presentadas aos grupos I e II da Lei de orzamentos. (Páx. 6.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023

Presentación do proxecto de lei pola Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 6.)

Debate e votación das emendas do grupo I, emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

Defensa das emendas: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 20.) *e Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 29.)

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 36.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar posicións: *Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 49.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendadntes: *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 54.) *e Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 57.)

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 60.)

Votación das emendas á totalidade do grupo I

O señor presidente anuncia a votación das emendas do grupo I formuladas polos grupos parlamentarios. A votación farase de forma conxunta por cada grupo parlamentario emendante. (Páx. 63.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou axentes xestores do gasto, do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 63.)

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou axentes xestores do gasto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Pax. 64.)

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Suspéndese a sesión e retómase ás catro da tarde.

A señora presidenta (Candia López) retoma a sesión co debate e votación das emendas do grupo II. (Páx. 64.)

Debate e votación das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

Defensa das emendas: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 64.) *e Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 69.)

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 74.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar posicións: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 85.)

Rolda de réplica dos grupos emendantes: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)* (Páx. 89.) *e Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 91.)

Intervención da Xunta de Galicia: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 94.)

Votación das emendas á totalidade do grupo II

O señor presidente anuncia a votación das emendas do grupo II formuladas polos grupos parlamentarios e que se fará de forma conxunta por cada grupo parlamentario emendante. (Páx. 96.)

Votación conxunta das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia: *rexeitadas por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación conxunta das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego: *rexeitadas por 31 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Corgos López-Prado).* (Páx. 97.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade de devolución: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 102.) *e Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 106.)

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 110.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 115.) *e Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 117.)

Votación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

Votación conxunta das emendas á totalidade de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

Votación conxunta das emendas á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas: *rexeitadas por 31 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 119.)

O señor presidente anuncia que este proxecto de lei continuará o seu trámite parlamentario e dá por rematada a sesión. (Páx. 119)

Remata a sesión ás sete e trece minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias ou delegacións de voto.

Entramos na orde do día.

Punto único. Textos lexislativos.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023

O señor PRESIDENTE: Presentaron emendas aos grupos I e II o Grupo Parlamentario Socialista e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Miguel Corgos López-Prado.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, bos días.

Comparezo hoxe ante o Pleno do Parlamento para presentar o Proxecto de lei de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023.

Estamos, sen dúbida, ante o debate económico máis importante do ano, no que tentarei expoñerlles o modelo orzamentario do Goberno galego, co que afrontamos un período que vén marcado, como saben, por grandes incertezas.

O obxectivo destas contas é ser capaces de achegar solucións aos problemas que temos detectado. Por iso, co deseño e elaboración dos orzamentos, o que pretendemos é favorecer o impulso que Galicia necesita nestes intres.

Señorías, tras a abrupta caída do ano 2020 pola pandemia, houbo unha incipiente recuperación no ano 2021, á que seguiu un panorama cada vez máis preocupante no ano 2022, cunha realidade na que todos os riscos para o crecemento citados no informe económico-financeiro dos orzamentos vixentes están a materializarse na súa consecuencia máis negativa. Estoume a referir a cuestións como a política covid cero en China, cun agravamento

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos cuellos de botella na oferta, que provoca un encarecemento dos bens de consumo ou o endurecemento da política monetaria para tentar frear unha inflación moi elevada.

A estes problemas uniuse o pasado mes de febreiro a invasión de Ucraína por parte de Rusia, que provocou un novo *shock* externo que alterou o contexto xeopolítico e económico. Esta invasión está a ter unha repercusión global sobre as economías, ocasionando un aumento dos prezos da enerxía, dos alimentos e das materias primas.

Non obstante, a afección ás perspectivas económicas non é homoxénea para todos os territorios, xa que os efectos en cada país dependen das súas estruturas produtivas, do grao de dependencia dos *inputs* enerxéticos e da capacidade de implementar políticas de impulso fiscal compensatorias.

No que atinxe á economía galega, a crise sanitaria pola covid loxicamente tivo un forte impacto na actividade do ano 2020, cun retroceso no PIB do 8,9 %, segundo o IGE, aínda que sensiblemente menor que no conxunto do Estado, cunha caída do 11,3 %.

No ano 2021, e pese a que os sucesivos picos da incidencia do coronavirus frearon a recuperación económica, a economía galega foi quen de medrar un 5,2 % do PIB.

Quixera salientar que, na nosa opinión, os factores que explican esta maior resistencia da economía galega fronte á crise foron a menor dependencia do turismo, a importancia do sector primario no PIB, a estabilidade nas exportacións e un maior e mellor control da pandemia en Galicia.

Neste contexto e tendo en conta as dificultades que acabamos de describir, a economía galega está a amosar unha axeitada evolución en termos de actividade, emprego e exportacións, que contribúen a consolidar e a impulsar a recuperación acadada no ano 2021. Vexamos os últimos datos dispoñibles.

En canto á evolución do PIB, os datos do IGE indican que no segundo trimestre creceu un 4,4 % en termos interanuais, tendo como principais fortalezas o consumo privado e as exportacións.

No eido do emprego, a taxa de desemprego EPA en Galicia, que neste caso corresponde ao terceiro trimestre do que xa temos datos, baixou ao 10,8 %; é 1,87 puntos porcentuais inferior á do conxunto nacional, diferencial que se vén mantendo nos últimos anos.

Se tomamos como referencia o paro rexistrado segundo o INE, o número de persoas desempregadas en outubro, 143.720, é a cifra de paro máis baixa de toda a serie histórica neste mes.

E respecto do número de afiliacións á Seguridade Social, tamén segundo o INE, Galicia ten no mes de outubro 1.048.700 cotizantes, por riba dos acadados hai trece anos.

As exportacións de Galicia continúan en récord, e o mes de setembro sumamos vendas ao exterior por 2.874 millóns de euros, un 40,2 % máis que hai un ano, segundo os datos do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E se collemos o indicador de actividade do sector servizos, tamén do INE, vemos que en agosto aumentou en Galicia un 32,8 % en relación co mesmo mes do ano anterior, case dez puntos por enriba da media de España.

Por último, podemos tomar a cifra de negocio da industria, que tamén no mes de agosto sobe con forza ata o 21,5 % no último ano, despois dun comezo de ano titubeante.

Outro dato positivo que fala especialmente ben da xestión da Administración autonómica é o que corresponde ao período medio de pago. Aquí Galicia pechou o mes de agosto como a segunda comunidade autónoma que paga máis axiña as súas facturas, concretamente en doce días, fronte aos vinte e oito de media do conxunto das comunidades autónomas, segundo os datos do propio Ministerio de Facenda e Administración Pública.

Señorías, unha vez exposto o contexto actual, a seguinte pregunta é: ¿que podemos agardar do ano 2023? Semella claro que a nivel mundial haberá unha ralentización económica e que a política monetaria contractiva, coas sucesivas subas dos tipos de xuro, comezará a ter efecto no vindeiro ano, cunha estimación do crecemento do PIB mundial de tan só un 2,7 %, segundo as previsións do Fondo Monetario Internacional.

Ante este panorama, existen riscos e importantes incertezas que, de confirmarse, afectarán de xeito negativo o crecemento. No peor dos escenarios, a guerra de Ucraína podería paralizar as importacións de gas ruso en Europa, alimentando a preocupación sobre a escaseza de gas, novos incrementos de prezos e o seu impacto económico sobre o nivel da actividade e crecemento económicos dos nosos principais socios europeos.

A inflación podería ser máis difícil de reducir do que se espera polo fracaso dos pactos de rendas que desemboquen en efectos de segunda rolda, ou pola aparición de novos *shocks* de oferta, cando xa estamos no tramo inelástico da curva de oferta.

Ademais, o desacople da política monetaria entre Estados Unidos e Europa está apreciando o dólar fronte ao euro, o que está a encarecer máis aínda os combustibles fósiles, principal consumo enerxético da nosa comunidade autónoma. De confirmarse esta tendencia, sería preciso un endurecemento das políticas monetarias precisas para reducir a inflación en Europa.

¿Son todos estes riscos, na súa peor versión, posibles? Si. ¿Pero son todos estes riscos probables na súa peor versión? Temos que dicir que non.

Señorías, nesta conxuntura tan complicada, marcada, como digo, polo incremento e volatilidade dos prezos e por unha paralización dos investimentos cun menor crecemento do abordado e sometido a grandes incertezas, considero que é imprescindible que as políticas públicas da comunidade autónoma para o ano 2023 proporcionen certezas aos axentes económicos e á cidadanía galega. Por esta razón o noso cadro macroeconómico xa incorpora todos estes riscos detectados.

O noso obxectivo é, por un lado, dotar de estabilidade as súas decisións de consumo, aforro, investimento e produción. E, por outra banda, fixar o marco que contribúa a garantir un

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

crecemento sostido que minimice os efectos económicos e sociais adversos da nova situación, focalizando nos máis vulnerables as medidas de maior calado.

Este goberno galego ten claro que a previsibilidade e as certezas son esenciais para favorecer o crecemento económico. Por iso, as contas para o ano 2023 plasman unha política económica ao servizo da dinamización económica, centrando os esforzos orzamentarios en superar os seguintes retos: en primeiro lugar, mitigar os efectos da alza de prezos e axudar os colectivos máis afectados pola inflación; recuperar o nivel prepandemia da actividade na economía galega, apoiando as empresas e sectores máis afectados; mobilizar os investimentos estruturais precisos para dinamizar o tecido económico, para que sexa máis moderno, produtivo e sustentable, co impulso de proxectos transformadores; e proseguir coa modernización dos servizos públicos fundamentais, sanidade, educación e servizos sociais. Para o desempeño destes retos disporemos dos maiores recursos da historia da comunidade autónoma: dun total de 12.620 millóns de euros; un 8,5 % máis que o presente exercicio.

Señorías, para contribuír a esas certezas e a cumprir os obxectivos que nos marcamos traemos á Cámara uns orzamentos que son solventes e que parten dun cadro macroeconómico sólido e contrastado. Son solidarios, achegan as mellores contías de gasto social da historia da comunidade autónoma e son fonte de dinamización económica. Por iso, contan co aval da autoridade independente de responsabilidade fiscal. É máis, o dato do PIB nominal previsto no noso cadro macroeconómico, o 5 %, que é o importante para estimar os nosos ingresos e tamén é o importante para determinar a capacidade de endebedamento, é idéntico ao que estima a propia Airef para Galicia.

Este goberno galego ten dado sobradas mostras de prudencia e realismo nos últimos anos. Sempre facemos nosas as estimacións que nos traslada o Instituto Galego de Estatística, pois ten a nosa máxima confianza. E froito desa prudencia e dese realismo prevemos unha ralentización da economía galega nos próximos meses, con taxas de crecemento do PIB do 3,6 % no 2022 e do 1,7 % no 2023. Porque a economía galega, como xa teño dito moitas veces nesta Cámara, non é unha illa, estamos relacionados con todo o que acontece no mundo e que acabo de describir.

Quero salientar, ademais, que estas estimacións do IGE están na media das realizadas polos principais organismos públicos especializados. Non só son máis prudentes que as da Administración xeral do Estado, senón que son as terceiras máis prudentes dos catorce orzamentos autonómicos presentados ata a data.

Este escenario, loxicamente, como xa comentei, está suxeito a incertezas perante a crise global —reitero—, con posibles restricións do gas, escalada de prezos e subidas de tipo de xuro, como acabamos de describir, que diminúen a confianza das empresas e dos fogares, o que podería afondar na desaceleración económica; circunstancias que —reitero— xa tivemos en conta no cadro macroeconómico que se presenta no seu escenario central.

E, insisto, no seu peor escenario, ¿é posible que se dean todos estes riscos? Si. ¿Pero no seu peor escenario é probable? Non.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

No ano 2023 en Galicia será a demanda interna a que máis contribúa ao crecemento da economía. As incertezas ás que me referín limitarán o consumo privado na segunda metade deste ano e a principios do vindeiro especialmente. Non obstante, prevemos unha recuperación do consumo na segunda metade do próximo ano, unha vez que se disipen estes efectos negativos.

En canto ao consumo público, o incremento será do 1,7 % para o vindeiro exercicio. E para este mesmo ano 2023 contaremos cunha [...] *(Inaudible por problemas técnicos.)* do sector exterior. Aínda así, o incremento das exportacións superará o das importacións e seguirá a medrar máis dun 2 %.

En relación co emprego, prevemos un incremento tanto este ano como o vindeiro. Tras a brusca caída pola pandemia, poderemos encadear tres exercicios de creación de emprego, o que nos permitirá rebaixar a taxa de paro ata o 10 % de media no ano 2023, con algún trimestre por baixo dos dous díxitos a finais do vindeiro ano. Será a primeira vez en quince anos dende o 2008 que a taxa de paro sexa inferior ao 10 %.

Señorías, insisto en que a mellor noticia é que a economía galega ten unha evolución máis positiva que a media dende o inicio da pandemia, con menores caídas nos peores momentos e con subas na media ou por riba cando existe unha reactivación económica. Por iso podo reafirmar que Galicia recuperará xa a principios do ano 2023 a riqueza prepandemia, e acadarao bastante antes que a media de España, que posiblemente non o fará ata un ano despois. ¿E por que é tan importante dispor dun cadro macroeconómico sólido? Dispor dun cadro macroeconómico sólido é fundamental, por unha banda, para coñecer os recursos que imos ter o vindeiro exercicio e, por outra, para detectar as necesidades que existen nesta conxuntura económica e poder tomar decisións para atendelas.

Señorías, para o ano 2023 teremos unha importante suba do 11 % dos ingresos non financeiros, que levan ata practicamente os 12.500 millóns de euros. E o que é realmente importante e esencial para ter un orzamento solvente é que o 95 % dos ingresos orzados están totalmente garantidos, pase o que pase. E están garantidos grazas ás fortalezas do modelo económico de Galicia, xa que as entregas á conta para o 2023 e a liquidación do sistema de financiamento do ano 2021 son ingresos que medran grazas a estas fortalezas. Se a recadación do IRPF en Galicia é positiva é polo robusto mercado laboral nesa comunidade autónoma, e se se incrementa a recadación do IVE é polo consumo que se produce en Galicia, ao que hai que sumar a alza de prezos, que, obviamente, tamén repercute no IVE que se paga e consecuentemente se recada.

En canto ás transferencias finalistas, é certo que soben, e fano un 7,9 %, pero este incremento non é, precisamente, das partidas, que tiran do orzamento, pois lémbrolles que o crecemento medio do gasto é superior —dun 8,5 %—, e tamén que a media dos ingresos medra, como dixen antes, un 11 %.

Ademais, a repartición que está a facer o Goberno central do mecanismo de recuperación e resiliencia tampouco axuda moito. Non é precisamente unha repartición equitativa e favorecedora da cohesión territorial. Estamos converxendo case a unha repartición por poboa-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ción, que non favorece a Galicia. Por non falar dos PERTE, recursos dos que as empresas galegas non se están a beneficiar, nin sequera en proporción á nosa poboación, xa que o Goberno central tan só foi quen de adxudicar un 37 % das convocatorias previstas nesta repartición, e o asignado a Galicia nestas convocatorias é tan só do 3,9 % do total, moi por debaixo do peso da poboación galega, do peso do PIB ou do peso de calquera variable que represente a nosa comunidade autónoma no contexto nacional.

Polo tanto, señorías, temos ingresos certos, somos solventes, pero polo esforzo dos galegos e das galegas, non grazas a transferencias do Goberno central, máis ben ao contrario. Día a día podemos constatar que para este goberno central Galicia non é un territorio prioritario, e demóstrao tamén o orzamento xeral do Estado.

Por certo, señores da oposición, resulta bastante sorprendente que o orzamento do Estado no relativo a Galicia non lles mereza unha emenda á totalidade e se conformen con emendas parciais, mentres que o orzamento galego, máis solvente e máis solidario, si que reciba unha emenda á totalidade. *(Aplausos.)* Iso si, cun fundamento moi feble, xa que non se cuestiona ningunha das liñas prioritarias de asignación de recursos recollidas no Proxecto de orzamentos, que paso a desenvolver.

Vaiamos ao esencial do orzamento galego. ¿A que imos dedicar os ingresos dos que disporemos? Loxicamente, a situación actual que lles acabo de expoñer obríganos a todas as administracións públicas a estar á altura do que necesita a cidadanía. E hoxe, en Pleno, quero reafirmar o compromiso do Goberno galego de facer todo o que estea na nosa man para axudar, protexer e acompañar as familias que máis o precisen. Precisamente, pola actual conxuntura, xa dende que comezamos a preparar e deseñar os orzamentos do ano 2023 no mes de xuño, tivemos claro que tiñamos que priorizar cinco liñas de actuación, con múltiples medidas e plans para acompañar a familias e empresas. Para acompañar, ¿para que? Para mitigar a alza de prezos, e con medidas para impulsar a competitividade.

Por iso, nos orzamentos para o ano 2023, as políticas asignativas de recursos priorizan estas cinco liñas de actuación: medidas de apoio e protección ás familias e ás persoas máis vulnerables; medidas de aforro e eficiencia enerxética; medidas de dinamización económica; medidas de protección do medio ambiente, loita contra a seca e cambio climático; e medidas de fortalecemento dos servizos públicos autonómicos.

Posteriormente referireime máis polo miúdo a estas cinco prioridades. Antes, quero sinalar que para poder reforzar estas liñas prioritarias, teimamos en apostar polo noso modelo de política orzamentaria, tanto pola vía dos ingresos como pola vía dos gastos.

Señorías, nesta conxuntura é moi importante ser áxiles nos apoios, e a vía das rebaixas fiscais ten un efecto inmediato sobre os sectores e as familias que se benefician delas. Por iso, empregamos a vía dos incentivos fiscais como unha ferramenta para acadar un alivio fiscal necesario e urxente. Queremos ser o máis áxiles posibles, porque o noso obxectivo é, por unha banda, protexer e acompañar as persoas que pasan dificultades, con novas medidas e con reforzo das xa existentes, e, por outra banda, xerar as condicións para que eses colectivos sexan quen de progresar e deixar de precisar o antes posible estes apoios. E queremos facelo

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cun orzamento de impulso, co impulso que Galicia necesita para o vindeiro ano. ¿E en que baseamos este impulso? Nunha política fiscal propia previsible, que aposta por baixar os impostos todo o posible, nun reforzo constante e continuado dos servizos públicos e nun endebedamento responsable e con máis esforzo no investimento produtivo.

Señorías, comezando pola política fiscal, como Goberno galego temos un modelo propio e previsible. Ninguén nos marca a nosa estratexia; temos unha axenda propia dende hai máis dunha década. Orzamento a orzamento, apostamos por rebaixas tributarias sempre que é posible, e coa intensidade que nos permite cada conxuntura económica, sen afectar os servizos públicos fundamentais. Polo tanto, aínda que teremos ocasión de debatelo máis polo miúdo esta tarde, xa lles avanzo que non estamos de acordo en subirlles os impostos aos galegos, tal e como piden os grupos da oposición. O noso modelo é o contrario, evitar subas de impostos e baixalos cando podemos. Para o ano 2023 as familias son o centro das políticas de loita contra a inflación, mediante baixadas nos impostos. Con estes orzamentos queremos mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible das familias e reforzar o impulso á reactivación económica. *(Aplausos.)*

Así, adoptamos unha serie de medidas para reducir a imposición persoal sobre as rendas das persoas físicas, deflactando con carácter retroactivo a 1 de xaneiro do ano 2022 os tres primeiros tramos do IRPF, minorando o tramo máis baixo e tamén aumentando os mínimos persoal e familiar nesta deflación, o que beneficiará con máis intensidade as rendas máis modestas.

O carácter retroactivo destas medidas permitirá aliviar as economías familiares xa na primavera do ano 2023, cando presenten a súa declaración da renda. En concreto, de media, cada contribuínte galego pagará 476 euros menos de IRPF que no ano 2021.

Por outra banda, tamén no IRPF, fixamos para o ano 2023, no marco das medidas fiscais de apoio á familia, unha nova dedución de 250 euros para os contribuíntes con dous fillos, que se equipara así ao das familias numerosas. Galicia será a primeira comunidade autónoma en aprobar unha medida deste tipo para as familias con dous fillos, e ao mesmo tempo duplicamos a actual dedución aplicable ás familias numerosas, para que a dedución para familias con tres fillos sexa de 500 euros, e cun aumento doutros 250 euros por cada fillo a maiores. *(Aplausos.)*

Así mesmo, seguimos a senda fiscal marcada para o imposto sobre o patrimonio, co obxectivo de que esta figura tributaria non se converta nun factor de deslocalización de investidores e contribúa a dinamizar a economía.

Quero lembrar que os nosos socios da Unión Europea non contan cun tributo de natureza equivalente a este. Pola contra, con esta decisión intentamos que se converta nun factor de dinamización económica, posibilitando o reinvestimento dos aforros fiscais xerados en Galicia. Ao final, este goberno pensa que é razoable coidar aqueles que xeran emprego e riqueza en lugar de poñerlles atrancos. Por iso, introducimos unha nova bonificación do 25 % da cota no imposto sobre o patrimonio acumulada á do ano pasado. O que si deberan criticar é a manobra —por chamala dalgún xeito— do Goberno central co chamado imposto de soli-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dariedade; unha medida improvisada que só busca castigar as comunidades autónomas gobernadas polo PP e contrapoñer medidas para neutralizar a nosa autonomía fiscal. O que está a facer o Goberno central con esta medida é apropiarse desta tributación liberada para investir en Galicia para utilizar para os seus propios fins. Dende o Goberno galego, dado que a entrada en vigor anunciada polo Goberno central parece atentar contra o principio constitucional de seguridade xurídica, e porque atenta contra a nosa autonomía, estamos estudando recorrer esta medida. *(Aplausos.)*

Por outra banda, no orzamento para o ano 2023 tamén decidimos consolidar a rebaixa do tipo xeral do imposto de transmisións patrimoniais onerosas ata o 9 %; un tipo xeral que se ve reducido de xeito moi substancial para colectivos que consideramos prioritarios. Así, mantemos todos os tipos reducidos para mozos, familias numerosas e persoas con discapacidade, e mesmo se pode chegar ata a eliminación do imposto para estes colectivos se compran unha vivenda habitual en zonas pouco poboadas.

Igualmente, consolidamos o Programa de impostos cero no rural, que eliminou este tributo para compravendas de solo rústico, transmisións totais ou parciais das explotacións agrarias e agrupacións de fincas rústicas —xa beneficiou a máis de 138.900 galegos—. E consolidamos tamén a eliminación do imposto de sucesións para o 99,9 % das herdanzas directas. Neste tributo mantemos as rebaixas para que Galicia siga entre as comunidades autónomas con mellor tratamento fiscal para as herdanzas entre os familiares directos e para os irmáns. *(Aplausos.)*

Dende o ano 2016 beneficiáronse máis de 698.000 galegos con esta medidas. Señorías, o obxectivo común de todas estas medidas é dobre: por unha banda, liberar parte dos recursos dos axentes económicos, de xeito que se facilite a afluencia de liquidez e se compensen en parte os efectos negativos da inflación na súa capacidade de gasto; e, por outra banda, que poidan ser derivados a opcións de investimento que garantan unha recuperación estable e mantida no tempo. Cada investimento que se mobilice ao reactivar a actividade económica compensa, en certa medida, o sistema da perda inicial recadatoria, mediante a recadación dos impostos asociados ao incremento desa actividade e dos propios elementos que se invisten.

Señorías, a principal fortaleza desta senda fiscal propia é que é perfectamente compatible co reforzo dos servizos públicos. Señorías, exporei agora de xeito breve a nosa estratexia de endebedamento, que, non por coñecida, debe deixar de ser reiterada. O noso modelo, modelo polo que aposta este goberno hai agora case catorce anos, blindou a solvencia das finanzas galegas, e sitúanos como a comunidade de referencia en España en materia de endebedamento. Estoume a referir ao modelo de endebedamento responsable. Como xa me teñen —de seguro— escoitado, para nós isto non é un slogan nin un obxectivo en si mesmo, é a mellor garantía duns servizos públicos sostibles e que podemos sustentar en números.

Obviamente, a débeda medrou, pero para empregar estes recursos como unha ferramenta para garantir o normal funcionamento dos servizos públicos no peor da gran crise, pero sempre de maneira controlada e sen pór en risco a solvencia da nosa facenda. E todo isto sen ter en conta os 2.200 millóns de euros de liquidacións negativas que herdamos corres-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pondentes aos anos 2008 e 2009, que tamén engrosan esta cifra de débeda. Por iso Galicia é a comunidade que menos incrementou o seu endebedamento de 2008. Queden cunha cifra, señorías: se Galicia mantivésemos un nivel de endebedamento como a media das comunidades autónomas, teriamos unha débeda adicional de 6.118 millóns de euros; unha cifra tan elevada que é case a metade do orzamento do gasto non financeiro para o ano 2023. Hoxe Galicia pasou de estar entre as comunidades autónomas máis endebedadas a ser a terceira de réxime común menos endebedada. A nosa ratio-débeda PIB, que é como se mide o nivel de endebedamento, pasou de estar por riba da media en 2008 a estar, a finais do 2021, 7,4 puntos por baixo da media das comunidades autónomas, e cada galego debe 2.274 euros menos que a media dos residentes nas restantes comunidades autónomas. De feito, Galicia, como ben saben, é a única comunidade autónoma de réxime común que non tivo que acudir nin ao fondo de provedores nin ao fondo de liquidez autonómica, cando a gran maioría das comunidades autónomas tiñan pechados os mercados financeiros, mantendo, polo tanto, intacta en todo este treito a nosa autonomía financeira. E se analizamos a evolución dende o ano 2014, logo da crise financeira, a ratio débeda-PIB de Galicia, en Galicia baixa un 0,7 %, mentres que na media das comunidades autónomas subiu, neste período, un 1,9 %.

E os efectos tamén son positivos para este orzamento porque, pese a que medran os gastos financeiros por mor do cambio de ciclo nos tipos de xuro, en Galicia este impacto será menor. E será menor por dous motivos: en primeiro lugar, por este endebedamento responsable; e, en segundo lugar, por unha política de anticipación prudente de reestruturación da nosa carteira de débeda, na que pasamos a maior parte da carga financeira a tipo fixo —máis dun 90 %—, cando os tipos eran cero ou negativos para blindarnos de futuras subas de xuros. Por iso, no ano 2023, e pese a este cambio de ciclo dos tipos de xuro, os gastos financeiros tan só representan o 0,87 % do gasto non financeiro na nosa comunidade autónoma. Quizais se entenda mellor este baixo nivel de carga financeira se temos en conta que temos un gasto inferior ao do ano 2008 tanto en volume como en porcentaxe sobre o gasto non financeiro: o 0,87 % —como acabo de dicir— do gasto non financeiro agora para o 2023, fronte ao 1,34 % no 2008. De feito, no actual orzamento —e con datos que se poden comparar coas demais comunidades autónomas—, Galicia é a terceira comunidade autónoma con menor porcentaxe de gasto en xuros sobre o total do gasto non financeiro, e seguiremos por esta senda responsable. *(Aplausos.)* Para o vindeiro ano tamén manteremos controlado este endebedamento, reducindo máis da metade o noso recurso de endebedamento, de 415 millóns de euros a 181.

Señorías, se temos unha prioridade constante, o primeiro que atendemos en cada orzamento é o gasto social, para reforzar de xeito constante os servizos públicos. Pódese apreciar exercicio a exercicio. Cando había menos recursos, blindámolo, gañando peso na estrutura de gasto; e en épocas máis expansivas, reforzamos este gasto con maior volume de recursos. E seguindo esta estratexia orzamentaria, para o vindeiro ano de novo reforzamos o gasto social, o gasto en sanidade, en educación, en políticas sociais e en fomento do emprego polo miúdo.

Por terceiro ano consecutivo temos o gasto máis elevado da historia da comunidade autónoma; absorbe 709 millóns de euros dos 993 millóns de aumento orzamentario. A cifra total chega ata os 9.368 millóns de euros. Logo poreille exemplos concretos deste esforzo. Pero

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

si quixera salientar que detrás deste gasto social están as persoas que prestan os servizos públicos: está o persoal sanitario, está o persoal docente e está o persoal das residencias de política social. E neste orzamento tamén reforzamos de xeito prioritario o capital humano. Por iso, os gastos de persoal medran un 6,1 %, achegándonos á cifra de 4.600 millóns de euros para persoal —tamén o maior da historia da comunidade autónoma—. Así, non só recollemos a suba do 4 % acordada na Mesa xeral dos empregados públicos, senón que tamén incluímos os recursos precisos para cumprir cos acordos retributivos autonómicos pactados cos representantes dos traballadores e o reforzo de persoal en servizos sanitarios prioritarios, aumentando prazas, por exemplo, en atención primaria, con 134 prazas novas, con 139 prazas novas para os MIR ou con 61 prazas novas para atender o Plan de saúde mental. *(Aplausos.)*

Outro piar do noso modelo orzamentario é o esforzo investidor. A estrutura das finanzas da comunidade autónoma baséase nunha senda propia, xeradora de aforro bruto financiador dun potente esforzo investidor, que aposta de xeito continuado por un reforzo na I+D, por unhas infraestruturas modernas e de calidade, para a prestación de servizos públicos autonómicos e por unha mobilización dos investimentos sectoriais, tales como redes autonómicas, transporte e comunicación, infraestruturas agrarias e de portos e políticas de fomento. E para os orzamentos do 2023 voltamos reforzar os gastos de capital con 218 millóns de euros adicionais, un 8,5 % máis que o presente ano, na liña da suba media do orzamento, ata os 2.772 millóns de euros.

Queremos axudar a impulsar investimentos que aceleren a transformación do noso tecido produtivo, en especial, mobilizando os fondos europeos Next Generation, apoiando os sectores produtivos estratéxicos e fomentando un tecido produtivo moderno, eficiente, internacionalizado e sustentable. E ademais do reforzo investidor xeral, buscamos un reequilibrio territorial que cohesione Galicia, cun maior investimento por habitante un ano máis nas provincias de Lugo e Ourense.

Outro dato que dá idea do pulo investidor feito nos últimos anos é que o peso dos gastos de capital sobre o total dos gastos non financeiros subiu 6 puntos nos últimos sete anos, ata o 22 %. *(Aplausos.)*

Outra característica do noso modelo é que seguimos a xerar aforro bruto, o que nos permite investir máis e endebedarnos menos. O aforro bruto para o 2023 acada os 1.356 millóns de euros, cun incremento de 511 millóns de euros —é dicir, máis do 60 % respecto deste ano—, e estamos no importe tamén máis alto da última década. Isto é moi importante para garantir a continuidade investidora ao longo dos anos, xa que parte da xeración dunha marxe de ingresos e gastos correntes ou ordinarios; representando, por tanto, a capacidade de autofinanciamento da comunidade autónoma e a xeración de capital da facenda autonómica. Por iso, o aforro bruto pasa a ser no ano 2023 o principal financiador dos investimentos por vez primeira dende a crise financeira. *(Aplausos.)*

Señorías, unha vez expostos os piares do impulso deste orzamento, quixera expor algúns exemplos concretos de como se materializan as cinco liñas prioritarias para o vindeiro ano. Permítanme que non me estenda demasiado, posto que xa tiveron ocasión de debatelas cos

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

conselleiros e conselleiras de cada departamento en comisión parlamentaria. Pero si quero reiterar que cada unha destas cinco liñas prioritarias recolle medidas novas e tamén outras de reforzo doutras xa en marcha con máis de 500 millóns de euros adicionais. A primeira liña de programación orzamentaria integra as medidas de apoio e protección ás familias e ás persoas máis vulnerables. Entre as actuacións novas, gustaríame salientar que Galicia será a primeira comunidade autónoma con gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos, adicando a esta política de gasto 105 millóns de euros para beneficiar a máis de 30.000 familias. Ou a conxelación do prezo dos comedores escolares para beneficiar a 62.000 nenos e nenas.

Ademais, entre as accións de reforzo están o aumento e adecuación das axudas de inclusión social ao incremento do custo da vida. Por exemplo, incrementamos nun 50 %, ata 150 euros, o complemento autonómico do Bono social térmico; cunha achega global de 22,7 millóns de euros para beneficiar 66.000 familias nun crédito ampliable que podería incrementarse, de ser preciso.

A segunda prioridade é a aposta polas medidas de aforro e eficiencia enerxética, tamén con actuacións novas, como a primeira plataforma experimental para producir enerxía eólica mariña; e outras de reforzo, como a duplicación das achegas para o impulso e as actuacións de aforro enerxético entre familias e empresas. Para familias, 23 millóns de euros: para axudas á instalación de sistemas de biomasa en vivendas, axudas á xeotermia, axudas á aerotermia solar e actuacións para a mellora da eficiencia enerxética. E para pemes, 56 millóns de euros: con axudas de aforro e eficiencia enerxética, axudas ao Programa Moves, axudas renovables para a xeración enerxética e o fomento do autoconsumo e de sistemas de almacenamento; e, finalmente, tamén para axudas de biomasa nas pemes.

A terceira liña prioritaria busca definir medidas de dinamización económica con actuacións novidosas como o Programa de impacto autónomo, con 30 millóns de euros, para apoiar máis de 25.000 autónomos con rendas medias e medias baixas para que poidan manter a súa actividade económica e o emprego, ou con 19,8 millóns de euros para o reforzo da competitividade en zonas afectadas polo peche das centrais térmicas de Meirama e As Pontes. E outras medidas de reforzo, entre as que están os 11 millóns de apoio ao emprendemento, a través da Rede de polos de emprendemento; ou os 5,4 millóns de euros para investimento en construción de tecnoloxías forestais, e 2,4 millóns en axudas a actividades en materia de coinnovación e dixitalización da industria forestal madeireira.

A cuarta liña prioritaria busca integrar medidas de protección do medio ambiente e de loita contra a seca e o cambio climático. Entre o máis novidoso podemos citar 24 millóns de euros para estar mellor preparados fronte á seca, cun plan específico de 11,5 millóns para ser máis resilientes, e 12,6 millóns de euros que destinaremos a actuacións directas nos concellos para mellorar os seus abastecementos municipais. Entre as actuacións de reforzo, están 15,2 millóns de euros para mellorar a eficacia e prevención da vixilancia e disuasión de lumes, con máis tempo de traballo para o persoal das brigadas forestais, con novas prazas para a extinción de incendios —os 608 efectivos que traballan nove meses pasarán a facelo todo o ano— e con equipos máis especializados na investigación e prevención. Refórzase a cooperación coa Administración local para a loita contra os incendios forestais, adicando 12,25

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

millóns de euros a apoiar os concellos en tarefas de roza e mantemento das franxas secundarias e nas vías municipais.

E a quinta liña prioritaria —e non menos importante por ser a última— inclúe medidas de fortalecemento dos servizos públicos autonómicos. Salientarei algúns exemplos, porque son moitas as actuacións que poderiamos citar. En sanidade, como acción nova, destacaría 10 millóns para iniciar un novo centro de protonterapia. E como reforzo, a terceira anualidade do Fondo de Garantía de Infraestruturas Sanitarias, con 163,5 millóns de euros para completar a construción e a ampliación de hospitais e centros integrais de saúde, pero tamén o Programa de atención primaria, que sobe un 9,9 %, ata superar por vez primeira na historia da comunidade autónoma os 1.500 millóns de euros. *(Aplausos.)* Este programa incorpora —como xa dixen— a creación de 134 novas prazas. E o incremento tamén de 10 millóns de euros, un 50 % máis, no Programa galego de vacinación, para reforzar tamén as políticas de saúde pública.

En educación, entre as novidades, incorporamos un plan de investimento para o sistema universitario, especialmente orientado á eficiencia enerxética, con 10 millóns de euros máis, melloras de funcionamento nos centros educativos e dotación de equipamentos innovadores para os 230 centros de formación profesional, que beneficiarán a máis de 60.000 alumnos.

En canto ás políticas sociais, 9,5 millóns de euros para o Plan de investimentos en concellos, para construír, reformar ou ampliar centros de maiores municipais. E nos reforzos, 11,3 millóns de euros para duplicar a prestación de servizos de teleasistencia a máis de 10.000 galegos; 11 millóns de euros para reforzar o sistema de axuda no fogar; e suba na achega da Xunta ao financiamento das horas do SAF, ata acadar os 12 euros por hora de atención, cunha suba do 9 %, por enriba do pactado coa Fegamp para este ano e que beneficiará a 25.000 galegos e galegas. *(Aplausos.)*

E todas estas prioridades, señorías, artelladas en diferentes liñas prioritarias para este orzamento, tamén están vertebradas na nosa estratexia ata o ano 2030. Non só pensamos a un ano vista, senón que o facemos mirando cara ao futuro. Por esta razón, entre as cinco liñas prioritarias de actuación, están estas perfectamente encaixadas na planificación deseñada no Plan estratéxico de Galicia 2020-2030, que tamén ten cinco eixos: o reto demográfico, con 5.856 millóns de euros neste orzamento; a Galicia verde sostible, con 527 millóns de euros neste orzamento; a competitividade e o crecemento, con 1.761 millóns de euros neste orzamento; a cohesión social e territorial, con 3.796 millóns de euros neste orzamento; e a gobernanza, con 680 millóns de euros neste orzamento.

Como Goberno galego consideramos preciso establecer as bases para deseñar a Galicia do futuro, poñendo no centro o reto demográfico, pero tamén outras para garantir o benestar dunha sociedade máis avellentada, impulsando medidas que favorezan o paso cara a unha Galicia máis ecolóxica e climaticamente neutra, máis dixital e mellor adaptada aos retos actuais e futuros, con capacidade de axuste para afrontar posibles crises e cuns servizos sanitarios, educativos e sociais reforzados e máis eficientes; pero tamén dando un pulo ao modelo baseado na innovación e o capital humano, que favoreza unha sociedade moderna, competitiva, solidaria e cohesionada social e territorialmente con altas taxas de emprego.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Neste contexto máis ca nunca é necesario dispor dunha planificación rigorosa a medio prazo para que os atrancos conxunturais non nos desvíen dos nosos obxectivos estratéxicos. Neste eido, o Plan estratéxico 2020-2030, como digo, orienta as liñas estratéxicas de investimento de gasto dos orzamentos do 2023; e este orzamento será o segundo orzamento en clave da Galicia 2020-2030, no que se inclúen as prioridades dos eixos e obxectivos estratéxicos desta folla de ruta que temos trazada para esta década.

Señorías, un plan estratéxico marca unha tendencia, cunhas metas a longo prazo, polo que non cremos xustificado mudalas neste intre. É certo que no actual contexto poden verse afectadas por un certo nesgo á baixa, pero tamén é normal que haxa anos por riba da tendencia e anos por debaixo da tendencia, polo que non tería sentido modificar estas metas, xa que se verán compensadas en anos vindeiros. Á metade da vixencia do plan realizarase unha avaliación que indique a necesidade de facer un axuste ciclo-tendencia do noso Plan estratéxico en función da evolución da nosa economía.

Señorías, antes de rematar, gustaríame tamén referirme —aínda que de xeito breve— á importancia dos recursos procedentes da Unión Europea para este orzamento e para o futuro inmediato de Galicia. E isto é así porque somos conscientes de que unha parte significativa do crecemento económico esperado para este ano e para os vindeiros vai depender do potencial efecto multiplicador sobre a actividade do bo uso destes recursos comunitarios. É dicir, non só estamos a falar de gastar os recursos europeos, senón que estamos a falar de gastalos ben.

En relación cos fondos europeos, o orzamento do ano 2023 será o ano de peche do anterior marco financeiro 2014-2020, aplicando a regra N+2 —como ben saben—, ao mesmo tempo que o de apertura do novo marco 2021-2027, e no que continuarán a recollerse os recursos procedentes do Mecanismo Next Generation. Sobre estes o Goberno galego ten claro que é preciso levar a cabo unha rigorosa selección de proxectos de investimento financiables con estes recursos, xa que, como acabo de indicar, deles dependerá en gran medida a transformación estrutural da nosa economía. O apoio aos sectores produtivos estratéxicos resulta, pois, prioritario; en especial, á nosa industria. Constitúe, por tanto, un reto esencial o fomento dunha economía baixa en carbono baseada en fontes de enerxía máis limpas e menos agresivas co medio ambiente, dando prioridade ás fontes de enerxía renovables.

En Galicia pronto constituímos unha estratexia Next Generation para absorber estes fondos e para implementar proxectos de colaboración público-privada transformadores que fosen quen de mobilizar a nosa economía, e tamén constituímos unha sociedade mixta, a sociedade Impulsa, unha entidade público-privada para axilizar iniciativas empresariais tractoras que incidan na dinamización, o progreso e a transformación da economía galega a través dun modelo verde dixital.

Desgraciadamente, o Goberno de España está perdendo a maior e mellor oportunidade da historia para transformar a economía, algo que está afectando tamén proxectos estratéxicos na nosa comunidade autónoma, que se están vendo lastrados pola deficiente xestión do Goberno central. E o retraso da execución dos fondos Next Generation non axuda ás decisións de investimento das empresas neste intre crítico.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con estes antecedentes, para o vindeiro ano é vital que se axilice a repartición duns fondos imprescindibles para dinamizar a actividade e impedir unha maior desaceleración da nosa economía. Levamos tempo advertindo de que se o Goberno non axiliza a asignación dos fondos europeos e non descentraliza as axudas para proxectos público-privados coas comunidades autónomas corremos un serio risco de perder esta oportunidade de modernizar e dar músculo ao tecido empresarial e industrial de Galicia. Por iso, é tan importante que o Goberno reaccione e que atenda as propostas que se realizan dende a comunidade autónoma.

Dende a Xunta seguimos a traballar co tecido empresarial, cos centros de coñecemento, contando, precisamente, co apoio do sistema universitario, cos representantes sociais e coa sociedade Impulsa, clave para captar investimentos e socios industriais, para proxectos tales como os xa anunciados aquí nesta Cámara polo presidente da comunidade autónoma: a fábrica de fibras téxtiles de Altri, a planta de hidróxeno verde de Reganosa e EDP; o centro de produción de fertilizantes e biometano que propoñen Reganosa, Repsol e Naturgy e mais unha candidatura galega con proxectos xa maduros e viables como os de Century Tire e Showa Denko; ou outros en sectores emerxentes como o aeronáutico, co polo aeroespacial de Galicia, con colaboración con Airbus, Babcock e Telespazio; ou o polo biotecnolóxico, con novas plantas para industrias potentes como Zendal, Indukern ou Lonza.

Gustaríame que todos os grupos parlamentarios apoiasen o Goberno galego nas súas xustas demandas ao Goberno central sobre a repartición destes fondos europeos, que non son máis que ofrecer a nosa colaboración. E quero lembrar tamén que estes recursos son de todos, pese a que en demasiadas ocasións se empregan en función de intereses electorais e partidistas, como estamos a ollar ultimamente. Basta con ver o exemplo lastimeiro do PERTE VEC, pois foi un PERTE no que se anunciou a súa adxudicación —antes de publicar as bases da adxudicación en concorrencia competitiva— a unha multinacional alemá, como saben, que quedou sen executar en máis da metade. Pero o que é máis importante e o que máis nos preocupa ao Goberno galego é que deixa sen dar solucións á principal factoría automobilística da península Ibérica, á factoría de Citroën, en Vigo. *(Aplausos.)* Por tanto, é urxente que se comece a deseñar un novo instrumento que se axuste ou que se reconduza a situación deste PERTE e que este instrumento permita identificar os investimentos precisos para a mellora da planta viguesa, porque —insisto— hai recursos e están quedando sen adxudicar.

Remato xa, señorías, pedindo aos grupos da oposición que repensen se uns orzamentos como os que hoxe debatemos merecen unha emenda á totalidade. Porque aínda que son lóxicas as discrepancias entre grupos parlamentarios, estou convencido de que todos podemos estar de acordo nas cinco liñas prioritarias que vertebran estas contas para que sexan útiles no impulso que neste momento precisa Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Prolongados aplausos.)

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Continuamos a sesión co debate e votación das emendas á totalidade presentadas polos grupos parlamentarios.

Debate e votación das emendas do grupo I, emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou centro xestor de gastos

O señor PRESIDENTE: Comezamos, en primeiro lugar, co grupo primeiro, isto é, co debate e votación das emendas á totalidade que postulan a devolución global dos orzamentos ou de calquera sección ou axente xestor de gastos; debate acumulado ao abeiro do artigo 130.1, co alcance previsto no punto 3 do artigo 112, para os efectos oportunos do punto 4 do artigo 114 do Regulamento.

Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a defensa das emendas, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor don Luis Manuel Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías. Bo día, señor Corgos.

Bueno, fixo vostede unha comparecencia na que deu moitas cifras en moi pouco tempo, e a maior parte dela máis propia, seguramente, dunha clase dunha facultade de Economía que dun ámbito parlamentario, onde se debería falar máis da orientación política dos orzamentos. E deu vostede cifras, algunhas claramente cuestionables e outras directamente cuestionadas.

Por suposto, non podía faltar o clásico relativo ao agravio na repartición dos fondos Next Generation. Lembrará vostede, seguramente, igual que o lembramos todos, aquela listaxe inicial —por certo, ata mal maquetada desde o punto de vista da presentación— á que tivemos acceso, con decenas e decenas de proxectos nos que aparecía: «a ver, ¿que queredes facer?», nunha oferta a todo o tecido produtivo da comunidade autónoma. E nós imos incorporando esa listaxe para rematar nunhas poucas iniciativas realmente solventes.

Os PERTE, por suposto, non beneficiaron a Galicia. ¡Por suposto, ¡claro que non! Os miles e miles de traballadoras e traballadores desta comunidade autónoma que estiveron en PERTE non estiveron beneficiados polo mero feito de ser galegos, ¿verdade que non, señor Corgos?

Di vostede que Galicia non é un territorio prioritario para o Estado e que espera que o noso grupo presente unha emenda aos orzamentos. E eu pregúntolle, señor Corgos, facendo un pouco de memoria —tampouco hai que ir moi atrás, e, en caso de ser necesario recorrer á Idade Media, teriamos aquí o señor conselleiro de Educación, que nos podería botar unha man—, ¿facían vostedes emendas de devolución, emendas á totalidade, aos orzamentos que presentaban para Galicia os gobernos do señor Rajoy? ¿A que non? Non o facían, pese a que neste momento se destinan a Galicia un 30 % máis de orzamentos que na etapa de Rajoy.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E o que é verdadeiramente notable é que veña vostede aquí facer ostentación da capacidade de redución e de contención da débeda pública desta comunidade autónoma, despois dos sucesivos gobernos do Partido Popular. E digo que é meritorio porque pasamos dunha débeda por galego de 1.752 euros no ano 2009 a unha de 4.353 no ano 2021. Supoño que esta cifra non lles agrada, pero que non a cuestionará, porque son datos oficiais; é dicir, multiplicaron por tres a débeda de cada galega e de cada galego. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Bueno, eu non sei se este é un incremento razoable, se é un incremento necesario ou se é directamente un pufo para todas as galegas e para todos os galegos.

E chamoume moito a atención que, pese a defender que son uns orzamentos cun gasto social incrementado nun 6,1 % nos recursos humanos, da súa longa comparecencia dedicou 2 minutos —sendo moi laxo no cómputo do tempo— a falar do carácter social destes orzamentos.

En canto ás liñas prioritarias, farei despois mención a elas na miña intervención, porque, claro, vostede presenta aquí centos e centos de millóns de euros, digamos en bruto —ben entendido o termo «en bruto»—, sen ser quen de explicar cal é a translación real a cada galego e galega desa medida. E o certo, señor conselleiro, é que a crise económica motivada pola gran recesión do ano 2018 supuxo que a economía internacional vivise, efectivamente, tempos de moita dificultade, intensificados naquel momento polas políticas de austeridade e polos recortes nos servizos públicos, que limitaron de forma evidente as posibilidades de crecemento e a xeración de emprego, incrementando a fenda social que xa existía previamente.

E cando aínda non estabamos totalmente recuperados desa crise, sobreveu esa pandemia internacional, cuxa rapidez en evolución, tanto a escala nacional como internacional, requiriu a adopción de medidas inmediatas, provocando, ao tempo da crise sanitaria, unha crise económica e unha crise social sen precedentes. E esa crise económica, abrupta e inesperada —á que vostede tamén fixo referencia—, impactou no conxunto da economía mundial, pero, a diferenza da anterior, todos os gobernos adoptaron medidas de políticas expansivas tanto no ámbito fiscal como no monetario, convertendo deste xeito os estados nun instrumento fundamental para impulsar a economía, asistindo o tecido produtivo, mantendo o emprego e actuando como soporte para as persoas máis vulnerables.

E se ese papel dos estados foi clave naquel momento —dos máis duros da pandemia—, ese papel ten que seguir a ser fundamental na realidade xurdida este ano como consecuencia —como vostede dixo e creo que todos compartimos— da invasión de Ucraína por Rusia, con afectacións indiscutibles tamén para o ano 2023. Polo tanto, é certo que Galicia, ao igual que o resto de España e Europa, encadea tres anos de dificultades sen precedentes.

E a Xunta de Galicia presenta para o ano 2023 uns orzamentos históricos que acadan os 14.167 millóns de euros —deles, 2.499 de ingresos non financeiros—; é dicir, son 1.239 millóns de euros máis de ingresos dos que vai dispoñer, sen que nestes orzamentos se perciba a resposta que Galicia precisa para afrontar os retos inmediatos nin os retos de futuro para acadar unha comunidade autónoma máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente e sen que ninguén quede atrás.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por certo, nesa dispoñibilidade tamén inflúe a diferente forma de actuar dos gobernos respecto das comunidades autónomas —falo dos gobernos centrais—, porque mentres as liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico dos anos 2008 e 2009 se acorda, no ano 2014 —lembrará vostede quen gobernaba no ano 2014—, adialas a 240 mensualidades, a liquidación negativa desta comunidade autónoma do ano 2021 de 368 millóns de euros a asume o Estado; a de Galicia igual que a do resto das comunidades autónomas. *(Aplausos.)* Polo tanto, hai unha sensibilidade absolutamente distinta, e esa dispoñibilidade de recursos adicionais como consecuencia de que esa liquidación negativa a asume o Estado beneficia esta comunidade autónoma.

Pero a pesar de todos eses incrementos, son uns orzamentos nos que non se establecen as medidas de protección que precisa a cidadanía, fundamentalmente a máis vulnerable, nin o sector empresarial afectado por esta crise enerxética e nos que tampouco vemos que se fortalezan os servizos públicos. Porque estes deberan ser uns orzamentos que nos permitisen avanzar en xustiza social e prosperidade económica cando máis se necesita, garantir a igualdade de oportunidades e protexer a familias, as pequenas e medianas empresas e outras empresas.

Porque, mire, o terceiro Informe de conxuntura económica de Galicia do ano 2022, presentado recentemente polo Foro Económico de Galicia —non polo PSdeG—, amosa evidencias preocupantes sobre a realidade da nosa comunidade. Temos unha evolución do PIB real que amosa unha senda diverxente coa media estatal; temos unha actividade económica en Galicia que se reduce en 7 décimas con respecto a trimestres anteriores, mentres a media estatal experimenta un incremento de 2 décimas. Aínda que a afectación económica en Galicia do impacto da crise foi menor, baixando a actividade a un 82,1 %, e en España a media baixou ata o 77,7 % —é dicir, unha afectación catro puntos e medio practicamente menor en España—, hoxe estamos soamente a 1,7 puntos por enriba. E na que, se miramos a taxa de actividade, vemos que temos en Galicia un 53,2 % fronte a un 58,7 % de media do Estado. Unha menor taxa de ocupación para o conxunto do Estado e, polo tanto, estes datos —que non son do Partido Socialista de Galicia— evidencian o desacerto das políticas de emprego levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos e que nos sitúan, desgraciadamente, entre as peores comunidades autónomas do Estado.

Sabemos —é un argumento que todos compartimos, por repetido— que os orzamentos son o elemento crucial no que se orientan todas as orientacións do Goberno e, como consecuencia da ausencia de medidas ben orientadas nos últimos anos, temos unha comunidade autónoma menos dinámica economicamente e máis empobrecida. E eses orzamentos, señor conselleiro, non van contribuír a garantir un sistema de benestar e protección social nin a fortalecer a clase media e traballadora nin actuar como locomotora da economía e manter o compromiso de responsabilidade fiscal.

E todo o anterior —a equidade e a protección da cidadanía— é inseparable da garantía duns servizos públicos esenciais. Os servizos públicos son a garantía de dereitos e liberdades para os cidadáns e son a peza fundamental do estado de benestar da nosa comunidade autónoma. E o certo é que tras trece anos de gobernos do Partido Popular os servizos públicos sufriron unha evidente precarización e a sociedade así o percibe. Non é que o perciba o Partido So-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cialista de Galicia, eu non lle estou dicindo nada que no se vexa fóra todos os días e todas as fins de semana protestando pola deficitaria prestación de servizos públicos.

Pero tamén, ademais de en sanidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.)*

Se vostede non pode axudarme, entón teño que irme porque non... *(Murmurios.) (Aplausos.)* Desculpe... Si, ímolo intentar e por iso presentamos esta emenda á totalidade.

Pero dicía... Está ben un momento de distensión porque este é un debate árido, é un debate que non motiva particularmente, ¿non? Pero, ben, dicía que estes servizos públicos sufriron unha evidente precarización, non só en sanidade, tamén en educación, en vivenda, en tantos outros ámbitos.

Pero iso si, nesa desbocada competición que vostedes chaman autonomía fiscal polas rebaixas fiscais, o señor presidente da Xunta de Galicia quixo ser un alumno avantaxado e renuncia a aplicar unha fiscalidade progresiva, á vez que, evidentemente, regala —que é a forma que todos entendemos de visualizar esa baixada no imposto do patrimonio, con esa bonificación que pasa do 25 % ao 50 %-- unha media de 4.500 euros a quen menos o necesita e presenta unhas bonificacións fiscais que van rondar, vostede o dixo máis ou menos, os corenta euros ao mes de media para todas as familias. É unha medida evidentemente decepcionante, que amosa unha escasa sensibilidade co pobo galego e, lamentablemente, unha política fiscal pensada para os máis ricos.

Entendemos, en definitiva, que, dentro desta complexa conxuntura, que compartimos, que existe, mesturada cunha maior capacidade de gasto debido ao aumento das transferencias económicas do Estado, a Xunta de Galicia presenta uns orzamentos decepcionantes.

E, contextualizadas as liñas fundamentais nas que amosamos a nosa discrepancia, vou tratar no tempo que me queda —que a diferenza de vostede teño taxado, como corresponde polo Regulamento desta Cámara, como tamén no Regulamento do Senado, mal que a algún non lle guste— *(Aplausos.)* vou tratar de explicar algún dos motivos fundamentais que temos.

Mire, na Consellería de Presidencia da Xunta de Galicia hai un programa, o da Presidencia da Xunta de Galicia, que pasa de 3.700.000 euros a 6.000.000. É dicir, ten un incremento aproximadamente do 60 %. ¿E iso que quere dicir en román paladino, para que nos entendamos todos? Que o cambio de presidente na Xunta de Galicia se traduce nun gasto asociado á súa persoa moito máis elevado, un 60 % máis. E isto é o que dan estes orzamentos de si.

Os gastos en publicidade, ou se quere tamén en propaganda, non aparecen nin sequera reflectidos nos orzamentos que presenta anualmente a Xunta de Galicia, senón que son ocultados, normalmente nunha práctica opaca; que o propio Consello de Contas formula ano tras ano reiteradas peticións para que se lle poña fin a esta forma de actuar e a Xunta fai caso omiso.

Tampouco se presenta un plan de publicidade e comunicación institucional como si fai por exemplo o Goberno de España, pese ás múltiples iniciativas que o noso grupo parlamentario ten presentado.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así, nesta combinación de opacidade xunto coa inestimable colaboración da Corporación Radio e Televisión de Galicia constrúese unha realidade alternativa, unha Galicia feliz na maior parte dos casos, unha Galicia mártir das políticas do Estado cando procede. E esta é a realidade que amosan e perpetúan estes orzamentos. *(Aplausos.)*

No caso da Consellería de Economía, Industria e Innovación, o orzamento crece e consigue acadar o maior nivel de gasto e investimento dentro destes orzamentos expansivos. Pero, lamentablemente, non acerta nin no modelo nin nas medidas que precisa a economía galega. Polo tanto o maior problema non vén dado neste caso pola falta de orzamento, por un incremento inadecuado, senón na falta —como dicía— de previsión nos modelos.

Galicia require unha política económica activa que desenvolva as competencias que ten polo Estatuto de autonomía e que lle outorga o noso autogoberno, para conseguir avanzar na converxencia —que lle acabo de dicir antes, diverxente, lamentablemente, con respecto á media estatal—, converxencia económica no benestar e situarnos á vangarda da Unión Europea.

E para acadar estes obxectivos, voulles resumir o que é preciso. En primeiro lugar, modernizar a economía galega liderando a dobre transición ecolóxica e dixital.

En segundo lugar, impulsar o investimento en I+D+i —ese que vostede acaba de facer aí unha referencia á millonada que se vai investir— nunha Galicia cuxos niveis están por debaixo da media española e moi por debaixo dos niveis das rexións máis avanzadas de Europa.

En terceiro lugar, elaborar unha política industrial activa e reforzar os sectores produtivos clave do país ante os retos da transformación, con enfoques sectoriais que impliquen novas políticas agrogandeiras, pesqueiras e de comercio e servizos entre outras.

Defender e impulsar o tecido produtivo galego, dende empresas estratéxicas a pequenas e medianas empresas e traballadores e traballadoras por conta propia.

E apostar por políticas públicas de cohesión social, tamén dende a política económica.

Estes orzamentos deberían tamén asumir a necesidade de reforzar, reformar e reestruturar o Igape. Para convertelo —como ten demandado o noso grupo parlamentario sempre e a través de múltiples iniciativas— nun verdadeiro instrumento de promoción económica fronte ao novo modelo actual. E vostedes —e acaba de facer tamén referencia na súa intervención— preferiron crear unha nova sociedade para a xestión dos fondos europeos Next Generation e tamén no que atinxe a outros proxectos de dimensión para o desenvolvemento de Galicia.

Son uns orzamentos que obvian as competencias, unha vez máis, da Xunta de Galicia en materia de economía e industria, e que fallan no deseño dunha política económica acorde coas necesidades do tecido produtivo.

No ámbito da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, merece unha análise concreta o que están vostedes facendo, fixeron e van seguir coa Administración local.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, no ámbito da Administración local, o Goberno da Xunta de Galicia ten que actuar xa de forma equitativa con todos os concellos. Un reparto regrado dos fondos garante esa equidade e iso conseguiríase financiando todos os recursos cos que conta a Administración local a través dun fondo de cooperación base. Fondo de cooperación base que vostedes teñen congelado dende o ano 2011 en 113 millóns de euros, unha cantidade totalmente insuficiente, á vez que delegan competencias que son propias da Xunta de Galicia nos concellos. Co cal, sumando o incremento de prezos aos que fixo tamén vostede referencia, atopamos neste momento unha Administración local absolutamente afogada dende o punto de vista financeiro.

E a este Goberno, ao que vostede representa, o financiamento regrado non lle gusta. Esa é a realidade. Porque prefiren incrementar en máis de catrocentos millóns de euros a cantidade destinada a convenios e subvencións, porque esa forma de actuar máis opaca é o que lles permite repartir fondos de maneira absolutamente discrecional. E esa forma de gobernar, esa forma de actuar, *(Aplausos.)* señor conselleiro, ten dúas consecuencias innegables. Innegables e obxectivas.

Mire, tres de cada catro euros para os concellos galegos son condicionados. Son condicionados vía convenios ou vía subvencións. E esa é a realidade. ¿Por que? Terá que explicarlles a todos os cidadáns desta comunidade autónoma —porque todos vivimos nalgún concello— que vostedes non queren un reparto en función das necesidades reais de cada concello, senón dos criterios que vostedes definan con intereses absolutamente opacos e políticos. *(Aplausos.)* E ademais que, segundo un informe da semana pasada da Federación Galega de Municipios e Provinciais, arrastran un déficit de 624 millóns de euros pola asunción de competencias impropias ou que comparten coa Xunta de Galicia. E esta é a realidade. E se non é certo, dígallo aos concellos que forman parte da Fegamp, que ata onde eu sei hainos gobernados moitos deles —certo, que tamén lles gusta— polo Partido Socialista de Galicia, pero tamén uns cantos polo Partido Popular que tamén teñen estes mesmos problemas, aínda que posiblemente nalgún caso menores.

Mire, no ámbito ambiental, ademais dun incremento inferior á media que nin sequera iguala á inflación deste ano, está asociado ao propio incremento dos orzamentos europeos en materia medioambiental. E non vou dicir que nos regalen nada. Non me mire con esa cara, señora conselleira, son fondos que nos corresponden, pero a realidade é esta.

Mire, cando se lles oe dicir, e se lles enche a boca, que o modelo de Sogama é o modelo no que se mira Europa, un a verdade é que empeza a preocuparse. Porque un modelo no que o 64 % da valoración enerxética é incineración pura e dura, é dicir, contraria ao que debería ser, mentres hai un 18 % de reciclaxe, dá para pensar. *(Aplausos.)* Ademais de reducir un 10 % ese canon do que se beneficiaban 167 concellos dende hai anos.

No que respecta á materia de vivenda, un tema de vital importancia para a cidadanía galega, é un feito que as familias teñen cada vez máis dificultades para acceder a unha vivenda. Os prezos disparáronse arredor dun 40 % nestes últimos cinco anos, especialmente nas cidades, mentres que temos 300.000 vivendas baleiras. E as partidas consignadas pola Xunta de Galicia para o acceso á vivenda correspóndense con fondos achegados polo goberno do Estado. Vostedes son moi sensibles e teñen a pel moi fina cando se trata de cuestionar o investimento

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

do Estado e teñen unha coiraza enorme cando se trata de vender como propios fondos que, correspondéndonos, proveñen do Estado, e en moi pouquiña cantidade, señora conselleira, de fondos propios.

Pero o peor de todo iso, desa ocultación da realidade financeira... Que podo compartir que ao cidadán non lle preocupa se os fondos veñen de Europa, se veñen do Estado ou se veñen da Comunidade Autónoma. O que lle preocupa é ter fondos e, neste caso, ter vivendas. Pero claro cando vostedes presentan uns niveis de execución absolutamente impresentables —permítanme dende o respecto o uso deste termo—, a cidadanía queda moi preocupada, por non dicir directamente pasmada. É dicir, ¿como é posible que dous de cada tres euros en materia de acceso á vivenda sigan sen executar? Iso si, anuncian a semana pasada —o señor presidente— a promoción de vivenda pública, hai uns días. E eu pregúntolle... Si, si, claro que o anunciou, e ademais de anuncialo xa sería espectacular que o fixera, xa sería espectacular. Pero, en todo caso, se anunciaron neste momento esa promoción pública de vivenda, ¿que estiveron facendo todos estes anos atrás? ¿Que é, que o problema da vivenda nesta comunidade autónoma é un problema que inventan os grupos da oposición, ou é un problema que ten a cidadanía cada vez que necesita un acceso á vivenda e non atopa vivenda pública dispoñible a un prezo razoable? Esa é a realidade.

No ámbito de Infraestruturas e Mobilidade, aínda que a Axencia Galega de Infraestruturas medre un 4 % nos seus orzamentos con respecto ano 2022, son uns orzamentos pouco cribles. E voulle dicir por que en dúas razóns.

Mire, en primeiro lugar, e unha vez máis, pola baixa execución nos últimos anos das partidas fundamentais destes orzamentos. Só nos exercicios de 2019 e 2020 —segundo as súas propias contas, que seguramente deben ser tamén falsas— deixaron sen executar 131 millóns de euros en conservación, construción e explotación de estradas.

E, por outro lado, está ese estrepitoso fracaso dese Plan Move, que adquiriu a categoría de incunable administrativo, porque, evidentemente, non serviu para nada e seguramente algún historiador se dedicará nun futuro próximo a analizalo. *(Aplausos.)*

Pero, mire, en materia de infraestruturas, xa que non foron executadas pese a seren anunciadas sucesivamente, repiten vostedes partidas en obras de exercicios anteriores que levan tantos e tantos anos de parálise: a vía Ártabra, con 21 anos de retraso; a vía de alta prestacións Tui-A Garda, que estaba previsto rematar no ano 2013; a vía de altas capacidades Costa Norte; o acceso ao porto seco de Monforte, que máis seco non pode estar, xa debe ser porto de secaño en realidade, porque ese acceso segue sen facerse; a AG-59, o tramo da Ramallosa á Estrada, xa anunciada. E, tamén, o prodixio aparece este ano: a rolda leste de Lugo —esta reaparece—, que é a ronda guadiana, un ano está outro non está, pero este ano si. Consígnanse seis millóns de euros para o ano 2023 a sabendas de que é absolutamente imposible posto que nin lles da tempo administrativamente a tramitar as expropiacións, iso si, salvo que algunha candidata teña descuberto un modelo de tramitación, imos chamarlle «lóstrego», que permita que nun mes despachemos o que habitualmente leva entre ano e medio e dous anos. *(Aplausos.)* E, iso si, ao mellor ese plan experimental se desenvolve na cidade amurallada.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E en materia de transportes e mobilidade, a cidadanía galega segue a sufrir o mal funcionamento do Plan de transporte público por estrada de Galicia. Un plan que custou, señor conselleiro —e vostede sábeo—, unha millonada indecente, unha cantidade de cartos destinados durante anos ao desenvolvemento dese plan para ter un plan que non lle dá resposta ás necesidades da cidadanía, e alguén deberá asumir responsabilidades políticas por esa desfeita.

No ámbito de educación, da cultura e da universidade, a oportunidade que debera contar cuns orzamentos expansivos nun momento de crise debera ser aproveitada para garantir de forma efectiva a igualdade de oportunidades e a equidade, e estar ao carón das familias galegas e do sector da nosa cultura. Pero, pola contra, neste proxecto de orzamentos non se dá resposta a esas necesidades. E iso porque, pese a ter un incremento de arredor do 8,5 % global, nos orzamentos da Xunta de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Universidades se incrementa nun 5,19 %. No ámbito da educación, mire, temos ante nós un proxecto que debera deseñar como desenvolver un dereito fundamental como é a educación, pero nin garante a gratuidade de libros de texto pese a ser un modelo máis eficiente economicamente —e que vostedes se negan a admitir esa evidencia por unha cuestión meramente política, de *mantenerla y no emendarla*— e o certo é que ese incremento non se produce nun programa que lle daría cobertura á totalidade da cidadanía. Ou por exemplo, nos comedores escolares, que hai un incremento —permítanme cualificalo de irrisorio— do 2 %, cando todos sabemos o incremento que hai asociado á prestación dese servizo e que necesariamente, lamentablemente e tristemente vai repercutir na calidade dos menús que comen os nosos fillos e as nosas fillas nos colexios todos os días. Porque con ese incremento, evidentemente, non se vai dar un servizo de calidade. Ou ese tan vendido Plan de nova arquitectura pedagóxica que non leva, pese ao anuncio perpetuo e repetido, un incremento orzamentario que permita que sexa unha realidade. Ou no ámbito da universidade no que non se dá resposta ás necesidades das universidades públicas galegas e da comunidade universitaria nin se contempla unha medida que sería xusta e que xa se está implementando noutras comunidades, como a gratuidade das primeiras matrículas; e xa sei que me van vir coa argumentación de que temos as taxas máis baratas de toda España. Tamén, por certo, algún día, debateremos se iso mesmo ocorre coas segundas e sucesivas matrículas, non vaia ser que nos encontremos cunha diverxencia e que, efectivamente, as primeiras sexan máis baratas pero as que se repiten xa non tanto. *(Aplausos.)* Ou no ámbito da cultura e da lingua, cun peso orzamentario no que se incrementa nun 0,73 % a totalidade dedicada á cultura. Iso si, presentan vostedes uns orzamentos nos que hai oito millóns de euros no programa de cultura pero que, analizado polo miúdo, deses oito millóns de euros, 4,5 son de capítulo 1, e polo tanto asociados a persoal, e dous millóns de euros para ese pozo infinito que vén sendo a Cidade da Cultura.

No ámbito da Consellería de Promoción do Emprego, en materia de emprego, é preciso aclarar que entre os investimentos reais e as transferencias do Goberno do Estado se achegan 251 dos 381 millóns de euros consignados. E a dificultade na execución deste orzamento, así como a política continuísta, segue a ser unha realidade para o ano 2023, sen fórmulas innovadoras, o que complica que a nosa comunidade cree emprego de calidade e converte así os orzamentos nun programa de actuación meramente propagandístico. Porque, mire, volvemos unha vez máis: o Goberno galego entre o 2009 e o 2021 deixou sen gastar 1.775 millóns de euros —que se di rápido— en políticas de emprego. Estes orzamentos carecen de programas que loiten contra as altas taxas de paro feminino ou para que os mozos e as

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mozas parados de longa duración encontren unha solución á súa problemática. Mención á parte merecen as políticas LGTBI, as contas volven poñer de manifesto un ano máis que o compromiso e a obriga de velar pola igualdade real de todos os ámbitos non existe. Ou o programa de protección e apoio de vítimas de violencia de xénero.

No ámbito da Consellería de Sanidade, xa nin empezo a falar, porque aquí atopámonos ante o que poderíamos chamar as cifras oscilantes. Un día son 33 millóns de euros, ao día seguinte son 140, un día son 137 médicos máis, pero ¿sabe cal é a realidade dos orzamentos despois de que o noso voceiro en política sanitaria tivera que dedicarse durante horas a ser capaz de desentrañar a forma complicada na que vostedes presentaron o persoal da Consellería de Sanidade? Son 42 médicos, ese é o incremento: 42. Mire, de sanidade falaremos seguramente máis neste pleno e no pleno de mañá, pero a realidade está aí fóra. Temos uns datos catastróficos comparativamente co resto das comunidades autónomas. E ata onde eu sei, os médicos gozan de habilitación nacional para prestar os seus servizos en todo o ámbito do Estado. E polo tanto, haberá que explicarlle á cidadanía por que Galicia ten peores datos que outras comunidades autónomas, cando o persoal accede —dende o punto de vista de habilitación, que non de condicións de traballo— nas mesmas condicións.

Da Consellería de Política Social ¿que dicir? Non hai o máis mínimo atisbo de que se corrixa o modelo, nin tan sequera de que se anuncie de verdade a presentación dese novo modelo de prestación de servizos sociais.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: As cifras de execución nunha consellería tan absolutamente estratéxica para o benestar da cidadanía e do desenvolvemento da política social son tamén catastróficas. Hai partidas que deixan sen executar un 20 %, como a de protección e inserción social; que deixan sen executar un 14,57 %, como a atención a persoas maiores en discapacidade; unha partida orzamentaria como o apoio á conciliación da vida laboral e persoal que se reduce nun 25 % para o ano que vén.

No ámbito da Consellería do Medio Rural, a situación está moi lonxe de ser a que debuxa a idílica propaganda da consellería do ramo. É imposible fixar poboación e fomentar actividade no noso campo se cada vez teñen uns servizos públicos máis deficitarios. Hai menos médicos, hai menos profesores nos colexios —cando hai colexios, que non sempre os hai— e así sucesivamente.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: E iso, pese ao cambio de paso da Consellería do Medio Rural cun impulso lexislativo que hai que recoñecerlle pero cuxos obxectivos non se van conseguir con meros textos lexislativos. O medio rural necesita políticas transversais, necesita mellorar a renda da poboación rural, necesita a mellora dos servizos públicos, necesita recuperar a confianza no futuro do medio rural e, polo tanto, máis alá dese neorruralismo o que se necesitan son políticas efectivas. Os sectores produtivos de Galicia seguen á espera de instru-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentos que acompañen a reformada lei de calidade alimentaria para asegurar que os produtores —para entendernos— non venden a perda.

Na Consellería do Mar vemos como sobe un 9,20 %...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—si, vou rematar señor presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...pero partidas fundamentais apenas aumentan un 2 %.

En definitiva, señor conselleiro, creo que sobran razóns para que este grupo parlamentario teña presentado a emenda de devolución á totalidade destes orzamentos, aínda que creo que con pouco éxito.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías, señor conselleiro de Facenda.

Se os orzamentos son o mellor retrato dun goberno, ¿sabe o que nos din hoxe estes orzamentos que se debaten no Parlamento? Pois dinnos que estamos ante un Partido Popular insolidario e insolvente, que presenta unhas contas antisociais nas que lle quita a unha maioría para darllo a unha minoría. Dinnos, tamén, que estamos ante unhas contas fraudulentas, baseadas en datos desmontados polos expertos e dinnos tamén que estamos ante uns orzamentos nos que se debuxa a un Partido Popular soberbio, que pensa que ten a razón absoluta. Un Partido Popular que está instalado na rutina, nun funcionamento burocrático, sen proxecto de futuro para este país. *(Aplausos.)* E o máis grave de todos, un Partido Popular sen corazón, ao que nada lle importa o sufrimento de miles de persoas que o están pasando moi mal nesta crise.

Señor conselleiro, señorías do Partido Popular, ¿saben canto subiu unha botella de aceite? Un 28 %. ¿Saben canto subiu un litro de leite? Un 25 %. ¿Saben canto subiron de media os salarios neste país? Menos dun 4 %. *(Aplausos.)* Aí fóra hai miles de persoas que o están pasando moi mal, que teñen unha situación moi dura, que traballan cada día pero que non chegan a fin de mes. A esas persoas, o que lles quita o sono é pagar as facturas, é ter que ir botar gasolina ou gasóleo, é ter que enfrontarse á cesta da compra. Iso é o que lles está quitando o sono a miles de persoas no noso país.

En Galiza, o IPC está por riba da media do Estado, os salarios non están subindo conforme a ese IPC, ao contrario, mantemos un diferencial e é que as nosas pensións son as segundas

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e os salarios están por debaixo da media. E vostedes seguen insistindo nun pacto de rendas que significa que pague esta crise a maioría social. *(Aplausos.)* Menuda estafa, señor conselleiro.

E non sei se cando aprobaron estas contas —señorías do Partido Popular— no Consello da Xunta, se preguntaron como se sentirían os galegos e as galegas cando ven que o Partido Popular lles regala 34 millóns de euros a 7.700 millonarios. Ese pelotazo fiscal é unha labazada na cara de todos os galegos e as galegas que o están pasando mal. *(Aplausos.)* E, señor conselleiro, señorías do PP, unha labazada na cara de todas as familias que as pasan canutas para chegar a fin de mes e ás que, por riba, en moitos concellos o Partido Popular lles vai subir a factura da auga. É unha tomadura de pelo ás persoas maiores, que teñen unhas pensións que son as segundas máis baixas do Estado.

É curioso como este tema intentan ocultalo, e mesmo nalgún debate viñeron aquí dicirnos que isto era o chocolate do loro. Pois, mire, 34 millóns de euros que vostedes lles dan ás familias con máis patrimonio é devolverlles a Tarxeta Básica para alimentos e medicinas a miles de familias que non teñen nada *(Aplausos.)*, son 700 médicos e médicas para a unha atención primaria colapsada polos recortes e con listas de espera, son 900 profesores e profesoras —fíxense, case a cantidade que recortaron ao longo destes últimos trece anos de goberno—. Por iso insisto na miña pregunta: ¿como cren, señorías do Partido Popular, que se sente a maioría deste país cando ve este regalo fiscal aos máis ricos mentres a xente do común non chega á fin de mes ou recortan en sanidade? Deberían mirar máis aos ollos da xente do común.

En política é moi importante actuar con seriedade e con rigor porque nos ocupamos da xestión dos recursos públicos que son a suma dos impostos que paga a cidadanía. E nun escenario cambiante e complexo como o actual ninguén di que teñan que ser infalibles, pero é impresentable que este goberno traia uns orzamentos que, ademais de insolidarios, son os máis insolventes da historia. Están acostumados á *fake* realidade, a manipular a través da TVG. Pero, como fan iso, veñen aquí e pensan que é o mesmo, que poden presentarnos unhas contas falsas e que non lles digamos cal é a realidade dos seus orzamentos. Porque o certo é que son os orzamentos máis insolventes da historia e teñen previsións que son falsas.

Dinnos que o PIB aumentará un 1,7 % e é falso. Para empezar, vostedes dicían en agosto que ía ser o 2,7 %. Pero é que, fíxense, o mesmo día que presentaban as contas, cando dicían que o PIB ía medrar un 1,7 %, expertos do BBVA presentaban un informe que advertía que Galiza está moi cerca da recesión, cun crecemento que será cero, o peor de todas as comunidades autónomas. Din tamén que o emprego vai subir un 0,7 %, e é falso. Os expertos vaticinan que Galiza perderá emprego, concretamente un -0,3 %. E presumen de que a taxa de paro do ano que vén vai ser do 10 %, pero o que non nos di o Partido Popular é de onde sae esa taxa de paro. Pois sae de que prevén unha baixada da poboación activa e de que neste país temos unha regresión demográfica e un problema de emigración. É dicir, a taxa de paro non vai baixar por que haxa máis emprego senón porque cae a poboación activa por culpa da emigración e da crise demográfica. *(Aplausos.)* ¡Menudo logro, señorías do Partido Popular! *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Din tamén que son uns orzamentos históricos en atención primaria. E hai que dicilo con todas as letras: é falso se descontamos a inflación, que é fundamental á hora de medir o que pasa nunhas contas públicas. Porque é que, claro, 1.000 euros de hoxe non son 1.000 euros de 2009; se non, non se subirían os salarios os conselleiros, as conselleiras e o Goberno. *(Aplausos.)* Saben precisamente ben que os cartos de hoxe non son os cartos de 2009. *(Aplausos.)* Pois ben, se temos en conta a inflación, a atención primaria ten 321 millóns de euros menos que en 2009. E quero lembrarlles que daquela non había listas de espera de quince días para ir ao teu médico ou médica de cabeceira. *(Aplausos.)*

E é que é triste que estean empeñados en demoler a sanidade pública deste país. Impuxeron listas de espera para a cita presencial, aproveitáronse da pandemia para darlle unha nova volta de rosca ao sistema sanitario. E isto, ter listas de espera en primaria, si que é un récord histórico. E agora o Partido Popular quere impoñernos unha nova modalidade, quere que nos acostumemos a que nas urxencias nos PAC non haxa médicos e médicas senón que se atenda por telepantalla. Eu creo que o señor Rajoy nunca pensou que levarían tan lonxe o uso do plasma, *(Aplausos.)* non creo que pensase nunca iso o señor Rajoy. *(Aplausos.)* ¿Cando van deixar de atacar a sanidade pública e de poñer en risco a saúde dos galegos e das galegas? ¿Cando? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Mentira! Díganllo á xente que está na rúa que non ten médico de primaria. *(Aplausos.)* Saian de aquí e díganllelo. *(Aplausos.)* ¡Díganllelo! *(Aplausos.)*

Dinnos tamén que son os orzamentos que máis invisten en educación e é falso. De novo, se descontamos o IPC, a educación pública contará con 281 millóns de euros menos que en 2009. E, fíxense, esa cantidade de -281 é xusto o que dedican a apoiar a privada. Aí é onde se ven as prioridades do Partido Popular.

E tamén nos din —repetiuno hoxe o conselleiro— que Galiza ten moi pouca débeda. Hoxe non se atreveu a ir tan lonxe como algúns que dicían que reducían a débeda, porque é que, claro, isto é unha mentira, unha falsidade, dígano como o digan. A realidade é que triplicaron a débeda pública de Galiza até situala nos 14.156 millóns de euros. Están hipotecando o futuro das novas xeracións. *(Aplausos.)* E retorcen moito os datos, porque niso hai que recoñecerlles que son expertas e expertos. Pero, fíxense, vaiamos á realidade. En 2008 a débeda equivalía ao 6,8 % do PIB galego. Hoxe representa o 18,4 %, e por iso nestes orzamentos a partida para pagar a débeda vai medrar un 48,8 %. Pero é que, en fin, nós nunca criminalizamos o uso da débeda pública cando é para cumprir unha función social. Pero é que o PP triplicou a débeda pública de Galiza mentres recortaba na sanidade, na educación, nos servizos públicos e non era capaz de construír nin unha soa residencia para maiores. *(Aplausos.)* ¿Para que endebedan Galiza, señoras e señores do Partido Popular? *(Aplausos.)*

En definitiva, os orzamentos de 2023 son pura insolvencia, un artefacto propagandístico que ademais está sustentado en previsións falsas. E é que ¿como poden acertar nas políticas que hai que aplicar cando as súas previsións para o ano 2023 están fóra da realidade? É, desde logo, un orzamento con pés de barro.

Pero son tamén uns orzamentos insolidarios e voulles dicir por que. Porque a política fiscal do Partido Popular consiste en baixarlle máis os impostos a quen máis ten ignorando que os

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

impostos son fundamentais para unha sociedade na que se redistribúa a riqueza, e son fundamentais para poder financiar os servizos públicos. E esta é a realidade. E se queremos unha sociedade xusta, con sanidade, con educación, con atención ás persoas maiores de calidade, temos que pagar impostos dunha forma progresiva, dunha forma xusta.

Por suposto, debe pagar máis quen máis ten. Pero é que neste ámbito o Partido Popular vai en dirección contraria. Xa falei antes do pelotazo fiscal ás 7.700 persoas con máis patrimonio de Galiza. Pero é que vostedes non quedan aí, porque usan o IRPF para beneficiar as rendas máis altas. Se ingresas 12.500 euros, a rebaixa son 50 euros ao ano, pero é que, se ingresas máis de 60.000 euros, a rebaixa é de 500. E se, ademais, tes a desgraza de ter un patrimonio superior aos 6 millóns de euros, o Partido Popular —que é moi solidario— dáche un extra de 4.415 euros menos en impostos. Esta é a súa política fiscal, rebaixarlle máis os impostos a quen máis ten. Iso si, para a xente que o está pasando mal, vostedes non teñen esa xenerosidade. Porque neste país temos a miles de persoas que viven cunha pensión non contributiva, con 421 euros ao mes. Para esas persoas vostedes levan trece anos conxelando o complemento autonómico. E neste contexto ¿saben cal é a gran aportación solidaria que fai o Partido Popular? A de 14 euros ao ano. Nin che dá para un café. *(Aplausos.)* É unha auténtica desvergoña, señorías do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E hai que lembrar que cada vez que lles baixan os impostos aos máis ricos o que lles están quitando é sanidade, educación, residencias e servizos sociais á maioría dos galegos e das galegas. Así é como goberna o Partido Popular. Estes orzamentos insolidarios e insolventes son a constatación de como e para quen goberna o PP: para unha minoría. *(Aplausos.)*

Pero hai outra forma de entender a política, de entender o país; e, polo tanto, hai outra maneira de gobernar, que é a que representamos desde o BNG: con confianza en Galiza, na súa riqueza e no seu potencial, a favor das maiorías, pensando nos traballadores e nas traballadoras, na situación tan dura que viven as persoas autónomas e as pemes, e no tecido produtivo de Galiza. Quero dicirlles aos galegos e ás galegas que viven con preocupación esta crise que hai outra maneira de gobernar e que hai outra maneira diferente de xestionar os recursos públicos pensando na maioría e poñendo en marcha políticas que poñan a funcionar o enorme potencial que temos en Galiza. Por iso vou explicar a proposta do BNG partindo do proxecto que temos sobre a mesa, un corsé que non podemos evitar porque estou convencida de que o Partido Popular non vai aceptar o que sería razoable: a retirada destes orzamentos para que se puidesen negociar unhas contas solidarias, solventes, e que nos permitisen encarar con esperanza o futuro. Pero, aínda con esta limitación, o BNG propón unha alternativa con dúas patas: reorientar o destino de 1.764 millóns de euros e aplicar unha política fiscal valente na que pague máis quen máis ten —empezando por aqueles que se están forrando coa subida de prezos—.

E, fronte a un Goberno do PP que se pon do lado das eléctricas, un Goberno do BNG poñería en marcha unha política fiscal, unha batería de medidas fiscais, para que o *lobby* eléctrico pague máis. ¿Como? Pois espremendo as escasas competencias que ten Galiza. Primeiro, facendo que as eléctricas paguen o canon eólico en función da potencia instalada nos parques e non en función do número de muíños, porque neste momento están incrementando a potencia e están pagando menos impostos. *(Aplausos.)* E este cambio aportaría 25 millóns de

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

euros ás arcas públicas. *(Aplausos.)* Segundo, subindo o imposto por dano ambiental provocado polos encoros das eléctricas, o que nos permitiría recadar 24 millóns de euros máis. E, terceiro, cun imposto ambiental de nova creación sobre as redes de alta tensión. En cifras, 1 millón de euros de recadación.

Temos poucas competencias pero podemos utilizalas. Eu non sei se vostedes saben o que gañaron as eléctricas no primeiro semestre deste ano. Iberdrola, Endesa e Naturgy, estas tres empresas, no primeiro semestre deste ano gañaron 3.548 millóns de euros, un 24 % máis. E vostedes, señores e señoras do PP, aínda pretenden rebaixarlles os impostos coas emendas que presenta o Partido Popular. De verdade, deixen de abrazarse ás eléctricas e pensen nas familias que non poden pagar a factura da luz. *(Aplausos.)*

Seguindo coa nosa alternativa fiscal. Fronte a un Goberno do Partido Popular que lles baixa máis os impostos a quen máis ten, un Goberno do BNG reduciría a 300.000 euros o mínimo exento do imposto de patrimonio, descontando a vivenda habitual. Esta medida permitiríanos pasar do seu pelotazo fiscal de 34 millóns de euros á xente de máis patrimonio a poder ter 60 millóns de euros máis para a sanidade, para a educación ou para os servizos públicos. *(Aplausos.)* Fronte ao Goberno do PP que baixa máis os impostos a quen máis ten, un Goberno do BNG aumentaría de 5 a 8 os tramos do IRPF para facer máis progresivo o imposto da renda. Isto permitiríanos gañar en xustiza fiscal e tamén recadar 30 millóns de euros adicionais.

E permítanme aquí que lles faga un apuntamento tamén sobre a letra pequena entre o que nos anuncia o Partido Popular e logo o que poñen nos orzamentos. Aquí anunciouse a bombo e prato que ían deflactar o IPC no imposto da renda. Pero é que isto tamén é falso, porque vostedes non están utilizando a inflación acumulada, que é do 6,3 %, senón a enquisa trimestral de custos laborais, que está dous puntos por debaixo. Fan unha deflactación de saldo por debaixo da subida de prezos. *(Aplausos.)*

E, finalmente, un Goberno do BNG pensaría en que temos dereito a que a xente teña unha vivenda digna e que hai que utilizar a política fiscal tamén nese ámbito. Poñeriamos en marcha uns impostos para eses grandes tenedores de vivenda que permitiría recadar máis recursos. Igual que poñeriamos en marcha un imposto ás grandes superficies comerciais. Todo isto sumaría 20 millóns de euros máis.

Estamos falando de que se pode ter máis capacidade de recursos para poder enfrontar a crise cunha política fiscal progresiva, valente e xusta para que pague máis quen máis ten, e de que podemos actuar sobre os beneficios millonarios das eléctricas, que se forran cun ben básico que, por riba, se produce utilizando a riqueza natural de Galiza. En total, a proposta fiscal do BNG supón 220 millóns de euros máis, uns recursos que se poderían utilizar para axudar a quen máis o precisa e reforzar os servizos públicos.

A outra parte da nosa alternativa —tendo en conta que este é sempre un debate moi limitado— é reorientar o investimento. Un Goberno do BNG cambiaría o destino de 1.764 millóns de euros para dirixilo a catro grandes prioridades. A primeira é axudar a quen máis o necesita nesta crise. A segunda, reforzar os servizos públicos e as políticas de igualdade de xénero. A

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

terceira, apoiar o tecido económico e sentar as bases dun novo modelo produtivo. E, a última, afrontar os retos da emerxencia climática.

É evidente que no medio desta crise a primeira urxencia é axudar a quen máis o necesita. E para iso é necesario que se poñan en marcha unha serie de medidas que o Goberno do Partido Popular está freando e que impulsariamos desde un Goberno do BNG.

A primeira é recuperar a Tarxeta Básica para a compra de alimentos e de medicinas, cunha partida de 12 millóns de euros. Isto significaría darlles ás familias que están nunha situación moi delicada —aquelas que están nunha situación de pobreza— un mecanismo de axuda áxil e digno. Non queremos políticas de beneficencia, queremos políticas que teñan no centro as persoas. *(Aplausos.)*

O BNG subiría o complemento autonómico das pensións non contributivas cunha partida de 40 millóns de euros. Estamos falando de 1.000 euros máis cada ano fronte aos míseros 14 euros que vai subir o Partido Popular para as pensións máis baixas do noso país.

Propoñemos tamén unha reordenación de toda a política vinculada coas axudas ás persoas con menos recursos camiñando cara a unha renda galega de inserción laboral, cunha partida de 50 millóns de euros —que sería compatible co salario cando non chegue para ter condicións de vida dignas—.

E nesta prioridade de axudar a quen máis o precisa tamén quero destacar outras medidas: 25 millóns de euros para axudar as familias con fillos e fillas estudantes cuxa renda per cápita non supere os 12.000 euros —non queremos que esta crise deixe atrás no sistema educativo a ningún neno ou nena do noso país—; 20 millóns de euros para universalizar os comedores escolares, porque sabemos que son un mecanismo fundamental de conciliación pero que tamén son moi importantes para eses nenos e nenas que viven en fogares que están en risco de pobreza, que cada vez son máis.

E, precisamente, para atallar ese problema, o da pobreza infantil, propoñemos que se cree un bono familiar de loita contra a pobreza na infancia e na adolescencia con 24 millóns de euros. Queremos atender unha dura realidade: o 30 % da poboación infantil e xuvenil está vivindo en fogares en risco de exclusión social, a cifra máis alta da última década.

E quero destacar tamén as medidas para facilitar unha mobilidade nun momento en que os gastos de transporte son unha carga para moitas familias. Propoñemos unha tarxeta plana intermodal cun custo de 30 euros/mes.

A segunda prioridade é reforzar os servizos públicos e as políticas sociais. E fronte a un Goberno do PP empeñado en deteriorar os servizos públicos, un Goberno do BNG reforzaría os servizos públicos e os dereitos da cidadanía, empezando por un plan de rescate da atención primaria dotado con 200 millóns de euros, que é unha pura urxencia e unha pura decencia despois de todo o vivido. *(Aplausos.)*

Porque vostedes falan de que aumentan 137 millóns de euros en atención primaria, pero é que, cando imos ver onde están eses 137 millóns de euros, o que vemos é que isto funda-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentalmente é a suba salarial do persoal que xa existe, as horas extra coas que sobrecargan o persoal e gastos que teñen que ver co funcionamento ordinario dos centros. Pero o que non vemos é onde está a aposta por novo persoal, porque os edificios moi bonitos non tapan o problema que temos na sanidade pública neste país, *(Aplausos.)* que queren substituír médicos e médicas por pantallas.

Tamén propoñemos un plan para eliminar as listas de espera en consultas e en quirófanos, porque esas listas de espera non pararon de medrar. Incorporamos ese plan con 149 millóns de euros. E, por suposto, cremos que hai que dotar de recursos os anuncios que vostedes fan. Porque vostedes anunciaron un plan de atención á saúde mental e á prevención do suicidio, pero non dotan orzamentariamente ese plan. E nós propoñemos que se establezan 21 millóns de euros para a execución dese plan no ano 2023. Fronte ao desleixo do PP, un Goberno do BNG tería a atención á saúde mental como unha prioridade, porque non podemos esquecer que vivimos nun país que ten a maior taxa de suicidios do Estado e onde hai dez mil persoas esperando pola primeira consulta de psiquiatría.

E, dentro dese reforzo dos servizos públicos, quero destacar outras tres medidas que me parecen que son especialmente importantes.

Saímos dunha pandemia que nos deixou moitas lecciónns. Unha delas é que o coidado das persoas maiores ten que cambiar. Con todo, o Partido Popular non ten ningunha aportación para ese cambio de modelo, por iso, fronte a un PP que está empeñado en seguir convertendo a atención aos maiores nun negocio, o BNG defende un novo modelo de residencias cen por cento público, no que teñen que estar os sete centros previstos nas cidades. E para iso reservamos unha partida de 90 millóns de euros. *(Aplausos.)* Señorías, ¿como é posible que, despois de todo o que pasou, sigan regando cada ano con 90 millóns de euros o sector privado, que fai negocio co coidado das persoas maiores? *(Aplausos.)* Si, si, son un Partido Popular sen corazón.

Tamén nos parece importante a educación. E fronte aos recortes do PP propoñemos un plan para reforzar profesorado e recuperar horario lectivo con 50 millóns de euros.

E, por último, é fundamental loitar contra a violencia machista. Propoñemos que se destine o 1 % do orzamento para que haxa máis medios e máis recursos, porque estamos fartos e fartas de palabras baleiras. Para loitar contra a violencia de xénero, ¡1 de cada 100 euros dos que ten a Xunta de Galiza! *(Aplausos.)*

Outro tema que cada vez preocupa máis é o acceso á vivenda. E hai que denunciar que o PP abandonou a política de vivenda pública. Vostedes mesmos dixeron que o seu obxectivo para o período 2015-2020 eran 870 novas vivendas de promoción pública. Construíron 40 e, sistematicamente, deixan sen executar os orzamentos de vivenda a pesar de que hoxe son un 50 % inferiores aos que había hai trece anos. Desde o BNG apostamos por políticas que faciliten o acceso a unha vivenda a prezos que a xente poida pagar. Por iso a nosa alternativa inclúe medidas para axudas ao alugueiro, especialmente para facilitar a emancipación da xente nova e impulsar un fondo de rescate hipotecario.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A terceira prioridade é apoiar os sectores produtivos. Fronte a un Goberno do PP que os ignora, un Goberno do BNG usaría os orzamentos para unha nova estratexia económica, empezando por un plan galego de ciencia dotado con 300 millóns de euros. Porque a Galiza do futuro pasa polo coñecemento, pola investigación, pola innovación. En segundo lugar, hai que fomentar a actividade tecnolóxica industrial, e por iso propoñemos 50 millóns de euros destinados a esta finalidade. E, por último, darlle un balón de oxíxeno a unha das bases da nosa economía, que son as pequenas e medianas empresas. Se xa o estaban pasando mal, coa suba dos tipos de interese xa non o van pasar mal, van pasalo moi, moi mal. Por iso queremos que se poñan en marcha axudas directas ás pemes e que tamén haxa un apoio aos sectores económicos, por exemplo, vinculados coa cultura.

A cuarta prioridade é combater a emerxencia climática fronte a un Goberno do PP que a ignora ou que mesmo defende medidas que literalmente incrementan o cambio climático. Nós cremos que enfrontar este problema pasa, primeiro, por enfrontar o problema que temos no ámbito do noso medio rural. Porque temos un grave problema, como son os lumes e a despoboación. Nesa dirección propoñemos un plan de impulso dun monte vivo e multifuncional con 25 millóns de euros e 30 millóns de euros para mobilizar superficie agraria útil e recuperala. Porque, se algo temos claro, é que hai que camiñar cara á soberanía alimentaria e que ningún país que non teña unha base produtiva forte é un país con futuro. *(Aplausos.)* E tamén incluímos a loita contra a contaminación con 70 millóns de euros para a recuperación integral das rías galegas e 15 millóns para impulsar un novo modelo enerxético fronte ao cambio climático.

Teño que deixar aquí a miña intervención porque, como sabe o conselleiro, nós temos tempo limitado e, polo tanto, quedan moitas máis cousas que se poderían... *(Murmurios.) (Pausa.)*

¿Non sei se podo seguir? *(Murmurios.)*

Ben, grazas.

Moi ben, quero rematar cunha petición ao Partido Popular. Estamos nun momento moi duro. Seguir con propostas insolventes, fóra da realidade, que sitúan estes orzamentos lonxe do que necesita este país, é xusto o contrario do que se necesita nun momento tan complicado. Vostedes saben que estes orzamentos non son os que necesita Galiza para saír da crise, que hai que facer un cambio que permita reorientar as contas públicas para darlles unha alternativa real aos galegos e ás galegas. O BNG cre que o mellor sería que os retirasen. Sabemos que non o van facer. Teñen a nosa man tendida para melloralos. Agardo que abandonen a soberbia e que non veñan aquí simplemente a pasar o rodillo parlamentario.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Ten agora a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Grazas, señorías.

Grazas polas súas achegas, que escoitei con interese e que, sen dúbida, nalgunhas cuestións poderiamos acordar algún dos seus termos, pero que no fondo parten de plantexamentos profundamente diferentes e nalgúns casos difíciles de implementar, como moitas das axudas tributarias ás que fixo referencia a señora Pontón. Porque, tal e como veremos no debate de hoxe á tardiña, están mal construídas.

Dicía o señor Álvarez que este é un debate de números e que dixen moitos números. Efectivamente, se no debate de orzamentos non falamos de números, mal imos. E é porque queremos que estes sexan os números que constitúan —como dicía antes— o impulso que Galicia necesita para superar esta difícil situación que ninguén oculta. Nós recoñecemos o problema e penso tamén que concorda coa súa diagnose. Todos coincidimos en que hai un problema de suba de prezos importante, como puxo de manifesto moi graficamente a señora Pontón, e todos coincidimos en que hai un problema de desaceleración da economía moi importante. Polo tanto, o plantexamento de partida é semellante.

O señor Álvarez comezaba a súa intervención referíndose aos fondos Next Generation. Dicía que dende Galicia se achegaron poucas iniciativas solventes. Dende Galicia fixemos un traballo moi rigoroso, xa ao mes de presentarse a iniciativa Next Generation pola Unión Europea, para mobilizar proxectos público-privados, porque eramos conscientes de que o tecido económico da comunidade autónoma precisaba esa dinamización e pórse en marcha para captar fondos.

Logo penso que tivo un lapsus entre «PERTE» e «ERTE». Eu non falei dos ERTE para nada, falaba dos PERTE, que son os que mobilizan os proxectos público-privados. Pero entendo que calquera poder facer referencia de forma confusa a estes termos.

O que si me gustaría dicir é que, do total dos fondos do Mecanismo de Recuperación, están adicados a achegas non reembolsables, como ben saben, 77.234 millóns de euros. E como ben saben tamén —e de aí o meu chamamento a un acordo para pedirlle ao Goberno central que nos deixe intervir máis na xestión dos proxectos público-privados e acelerar esta xestión— deben estar comprometidos antes de finalizar o ano 2023; é dicir, o ano ao que se refire a formulación das presentes contas.

Os recursos do Mecanismo de Recuperación asignados polo Goberno central á comunidade autónoma ascendían a 31 de outubro deste ano a 1.285 millóns de euros. Proceden de distribucións en conferencias sectoriais, convocatorias, convenios e axudas directas por real decreto. E esta contía non chega ao 6 % do total dos fondos distribuídos entre as comunidades autónomas, por iso dicía que era unha contía que converxe en certa medida co peso poboacional da comunidade autónoma. Pero, se pretendemos que estes fondos teñan un carácter cohesionador, a asignación de recursos debería ser inversamente proporcional á renda per cápita. E se trazamos un mapa de España por comunidades autónomas e vemos como se están a repartir estes fondos, podemos ollar como precisamente as comunidades autónomas con máis renda per cápita están captando máis fondos —refírome a Madrid, Aragón e Cataluña—; e outras comunidades con menos renda per cápita, ou con renda per cápita por

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

debaixo da media —como Galicia ou mesmo Andalucía—, están sendo destinatarias duns fondos inferiores aos que lles corresponderían por ese peso per cápita.

Independentemente desta asignación asimétrica, podemos dicir que ata o momento Galicia recibiu, deses 1.200 millóns asignados, 937 millóns de euros, que xa ten mobilizados na práctica e dos que o 70 % xa son expedientes de gasto autorizados —polo tanto, con convocatorias e licitacións publicadas—.

Pola contra, no que atinxe aos PERTE, que son a política de gasto que máis nos interesa, porque son os que teñen a capacidade de financiar proxectos transformadores e dar un pulo á industria da comunidade autónoma —que recibiu certamente un forte impacto pola transición enerxética acelerada que estamos a vivir—, a Administración central anunciou convocatorias por importe de máis de 30.000 millóns, mentres que ata o día de hoxe só lanzou convocatorias por valor de 10.500 millóns de euros das que só executou o 37 %. Deste 37 % só o 3,9 % chegou a Galicia. É dicir, estase financiando só un 3,9 % dos recursos asignados a empresas galegas cando, como dicía antes, o noso peso está ben por riba do 5 % respecto ao PIB nacional e o noso peso poboacional está preto do 6 %. A iso era ao que me refería e por iso o meu chamamento a todos os grupos, dende o PSdeG ao Bloque —que tamén está un pouco ausente neste debate dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia—, para acelerar e empuxar por esta asignación para proxectos galegos.

Falaba vostede despois da débeda, da débeda por galego. Evidentemente, xa o dixen eu mesmo. É unha obviedade que a débeda medrou. É que hai que ter un pouco de memoria, señor Álvarez. Eu non estaba aquí, pero estaba na cociña no ano 2009 e 2010 elaborando os orzamentos. E cómpre lembrar que naqueles anos os orzamentos baixaban un 5 % no 2010 e un 11 % no 2011. E para blindar os servizos públicos fundamentais había que endebedarse máis, señora Pontón. Por certo, no ano 2010 e no ano 2011, ¿quen gobernaba?, ¿quen era o que elaborou esas entregas á conta? Creo que foi o presidente Zapatero.

Pois ben, claro que Galicia non renunciou a exercer a súa capacidade de endebedamento para blindar os servizos públicos fundamentais nesas datas. Pero, aínda así, fomos quen de endebedarnos con sentidiño, como fan a maioría das cousas os galegos. E fomos quen de manter unha senda de débeda seria e rigorosa. E por iso pasamos dunha situación no ano 2008 —comparándonos cos demais, que é como se deben facer as cousas, non en termos absolutos, que non ten ningún sentido, como poden entender— dunha ratio débeda-PIB superior á media nacional, á media das comunidades autónomas, a que no ano 2021 —último ano pechado— estivésemos en 7,4 puntos inferiores á media nacional. A iso é ao que nos queremos referir cando falamos da nosa senda de endebedamento rigorosa.

Por tanto, hai un endebedamento controlado, que tamén ten o seu corolario —ao que tamén se fixo referencia— no custo dos xuros sobre o total do endebedamento. Porque nós somos unha administración que adica máis recursos para financiar os servizos públicos fundamentais e menos recursos para financiar o pago dos intereses da débeda. Por exemplo, cando gobernaron vostedes, no ano 2008, último ano completo no que gobernaron, adicaban 146 millóns de euros —o 1,34 % do gasto non financeiro— a pagar os intereses da débeda; é dicir, a pagarlles aos bancos —o que tanto lle gusta á señora Pontón en función das análises

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de conxuntura que toma como referencia—. E nestes orzamentos o custo da débeda é de 74,5 millóns de euros, neste 2022, que crece en 30 millóns. É dicir, 72 millóns de euros menos entre 2022 e 2008 —un 0,65 % do gasto non financeiro—. Polo tanto, nós adicamos menos recursos a pagarlles aos bancos e máis recursos a financiar os servizos públicos fundamentais. Por certo, cifra, curiosamente, moi coincidente coa recadación do imposto sobre o patrimonio —eses 72 millóns de euros—, que nós non rebaixamos co fin de beneficiar a ninguén, baixámolo co fin de dinamizar a actividade económica e de fomentar o emprego.

Galicia pasou de estar entre as comunidades autónomas que máis porcentaxe do seu orzamento adicaba a xuros —posto 12 de todas as comunidades autónomas— a ser a terceira comunidade autónoma que menos orzamento adica a pagar os xuros da débeda. O tipo medio do conxunto da carteira da nosa débeda é o 0,85 %, e isto débese a ese comportamento serio e rigoroso da senda de endebedamento. Este xuro representa o nivel historicamente máis baixo da comunidade autónoma, un 0,79 % menos que o tipo medio da carteira de débeda do Estado ao peche do ano 2021.

Toca falar agora un pouco do modelo fiscal da Xunta de Galicia, ao que xa fixemos referencia. Pero antes tamén querería facer referencia á achega que fixo tamén vostede —achega intelectual— sobre o tema das liquidacións negativas do ano 2008 e 2009. Dicía que o que apoiaba o Goberno da Comunidade Autónoma foi o que prexudicou coas liquidacións negativas, que foi o Goberno do Partido Popular. Non é certo. As liquidacións realízanse aos dous anos da realización do pago á conta e, polo tanto, a liquidación do ano 2008 fíxose no ano 2010. ¿Quen gobernaba no ano 2010? O presidente Zapatero. E a do 2009 fíxose no ano 2011. ¿Quen gobernaba e quen determinou que había que pagalas non en vinte, ¡en cinco anos!, esas liquidacións negativas? O Goberno do presidente Zapatero, poñendo ao bordo da creba a todas as comunidades autónomas.

En canto ao modelo fiscal da Xunta de Galicia é un modelo consolidado durante máis dunha década, como dixen antes, e por iso nós nos fixamos na evolución adicional das diferentes rebaixas fiscais. Porque temos unha folla de ruta clara, non facemos seguidismo e só pensamos nos intereses dos galegos. Somos previsibles contra as incertezas. Van catro rebaixas de IRPF en nove anos para favorecer as rendas medias e baixas. Os galegos aforrarán de media na declaración da renda de abril 476 euros en relación cos que pagaban no ano 2009. E Galicia é a comunidade autónoma con mellor tratamento fiscal no imposto de sucesións e doazóns: un 99 %, un 99,9 % exactamente, das herdanzas por familiar directo que non tributan. Tamén temos o «imposto cero no rural», que é a nosa forma de dinamizar o medio rural.

Para este ano traemos algunhas medidas no IRPF que se centran en beneficiar en especial as rendas medias e baixas, como a rebaixa do tipo do primeiro tramo da deflación dos tres primeiros tramos da renda; rebaixa que tamén nas súas emendas puiden comprobar que vostedes toman como referencia pero con magnitudes diferentes, polo que lles dou a en hora boa por engadirse ás políticas de gasto de alivio fiscal neste contexto tan complicado de suba de prezos para os cidadáns con rendas máis baixas.

Un dos problemas acaecidos é que persiste na complexa situación económica actual unha elevada inflación provocada polo encarecemento da enerxía, dos alimentos —como saben—

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

e doutros produtos que reducen o poder adquisitivo das galegas e dos galegos. Isto fai preciso acometer determinadas reformas fiscais no IRPF, facendo uso das limitadas competencias normativas das que dispón a Comunidade Autónoma, que contribúan a conter os efectos sobre a cidadanía galega e que axuden a combater a escalada de prezos. Así, na senda iniciada pola Xunta dende o ano 2014, que se continuou no ano 2016 e no ano 2022, adóptanse unha serie de medidas, con efectos dende o 1 de xaneiro do ano 2022, rebaixando de novo o tipo aplicable ao tramo autonómico máis baixo do IRPF, que pasa do 9,4 % ao 9 % —rebaixa que tamén toman vostedes como referencia e recollen nas súas emendas, como pola tarde poderemos comprobar—, co obxecto de beneficiar novamente as rendas máis baixas —en especial, as rendas nas que se sitúa o 44 % dos declarantes—. Con base no incremento do custo salarial total nacional que reflicte a enquisa trimestral de custo laboral elaborado polo INE para o segundo trimestre do ano 2022 —un 4,3 % a nacional, a galega é lixeiramente máis baixa— defláctase ao 4,3 % a tarifa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica, onde se atopa o 84 % dos declarantes.

¿E por que facemos isto? Porque o feito impoñible, como ben saben, do imposto sobre a renda das persoas físicas son os salarios das persoas. E o que tentamos facer deflactando é neutralizar o incremento de salarios que se fai polo incremento dos prezos que realmente non supón unha maior renda dispoñible para as familias. E por iso deflactamos nesta contía. Como na cota final que se paga tamén inflúe o mínimo persoal e familiar —isto é, a contía que se considera precisa para subsistir e, por tanto, non tributa—, é preciso actualizar os devanditos mínimos incrementándoos na mesma porcentaxe. Se non, pasaríanos o que lles pasou aos señores do PSOE, que tamén adoptan esta medida pero non axustan o mínimo familiar, co cal o resultado é un auténtico churro, como veremos hoxe á tarde.

O obxectivo que se pretende lograr con estas medidas é o de corrixir a denominada progresividade en frío, e evitar o impacto que para os perceptores de rendas, na súa maior parte procedentes do traballo, supoñen os aumentos salariais derivados do incremento do IPC. Téntase evitar que se vexan incrementados os seus impostos cando non dispoñen dunha maior renda, como dixen antes, nin dunha maior capacidade económica, e de que, dada a progresividade do imposto, os contribuíntes tributen en tramos superiores da tarifa.

Se sumamos a medida de baixada da tarifa aplicada o pasado ano, que entra en vigor no presente exercicio, na presente declaración que se presenta esta primavera, con estas dúas medidas que adiantamos a este propio exercicio económico, as rebaixas aforrarán 128 millóns de euros aos contribuíntes galegos. Por certo, vostedes nas súas emendas, aínda que copian as medidas, non adiantan a entrada en vigor e, polo tanto, aplicarán a súa medida cando xa non haxa inflación no vindeiro ano.

A medida afecta ao cen por cento dos declarantes do IRPF —que segundo os datos publicados pola Axencia Tributaria para o ano 2020 foron 1.358.533 contribuíntes— pero en maior medida ás rendas medias e baixas, que poden chegar a deducir un 15 % da súa cota as máis baixas fronte ao 3,5 % que poden minorala as rendas máis altas.

Continuamos falando do modelo fiscal da Comunidade Autónoma, e non podo deixar de facer tamén referencia ás súas consideracións sobre o imposto sobre patrimonio. Efectivamente,

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a memoria 1 recolle o importe dos beneficios fiscais que se aplican nas diferentes figuras tributarias, e o que impacta nos orzamentos deste ano son 17 millóns de euros. Estes 17 millóns de euros son a minoración de ingresos que temos e a minoración da capacidade de financiar gastos neste orzamento. Defínense os beneficios fiscais como as diminucións de ingresos tributarios que presumiblemente se producirán ao longo do ano como consecuencia da existencia de incentivos fiscais orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

No que atinxe ao imposto sobre o patrimonio, as contas para o 2023 recollen esta bonificación na cota —como dicía— de 17 millóns de euros. O importe total dos beneficios autonómicos no imposto sobre o patrimonio —páxina 80 da memoria 1— impacta 17,25 millóns de euros —bonificación máis outras deducións— nos ingresos para 2023. ¿Saben cal é o importe dos beneficios estatais sobre o imposto sobre o patrimonio para o vindeiro ano? É de 171,38 millóns de euros. Polo tanto, non se entende o seu discurso asimétrico para o que fai a Comunidade Autónoma e para o que fai a Administración xeral do Estado. Non somos conscientes de que se presentase ningunha emenda respecto disto nos orzamentos xerais do Estado por ningún dos grupos da oposición.

O Goberno galego é previsible, temos a nosa folla de ruta marcada dende o inicio da lexislatura. Dixémolo ben claro nos pasados orzamentos. A bonificación do imposto segue o vieiro xa anunciado o pasado ano, xa que non mudaron as circunstancias dende entón. Estamos perante un imposto obsoleto —de competencia estatal, cómpre lembralo— e falto de equiparación nos países da nosa contorna, que penaliza o aforro e non cumpre as súas principais finalidades atribuíbles a el. Non cumpre o seu fin recadador —apenas recada o 0,6 % dos ingresos tributarios totais—, non cumpre o seu fin redistributivo, non cumpre o seu fin asignativo e non cumpre o seu fin de engadir equidade ao sistema fiscal. É máis, causa importantes distorsións no sistema tributario, con incentivos perversos. En efecto, ante a inexistencia deste tributo en países veciños —en todos os países da Unión Europea, pero en especial no veciño Portugal—, coa competencia fiscal respecto do noso país, os contribuíntes poden optar por mudar de domicilio para non facer fronte a esta tributación. E niso é no que pensamos os que temos a responsabilidade de gobernar. Porque, se ben é lamentable contar con figuras tributarias que expulsen os contribuíntes dun espazo fiscal, a penalización recadatoria de botar fóra un gran patrimonio é tripla: perda recadatoria directa no imposto sobre o patrimonio, perda recadatoria no imposto sobre as rendas das persoas físicas —estimamos que se perden tres euros no IRPF por cada un de recadación que se perde no imposto sobre o patrimonio— e perda dun patrimonio que podería financiar investimentos produtivos.

O seu problema, señorías, é que por ideoloxía están a disociar o axente produtivo, as empresas e os emprendedores, do benestar. E iso é un profundo erro. Reter as empresas e os empresarios e os seus patrimonios xera actividade, a actividade xera emprego e o emprego reduce a pobreza. Son dúas formas de ver a dinamización da economía e a loita para a redución da pobreza.

Non vou falar do imposto sobre a solidariedade, pero si que me gustaría falar un pouquiño do resto dos beneficios fiscais, porque non lles prestaron especial atención —quizais sexa

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

porque mostran unha contía moi superior os tributos dos que acabamos de falar—. Pero en termos globais adícase un 91 % deste beneficios fiscais a ser ingresos de corte social. Son considerados como ingresos que a Xunta deixa de percibir para que revertan nos cidadáns. Son de carácter social máis do 91 %, como dicía; é dicir, a favor das familias galegas, e con especial incidencia en colectivos como mozos, persoas con discapacidade, maiores e familias numerosas. Polo tanto, nin se dirixen aos que máis teñen nin, por ser irrisorios, deben deixar de existir.

No tocante á eficiencia dos beneficios fiscais, podemos distinguir entre aqueles beneficios cuxo obxectivo principal é pór á disposición dos contribuíntes unha maior contía de renda para atender a determinados gastos, entre os que se sitúan as axudas á natalidade, a familias numerosas, ao acollemento, ao coidado de fillos menores, ao alugueiro e compra de vivenda para determinados colectivos, como discapacitados, mozos ou familias numerosas, nas que os requisitos para o seu goce acreditan a necesidade do gasto, polo que o aforro que supón o menor ingreso do imposto xa supón o logro do obxectivo da eliminación das desigualdades que persegue o beneficio fiscal concreto, aumentando a renda dispoñible dos colectivos afectados.

Temos tamén aqueles beneficios fiscais que buscan un determinado comportamento en certos axentes económicos, como as deducións no IRPF para empresas de nova creación que exixen un determinado nivel de emprego, polo que a súa obtención está vencellada a aumentar o nivel de emprego, ou os beneficios do imposto de sucesións e doazóns ás empresas cuxo obxectivo sexa o mantemento da actividade empresarial, ou o beneficio aos herdeiros que transmiten leiras rústicas non empregadas a empresarios agrarios, no que o beneficio está condicionado a esa posta á disposición —polo que xa se logra o obxectivo da mobilización agraria da terra—.

Respecto a taxas e prezos, dos que tampouco se falou aquí, os beneficios fiscais que se aplican nelas acadan os 270 millóns de euros. É de destacar a importancia predominante que teñen as subvencións reguladoras correspondentes aos prezos públicos. E así podemos dicir que adicamos máis destes 270 millóns de euros a estas subvencións reguladoras no eido dos prezos e das taxas. Pero nos prezos da área social investimos 154,3 millóns de euros —a maior parte para subvencionar o custo das residencias públicas de maiores da comunidade autónoma—.

Na área de educación o investimento rolda os 96 millóns de euros —95,8 millóns de euros—, tamén de subvencións reguladoras en diferentes servizos educativos. Na área de xuventude e noutras áreas superan os 9 millóns de euros. O total son 270,8 millóns de euros. Polo tanto, no eido dos prezos tamén realizamos un importante esforzo en materia de subvencións reguladoras na área de beneficios fiscais, que se complementan coas correspondentes medidas de gasto pero que se deben ter en conta de xeito conxunto.

Coa finalidade, en efecto, de mitigar os efectos da inflación na renda dispoñible das familias, melloramos as partidas correspondentes ás axudas nos eidos educativo, social e económico, como ben saben, para apoiar os máis vulnerables.

Destaca o esforzo orzamentario que reflicten as contas para o ano 2023 para axudar as familias como consecuencia dos incrementos dos prezos tanto enerxéticos como do resto dos

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

produtos que consomen. Porén, as medidas van encamiñadas aos máis vulnerables —construíndo unha sociedade máis solidaria cun apoio decidido a prol das familias e das persoas— con esta combinación de gasto público e beneficio social.

No eido educativo acontece o mesmo. No eido educativo tamén se falou aquí do investimento en comedores escolares. O investimento en comedores escolares medra máis dun 10 %, o que pasa é que está nun proxecto de gasto que se comparte co transporte escolar, e que, pola celebración de novos concursos de transporte, vai requirir menos investimento; pero, como digo, as contías adicadas a comedores escolares medran máis dun 10 % neste orzamento. No eido educativo, como dicía, recóllese un conxunto de medidas de apoio ás familias con fillos, co incremento das axudas para material escolar e conxelando as taxas universitarias de todos os graos e posgraos. Destaca o Bono Familia Escola, dotado con 10,5 millóns de euros, que duplica a contía que existe nos actuais orzamentos da Comunidade Autónoma, para outorgar axudas a material escolar a máis de 140.000 familias —recollendo os efectos da suba de prezos e aumentando a poboación diana, as familias ás que vai adicado este beneficio—. E tamén, cómo non, implementando a gratuidade das escolas infantís de 0 a 3 anos cun custo adicional de 55 millóns de euros —ata os 105 millóns de euros en total—, que beneficiará a 30.000 familias. Á parte de beneficiar economicamente as familias, penso que é a medida de conciliación máis importante que levou a Comunidade Autónoma dende que existe.

No eido social, as contas para o ano 2023 recollen un conxunto de medidas en apoio aos máis vulnerables, como o Bono Social Térmico, que incrementa nun 50 % o complemento autonómico —en total 22,7 millóns de euros que beneficiarán a máis de 64.000 familias—; o Bono Social Eléctrico, dotado con 4 millóns de euros, para axudar ao pago das facturas eléctricas dos consumidores máis vulnerables —do que se benefician 6.000 familias—; e tamén actualizando, con base nalgún parámetro, as contías das prestacións para a risga e as axudas de emerxencia social, que soben máis dun 8 %, como saben.

Ben, poderiamos seguir falando do resto das medidas, pero vou tentar referirme especificamente ás súas intervencións.

Dicía tamén o señor Álvarez, como exemplo ilustrativo, que o programa da Presidencia da Xunta de Galicia medraba. É un programa que, efectivamente, medra, porque existe un cambio de estrutura e un cambio de competencias. Múdanse competencias a Presidencia que existían na antiga Consellería de Presidencia, como a oficina do *Diario Oficial de Galicia* ou o secretariado do Goberno. Por iso, ao mudar as competencias é normal que muden as dotacións orzamentarias que as financian.

Logo seguiremos falando dalgunhas políticas máis sectoriais. Quererría pasar un pouco ás apreciacións que fixo tamén a señora Pontón, que, evidentemente, constata ese incremento de prezos e salarios, que nós tamén puxemos de manifesto. Fala despois do imposto de patrimonio, ao que penso que xa me referín dabondo. E falaba dun orzamento insolvente porque pensa que nos nosos orzamentos unha previsión dun 1,7 % non se está axustando á realidade.

Pois ben, nós o que tentamos facer aquí, como dicía antes, é acertar, e para iso o que facemos é confiar no noso Instituto Galego de Estatística, como non podemos facer doutro xeito. E,

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

polo tanto, recollemos as súas previsións, que están aprobadas como unha operación estatística no Consello Estatístico —por certo, no que están representados os diferentes grupos políticos e os axentes sociais—. Esa operación é a estimación que estableceu o Instituto e á que nós damos creto. Pero, como dicía antes, alén de que este orzamento se basee nun cadro macroeconómico que vostede pensa que pode ser máis ou menos variable, recoñecerá polo menos que a situación económica non invita a ter unhas previsións unívocas, senón que existe unha ampla variabilidade de predicións. E dende a propia do Goberno, que quizais sexa a máis alta que exista actualmente, a outras certamente máis baixas dalgunha entidade bancaria privada —como a que lle gusta a vostede—, pois nós seguimos o establecido polo Instituto Galego de Estatística. Somos conscientes de que existe unha ampla variabilidade de predicións, pero tamén, como dicía, temos a tranquilidade de que o 95 % dos ingresos non financeiros que se contemplan nestes estados financeiros que hoxe traemos aquí ten garantida a súa execución. Polo tanto, imos poder executar ese orzamento e imos podelo adicar ás políticas prioritarias de gasto que deseñamos nos estados de gasto dos correspondentes orzamentos.

Dicía tamén que os orzamentos non son solidarios. Eu creo que na miña primeira explicación xa me referín dabondo a esa finalidade. Eu penso quizais que coincidimos nas liñas prioritarias do orzamento. No que non coincidimos é nalgunha actuación concreta. Por iso mostraba a miña sorpresa de que pretendan presentar unha emenda á totalidade. Porque falou, sobre todo, de aspectos puntuais máis propios do debate de hoxe á tarde que dun debate xeral de política económica dos orzamentos.

Temos claro que nesta conxuntura cómpre reforzar as axudas ás familias e empresas e sectores máis vulnerables afectados pola inflación. Tamén temos claro que queremos fortalecer un ano máis a sanidade, a educación e as políticas sociais, que queremos apostar polo fomento do aforro e a eficiencia enerxética, así como protexer o medio ambiente con actuacións para facer fronte á seca e ao cambio climático. E, por último, tamén temos claro que queremos dinamizar a economía nun momento de ralentización.

Por iso, con estas contas, que teñen —insisto— o maior gasto social da historia, un ano máis adicaremos á sanidade pública máis recursos ca nunca, 4.967 millóns de euros —384 millóns de euros máis—. Adicaremos ao ensino público máis recursos ca nunca, 2.795 millóns de euros —100 millóns de euros máis—. Adicaremos a políticas sociais máis recursos ca nunca, 1.164 millóns de euros —177 millóns de euros máis—. E adicaremos ao fomento do emprego máis recursos ca nunca, 443 millóns de euros máis —48 millóns máis—. Haberá novas rebaixas de impostos que priorizan as rendas máis baixas, como dixen antes, cunha deflación retroactiva a este ano dos tres primeiros tramos do IRPF —ata 35.200 euros—. Baixarase o primeiro tramo para beneficiar en especial as rendas máis modestas, e equipararanse, para efectos fiscais, as familias con dous fillos ás familias numerosas —esta si que non é adiantada, entrará en vigor, como as súas, non na declaración que se presente no 2023 senón no 2024—. Haberá un conxunto de medidas de impulso nas cinco liñas prioritarias de actuación de máis de 500 millóns de euros e cun reforzo do investimento produtivo de máis de 2.770 millóns de euros —insisto— que busca tamén seguir favorecendo o reequilibrio territorial e que Galicia sexa un territorio máis cohesionado e con máis oportunidades.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Con esta estratexia, as provincias con maior gasto por habitante en 2023 seguirán sendo as interiores —Lugo, onde a Xunta adicará 5.288 euros por habitante, e Ourense, onde adicaremos 5.168 euros por habitante— fronte ás provincias atlánticas.

Seguindo un pouco coas políticas sectoriais —esta quero salientala especificamente porque a citou tamén o señor Álvarez, e a min paréceme importante—, é unha política *mollar* do Plan estratéxico de Galicia 2020-2030 basear o crecemento no coñecemento e no apoio á I+D+i. Pero o que non pode dicir é que este Goberno non fixo un esforzo en impulsar o investimento en I+D+i. Por certo, investimento que se atopa nos capítulos de gasto inmaterial, no concepto 640, que logo pola tarde veremos como critican e rebaixan por ser investimentos inmateriais.

Ben, no ano 2023 a función 56 —investigación, desenvolvemento e innovación— está dotada con 283 millóns de euros, o que supón unha variación fronte ao ano pasado dun 9 %, e unha variación respecto ao ano 2009 dun 100 %. É dicir, duplicamos o esforzo investidor en políticas de I+D, que logo se poderán realizar con máis ou menos acerto pero, polo menos, as consignacións orzamentarias para posibilitar esas políticas están aí. Duplicamos o esforzo investidor porque cremos nun modelo de crecemento de Galicia baseado no coñecemento. E por iso aprobamos a evolución da Estratexia RIS3 2014-2020, que permitiu outorgar 6.700 axudas, mobilizar 1.900 millóns de euros e poñer o foco no fortalecemento da industria galega. Para este efecto adicamos o 76 % dos investimentos público-privados e, como resultado, o investimento en I+D medrou un 34,4 %, máis de 10 puntos por riba da media nacional —un 23 %—. Conseguimos o nivel máis alto tanto en volume como en esforzo sobre o PIB —un 1,1 %—. Somos conscientes de que estes datos son mellorables e de que temos que melloralos pero penso que estamos na boa senda e que o orzamento prioriza e consigna as contías correctas para conseguir os obxectivos fixados no Plan estratéxico, que, como saben, non é outro que superar o 2 % do PIB do investimento en I+D.

Temos na actualidade o maior número de persoas investigadoras empregadas en actividades de I+D —17.664—, das que un 41 % son mulleres. E o ecosistema galego mellorou a súa capacidade de financiamento internacional ata chegar ao 8,6 % no ano 2020. Galicia xa remitiu á Comisión Europea as prioridades e obxectivos para esta década, dando continuidade e ampliando este traballo. Con este propósito, a nova RIS ata o ano 2027 prevé investir 5.000 millóns de euros para elevar o investimento en I+D ata o 2 % do PIB —como lles indicaba anteriormente—. Isto supón un 157 % máis, obxectivo difícil e ambicioso pero ao que non podemos renunciar.

Tamén querería falar dunha apreciación conxunta de falta de aposta pola atención primaria que non se corresponde cos importes recollidos nos orzamentos do presente ano. En primeiro lugar, hai que dicir que, se comparamos os últimos orzamentos que executaron vostedes no ano 2008 cos orzamentos que presentamos hoxe aquí na Cámara, a atención primaria estaba financiada en termos nominais en 1.333 millóns de euros fronte a 1.517 millóns de euros. Pero tamén querería dicir que o importante destas contías é que están todos os capítulos de gasto pola súa natureza excepto a receita farmacéutica. Porque, como ben saben, esta Administración fixo no peor da crise un importante esforzo de priorización coa receita de xenéricos e de principios activos. E aí é onde aforramos, en quitar recursos aos

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

grandes laboratorios pero non quitar recursos asistenciais en primaria. Agora a señora Pontón deflacta o importe das contías, pero é que, se deflactamos o importe das contías, tamén son moi superiores os recursos que se dedican no ano 2023 aos recursos do ano 2008 actualizados e se collemos o deflactor do INE. Supoño que vostede aceptará que empreguemos o deflactor do Instituto Nacional de Estatística, que é a ferramenta correcta para realizar estes axustes monetarios. Pois ben, en gastos de persoal, co orzamento de 2008 teriamos 508 millóns de euros. Neste ano temos 576 millóns de euros, que non só financian incrementos retributivos senón que tamén financian novas prazas, como dixemos antes. Se deflactásemos a contía que se dedicaba a gastos en bens correntes, o necesario para o financiamento ou funcionamento dos centros de saúde, a contía deflactada serían 45 millóns de euros, e nós orzamos 53 millóns de euros. E en investimentos reais case duplicamos a contía para modernizar os centros de saúde, pasando de 30 millóns de euros a 56,6 millóns de euros. En total, 584,5 millóns de euros deflactados fronte a 687,9, 103,4 millóns de euros máis. *(Aplausos.)* Polo tanto, nin deflactando nin sen deflactar poden falar de que prestemos menos atención á primaria.

Pero é que saben ben que este debate está viciado pola súa parte, porque o problema que ten a primaria non é un problema de dotación orzamentaria, é un problema de falta de especialistas. E a única proposta concreta que fan sobre sanidade é aumentar 200 millóns de euros no orzamento de atención primaria. Lévano facendo cinco anos exactamente igual, dende o ano 2018. A señora Pontón no 2018 xa pedía 200 millóns de euros máis para a primaria. Dende entón ata agora, cinco anos despois, o orzamento da Xunta para atención primaria xa subiu non só eses 200 millóns de euros, subiu 300 millóns de euros, pero seguen pedindo os 200 millóns de euros adicionais. Sen querer, estannos a dar a razón: o problema non está nos cartos, o problema está na falta de médicos. E niso temos propostas para facer dende a Xunta de Galicia, para demandar ao Goberno de España novas solucións para achegar estes novos especialistas en Medicina de Familia e primaria. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero o BNG vota sistematicamente en contra das nosas propostas, é o único partido nacionalista —xunto con Bildu— que votou en Madrid en contra de pedirlle ao Goberno de España as reformas no sistema de formación sanitaria especializada que permitan crear máis prazas MIR para Medicina de Familia, unhas reformas que solicitaron nun manifesto conxunto a Xunta e o Goberno vasco do PNV, e que sumaron o apoio doutros cinco gobernos autonómicos —entre eles, o catalán—. E vén de votar en contra neste mesmo Parlamento dunha lei que vai permitir cubrir prazas vacantes de difícil cobertura en atención primaria por concurso de méritos proporcionándolles aos profesionais unha praza en propiedade —tanto que falan de precariedade—. Xa o ano pasado presentaron unha emenda de supresión para o artigo da Lei de medidas que permitiu lanzar este ano a primeira convocatoria por este sistema, que xa logrou adxudicar máis de 90 prazas con facultativos e que se están a cubrir ao longo deste ano. Por tanto, é un problema non de suficiencia financeira senón de suficiencia de profesionais.

Por rematar coas políticas sectoriais e ir rematando xa un pouco coas miñas respostas ás súas intervencións —penso que falaron de moitos máis temas pero estes son os principais, polo menos no que atinxe aos elementos transversais da proposta orzamentaria que hoxe traemos á Cámara— falarei un pouco tamén do eido local. E no eido local o Fondo de Cooperación Local tamén se reforza, como o resto dos ingresos da Comunidade Autónoma.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Miren, un dos feitos fundamentais na relación cos entes locais prodúcese no ano 2011, no que, por petición da propia Fegamp, conxelamos o fondo e pasámolo a chamar «fondo básico», o que había daquela. Porque, se non, como acabo de dicir antes, os orzamentos baixarían un 11 % e o Fondo de Cooperación Local —que, como ben sabe a señora Rodríguez Rumbo, é unha porcentaxe dos ingresos tributarios da Comunidade Autónoma— baixaría máis dun 11 %. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Agora imos, agora imos a iso!

Así, para o ano 2023, o fondo adicional do FCL ten unha dotación de case 30,4 millóns de euros, o que supón 134,5 millóns de euros máis respecto do ano anterior. Isto supón que a contía global que se asigna ao FCL ten unha dotación de 143 millóns de euros, un 14 % máis, cunha suba duns 17,4 millóns adicionais respecto do exercicio anterior. A maiores, os concellos recibirán no 2023 apoio a través doutras liñas de axudas de xeito que a contía global ascende a 564,3 millóns de euros, un 15,5 % máis ca no 2022.

E claro que moitas destas partidas deben ser finalistas. Deben ser finalistas, en primeiro lugar, pola súa fonte de financiamento; porque, se están financiadas con fondos finalistas do Estado, nós debemos adicalas ás finalidades para as que se aproban nos correspondentes ministerios. En segundo lugar, porque, se se están a desenvolver as políticas de dependencia da Comunidade Autónoma, deben adicarse exclusivamente a esa finalidade e non queremos que se adiquen a outra finalidade. Por certo, tamén veremos hoxe á tarde como para vostedes esta limitación dos fondos finalistas non existe e poden mudalos libremente de finalidade segundo lles cadre máis ou menos nas súas emendas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Nós seguimos reclamando ao Goberno central que acelere a aprobación dos novos sistemas de financiamento autonómico e local e pensamos que o calendario electoral non é unha escusa para esta freada no desenvolvemento deste sistema de financiamento. Pero pensamos que non ten sentido revisar o financiamento local sen que antes se pechen as condicións de financiamento ás comunidades autónomas. E tamén reforzamos a capacidade de gasto e o esforzo da suba de prezos para as corporacións locais con estes novos recursos cos que se incrementa o Fondo de Cooperación Local. Por certo, eu congratúlome e comparto con vostedes a súa sensibilidade respecto do impacto da suba de prezos nas corporacións locais, pero é que a Xunta tamén sofre este incremento de prezos. E resulta curioso como vostedes —será porque hai eleccións municipais o vindeiro ano— incrementan as dotacións das transferencias ás corporacións locais para atender este incremento de prezos no funcionamento dos servizos a custa de baixar o financiamento do gasto de funcionamento dos servizos públicos autonómicos —en particular, en electricidade e en gas—. ¡Lamentable! ¡Falta de coherencia lamentable!

Os fondos adicionais para o ano 2023 adícanse a centros de saúde. Como ben saben, son incondicionados, pero modúlase a súa distribución en función de determinadas cargas que soportan os concellos; en especial, os máis pequenos. Porque alguén se ten que preocupar dos concellos máis pequenos, e non só con políticas de anuncios senón efectivamente. Así, en función do esforzo que se realice en centros de saúde, asignamos máis recursos; en función de que teñan conservatorios municipais, asignamos máis recursos; en función de que teñan centros penitenciarios no seu termo municipal, asignamos máis recursos; en función

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

dos concellos en proceso de fusión, asignamos máis recursos; e en función de que teñan que financiar servizos de emerxencia —compartidos ou non comarcalmente—, asignamos máis recursos. Tamén asignamos máis recursos se teñen que soportar custos de limpeza de faixas secundarias dentro das súas competencias municipais, e tamén este ano —en especial pola crise de prezos—, en función de que realicen condutas que leven a cabo proxectos de aforro en eficiencia enerxética, lles asignaremos máis recursos aos concellos pequenos.

Porque, como esperemos que sexa a Administración xeral do Estado a que financie estes concellos de menos de 15.000 habitantes, pois imos listos. E para exemplo temos a última distribución do PIREP, financiado co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para todos os concellos, que reparte 600 millóns de euros entre todos os concellos de España. ¿Saben cantos proxectos municipais foron financiados en Galicia dentro deses 600 millóns? Foron 34 proxectos municipais con 27 millóns de euros de 600; é dicir, só un 4,5 % dos proxectos destes 600 millóns en total. Unha contía moi inferior á que pensamos que lles corresponde aos concellos da comunidade autónoma. Pero é que é máis. Sabendo que o 90 % dos concellos da comunidade autónoma teñen menos de 15.000 habitantes e teñen pouca capacidade para financiar estes investimentos de eficiencia enerxética —que nós pretendemos mobilizar co FCL—, resulta que estes concellos de menos de 15.000 habitantes son destinatarios de menos do 40 % dos 34 proxectos que se financian na comunidade autónoma. E os grandes concellos e unha deputación, a Deputación de Ourense... —non, non é a de Ourense, é a de Pontevedra, ¡home!, estaba a equivocarme— pois resulta que levan a maior parte do financiamento. *(Murmurios.)* ¡Cachis! *(Murmurios.)*

Pois si, efectivamente, o 90 % dos concellos de menos de 15.000 habitantes apenas leva un financiamento do 40 % dos proxectos. Xa non vou falar do resultado desa asignación con base en criterios obxectivos, por suposto, nin dos grupos de goberno que sustentan eses 34 afortunados gobernos na comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Ben, remato xa e recordo unha vez máis que nós temos a man aberta para negociar algunha das súas emendas máis polo miúdo pola tarde. Non entendo a súa moción de censura absoluta a estes orzamentos, porque na diagnose —como dixen antes— vostedes concordan comigo. O problema que ten Galicia, pero tamén toda Europa, é esta suba de prezos e esta ralentización da economía con maior ou menor intensidade. Porque non ten sentido votar unha emenda á totalidade porque penses que a economía vai medrar catro décimas de PIB menos que a que aprobou o IGE. Posiblemente haxa unha variación. Como dicía antes, ¿é posible que haxa variacións e todo vaia a peor? Si, é posible. ¿É probable? Pois a día de hoxe e segundo os nosos estatísticos, non, non é probable.

Ben, pois dicía que concordamos no cadro macroeconómico, concordamos nas grandes liñas, porque as súas grandes liñas se poden resumir nas cinco grandes liñas que se priorizan na política asignativa dos orzamentos para o vindeiro exercicio. A discordancia pode verse nalgunha política concreta de gasto, porque mesmo nas políticas tributarias —como dicía antes— vostedes rebaixan e deflactan, con maior ou menor acerto, as cotas do IRPF e rebaixan o primeiro tramo deste imposto co mesmo ánimo ca nós: xerar un alivio fiscal ás economías das familias máis humildes.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Aplausos.)

Grupo non emendante. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moi ben.

Moitas grazas, presidente.

Señorías, estamos hoxe debatendo as emendas á totalidade que os dous grupos da oposición presentaron aos orzamentos do ano 2023. O primeiro que hai que salientar é que son uns orzamentos presentados en tempo e en forma. E eu quero agradecerlle ao conselleiro e ao seu equipo que, unha vez máis, cumprisen, tanto no tempo como na forma, ao traer os orzamentos á Cámara, e, ademais, este ano precedidos de diversos debates. Eu quero recordar que primeiro aprobamos o teito de gasto no mes de agosto. A continuación, o Plan estratéxico, no que se incardinan estes orzamentos e que son os primeiros vencellados a este plan estratéxico. Este ano tivemos tamén a novidade dunha comparecencia extraordinaria do presidente para anunciar e avanzar as principais liñas de actuación orzamentaria. E, por suposto, todos os membros do Goberno e moitos directivos dos entes instrumentais compareceron na Comisión 3ª. Mesmo tivemos outro debate máis centrado en política fiscal e tributaria por iniciativa dun dos grupos da oposición. Polo tanto, é o debate ao que chegamos, evidentemente.

E é un debate sobre o que lamentaba o señor portavoz socialista que tivese moitas cifras. Eu agradezo que teña cifras, porque, se certamente hai un debate no que hai que falar coas cifras na man, é no debate orzamentario. Os orzamentos son o plan económico do grupo político pero teñen unha evidente manifestación contable. E, se non se entende isto, pois, claro, hai o problema de que falar sen números e sen contas pois pode levar a grandes erros. *(Aplausos.)*

Ademais é un debate político eu creo que moi limpo. E quero dicir que esta vez, como vén facendo o Goberno habitualmente, hai restricións de tempo. Eu teño a metade que o que teñen os portavoces da oposición; é dicir, falo quince minutos mentres vostedes falan unha hora. Quero dicir que son as regras e, polo tanto, aceptámolas. Pero si quero recordar que, por exemplo, nos orzamentos do Estado o Goberno de España vetou, das cinco mil emendas presentadas, máis de mil dunha primeira tacada —entre elas, 253 do Partido Popular e 2 do Bloque, por certo—. E todo iso porque conlevaban ou diminución de ingresos ou incremento do gasto. Imaxinen que aquí ese debate estivese condicionado por disposicións legais que podería exercitar este Goberno e que, bueno, dixese cousas como din en Madrid, como que non se pode discutir sequera sobre se é conveniente ou non baixarlles o IVE aos produtos sanitarios ou deflactar a tarifa do IRPF —que é unha das emendas que vetou o Goberno de España—.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por iso eu tamén teño certa sorpresa —compártoa co conselleiro— polo feito de que haxa unha das emendas á totalidade. Refírome á do Bloque. Entendo que o PSOE a presente xa que, evidentemente, non comparte algunhas das cuestións. Pero non o Bloque, no sentido non tanto de que presente unha emenda senón pola incoherencia, pola falla de coherencia e a asimetría no tratamento que fai con respecto aos orzamentos de Galicia cos orzamentos de España.

O señor Rego está estes días paseando por toda Galicia dicindo o malos que son os orzamentos e o pouco que se inviste en Galicia. En Galicia o investimento do Estado este ano apenas crece cando hai un crecemento importante do conxunto dos orzamentos do Estado. De feito, baixamos do 8,3 % ao 8 % do gasto territorializado. As grandes obras de Galicia están ralentizadas. No orzamento do Estado —cousa que nós entendemos que é positiva— crece significativamente o gasto en defensa. Recordemos cantas veces aquí se opuxeron a solucións para Navantia porque era gasto militar e este ano o orzamento do Estado crece significativamente en defensa. Non se deflacta o IRPF, cousa na que agora descubrimos que é crítico co Goberno da Xunta porque deflactamos pouco —iso foi o que dixo esta mañá a señora Pontón—. Outro exemplo é que a AP-9 parece que vai subir as peaxes cerca do 10 % e os orzamentos da Xunta o que fan é conxelar as peaxes autonómicas. E, ben, todo isto lévaos non só a non presentar emenda á totalidade senón a votar en contra das emendas á totalidade que se presentaron. E hoxe mesmo coñecemos que finalmente se van abster, que é unha posición pois un tanto curiosa tendo en conta todo o que acabo de dicir, e tendo en conta que os que son irreais de verdade, segundo di a AIReF, son os orzamentos do Estado, que ademais son distintos aos que se remitiron a Europa, por certo, dentro do que é o plan que permite acceder aos fondos, o plan de estabilidade que ten que presentar España —eses si que son irreais—. Transaccionan cuestións alleas aos orzamentos —aínda que nisto igual o Bloque se sente cómodo— como pode ser o da sedición. E baixa fundamentalmente o investimento en Galicia, que ademais non se executa. Este ano non sei se viron que apenas o 28 % dos 1.000 millóns presupostados para este ano están en execución a mes de outubro.

O certo é que o resultado de aceptar estas emendas —cousa que, evidentemente, non imos facer— o único que permitiría é xustamente combater todo aquilo que se trata de combater cos orzamentos, que son as incertezas. Habería a incerteza de que non hai orzamentos porque prorrogariamos os do ano pasado, polo tanto, aí si que teriamos un recorte de 1.000 millóns de euros, porque teriamos que aplicar as contas do ano pasado alomenos ata que se aprobasen outros orzamentos. E, evidentemente, iso non favorecería afrontar a situación inflacionaria nin afrontar polas familias a suba dos tipos de xuro nin reaccionar en relación coa posibilidade de renovarse da economía galega nin resolver a crise enerxética nin, evidentemente, traballar para combater a crise climática nin moito menos para favorecer as persoas socialmente máis vulnerables; máxime nun país como España, no que o nivel do PIB do 2019 aínda non o acadamos —o Banco de España acaba de dicir que ata o ano 2024 non o imos acadar—. Nestes orzamentos estamos a piques de conseguilo, como anunciou o conselleiro, e confiamos que nos primeiros meses do ano que vén xa o academos en Galicia —polo tanto, antes que en España—. Outros países, como Italia e Francia, xa o acadaron no 2021, e Alemaña no segundo trimestre do 2022.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E por iso, en primeiro lugar, imos apoiar os orzamentos rexeitando as emendas porque dá solucións certas. Certezas sobre o ingreso e o gasto, certezas tamén sobre cal é a liña política deste orzamento, que non é outra —e xa o dixen nalgún dos anteriores debates— que aliñarse coas políticas europeas no ámbito orzamentario. Porque, en primeiro lugar, o que cremos é que os orzamentos son válidos. Eu creo que o conselleiro xa fixo un bo resumo, pero quero recordar que son os máis altos da historia, que soben un 11 % —un 20 % sobre os do 2020—, que o contexto macroeconómico está perfectamente validado pola AIReF —un 5 % do crecemento do PIB nominal—. Aínda que, como el explicou, incide pouco nos ingresos, que están condicionados polo sistema de financiamento autonómico. Iso afectaría, se é o caso, a algún tributo autonómico. Evidentemente, non ao de sucesións; evidentemente, non ao do patrimonio; evidentemente, só, se acaso, ao de transmisións patrimoniais, nun momento no que, por certo, hai bastante auxe na vivenda, que é a principal fonte de ingresos por ese tributo. E con todo isto ese contexto macro o que nos di é que Galicia creceu entre o 2008 e o 2021 un 12 %; e España, de media, un 5,7 %. O cal dá conta de que, efectivamente, as cousas non se están a facer tan mal. Así, o PIB per cápita de Galicia pode acadar xa nas cifras referidas ao 2021 —o dato é provisional, é unha estimación— o 93 % do PIB per cápita estatal.

E no paro pois, evidentemente, todos sabemos cal é o problema da economía galega, que é o envellecemento. Pero quero recordar que a última EPA incrementa a poboación activa en 9.000 persoas, o cal é un incremento importante —das cales 2.000, por certo, atoparon ocupación—.

Son unhas contas nas que hai aforro corrente. De feito, os investimentos soben un 8,5 %. Galicia neste exercicio é a segunda comunidade máis investidora do Estado. Fíxense en que sobre os orzamentos do 2021 os investimentos son o 13,4 % do total de gasto, e a media das comunidades autónomas é o 7,6 %. Practicamente investimos o dobre. Todo iso é coa débeda contida. De estar co 0,1 % por riba da media en termos do PIB —cando collemos o Goberno no ano 2009— estamos no 7,2 % por baixo. Galicia é a quinta comunidade con menos débeda por habitante. Dicían vostedes que se multiplicou por 3, pero é que o resto das comunidades autónomas a multiplicaron por máis de 4. En Galicia cada habitante debe, efectivamente, un pouco máis de 4.000 euros, pero é que o español medio, por débeda autonómica, debe máis de 6.600. E, de feito, o que é máis importante pensando no conxunto do país é que, se todas as comunidades se tivesen endebedado como Galicia, o Estado debería 92.000 millóns de euros menos do que debe actualmente.

Ben, dos ingresos que corrixen a desigualdade, nun ámbito menor que o gasto —isto tamén é conveniente recuperalo, creo que o falou bastante ben o conselleiro e non preciso facer ningún resumo—, simplemente me chamou a atención a curiosa contradición que teñen vostedes —particularmente, o Grupo Socialista— cando non deixan de falar de delitos que hai que equiparar con Europa, ou de cuestións de presión fiscal que hai que equiparar con Europa, e xustamente no único no que non queren equipararse con Europa é na desaparición do imposto do patrimonio —que, como saben, é un imposto que non existe en ningún país da Unión Europea—. A señora Pontón dixo que ten moita confianza na riqueza de Galicia. Nós tamén, por iso non queremos destruíla cun imposto que non existe en ningún país da Unión Europea. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E sobre a compoñente social do gasto —tamén para desfacer algunha das cuestións que se escoitaron— quero recordar un informe que vostedes citan a miúdo con relación a algunhas cuestións relativas ás residencias, o informe da Asociación de Directores e Xerentes de Servizos Sociais, que acaba de facer pública cal é a variación do gasto social en España por comunidades autónomas no período 2019-2021, os anos da pandemia. En sanidade, educación e servizos sociais, en España creceu un 6,96 %; en Galicia creceu un 11,63 %. Mentres que en España de media se gasta en servizos sociais 2.774 euros en cada comunidade autónoma; en Galicia son 3.020. Evidentemente, isto implica que haxa unha desigualdade menor en Galicia que en España —collan vostedes o índice de Gini, a Taxa de Risco de Pobreza ou, se queren, o indicador Arope—. Galicia ten un 19,5 %, a Europa «dos vinte e sete» ten o 21,7 % e España ten o 27,8 %. E todo isto, evidentemente, ten que ver coas políticas sociais que estamos a desenvolver.

Ben, en definitiva, creo que hai uns orzamentos rigorosos, e é constatable tanto polos resultados da política orzamentaria vivida ata o de agora como polos informes que avalían os datos que veñen nestes orzamentos. E, con todo, desde a oposición creo que contrastan as mensaxes que xustifican a súa oposición a estes orzamentos precisamente pola falta de rigor. O PSOE andou enredado bastante tempo coa definición duns gastos do Fondo Covid —cando un informe do Consello de Contas falaba dun gasto incondicionado de 517 millóns—, de que a Xunta gastara 611 e desapareceran cento e non sei cantos. Andan enredados co feito de que din que supostamente quen dita a política económica en Galicia é a presidenta da Comunidade de Madrid. Eu simplemente lles pediría que comparasen o 39,4 % do total dos orzamentos que vai a sanidade co que se gasta en Madrid, e verán que exemplo seguimos nós e cal é o modelo que hai que seguir en materia social. E hoxe mesmo escoitamos unha cuestión tan curiosa como unha comparación tan pouco homoxénea como dicir que crece o presuposto da presidencia, e que o cambio de presidencia saíu máis caro, cando é unha comparación non homoxénea. O orzamento de Presidencia sobe porque van as partidas, que antes estaban en Vicepresidencia, de mantemento dos camiños de Santiago; vai tamén o *DOG*, por exemplo, porque antes a Asesoría Xurídica Xeral estaba na Consellería de Presidencia e agora depende da Presidencia, ou, por exemplo, porque se incrementaron significativamente as partidas dirixidas ao retorno dos emigrantes galegos, unha política na que supoño que estaremos de acordo. Polo tanto, cando se fan comparacións homoxéneas tamén é bo ter rigor.

Máis grave certamente —entendo eu— é o do Bloque, porque dime do que presumes e direiche do que careces. O único que fan é dicir que estes orzamentos son insolventes.

Ben, primeiro, a inflación. Eu, señora Pontón, estou moi preocupado pola inflación, e mesmo lle quero agradecer a indirecta homenaxe que fixo ao primeiro político español que saíu cunha bolsa de garavanzos á tribuna para explicar os efectos da inflación sobre a economía doméstica. Vostede en vez de garavanzos trouxo leite, trouxo aceite. Eu comparto esa preocupación. Os garavanzos, por certo, subiron o 21 por cento, o cal non é moco de pavo.

Pero vostede, claro, empeza coa loita contra a inflación. A loita contra a inflación, se colle calquera manual, informe de expertos, calquera que saiba un pouco disto, pois sabemos como se loita contra a inflación. Primeiro, coa política monetaria. E cando o Banco Central Europeo exerce a política monetaria, vostede di directamente que é un disparate; vostede di

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que é un disparate a política monetaria do Banco Central Europeo. Sabe vostede máis que o Consello do Banco Central Europeo. ¡Estupendo!

Despois hai o tema da política fiscal, os colectivos vulnerables. O Consello xa lle explicou cales son as rebaixas fiscais e o gasto público que lles afecta.

Outra solución é o pacto de rendas. E vostede critica os pactos de rendas. Esta é unha cuestión que me chama a atención, pero, en fin, o Partido Socialista non sei que opina disto. Pero eu creo que vostede o que non sabe é o que é un pacto de rendas. Porque un pacto de rendas non é facer recaer a crise sobre as persoas máis débiles, é garantir que as persoas máis débiles cando pase a crise recuperen todo o poder adquisitivo. Xusto ao revés do que vostede di. *(Aplausos.)*

En todo caso, o que podemos afirmar é que en ningún manual de facenda, en ningún sitio existe a manifestación na rúa como un método para combater a inflación. Porque o Bloque —como saben— ten convocada unha manifestación para loitar contra a suba de prezos. Están no seu dereito de manifestarse, evidentemente; é unha forma perfecta de establecer a voz. Fíxense ben contra quen protestan, porque da Xunta certamente non depende o Banco Central Europeo da Xunta. Pero, en todo caso, é unha forma curiosa dicir —a expresión convén dicila literalmente— «é un disparate o que fai o Banco Central Europeo».

E despois tamén se pode vir aquí dicir que hai que nacionalizar ou facer públicos todos os servizos públicos. E o 4 de novembro, hai nada, a Deputación Provincial de Lugo, onde vostedes cogobernan, abre un CAM de Navia de Suarna operado por Troncoso Servizos Sanitarios, que —que eu saiba— non é ningún ente público nin ente oficial. Dicir unha cousa, facer a contraria. Evidentemente, isto a min, señora Pontón, ¿que quere que lle diga? Paréceme moi pouco solvente.

Por todos estes motivos imos rexeitar as emendas á totalidade, coa convicción sobre todo das bondades do orzamento que presenta o Goberno a esta Cámara. Coa mesma convicción —hai que deixalo claro— porque entendemos que o debate parlamentario non é unha sucesión de monólogos onde unha persoa di que con 34 millóns de euros se poden contratar setecentos médicos, que sería un custo a corenta e pico mil euros, cando o custo medio está nos oitenta mil. Polo tanto, díselle e vostede nin sequera fai a división para ver con 34 millóns de euros a canto sairía o pago, incluída a Seguridade Social, dos médicos.

En vez desta sucesión de monólogos, nós estamos dispostos a escoitar e aceptar aquelas emendas que inciden no obxectivo, que lle garanto, señora Pontón, que lle garanto, señor Álvarez, especialmente, señora Pontón, que é un obxectivo común de todos, que é apoiar as familias que máis o precisan,...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: ...as empresas, garantir o crecemento, garantir a sostibilidade do noso sistema de benestar, a transformación da economía galega para dixitalizala e facela máis sostible ambientalmente e seguir converxendo con España e Europa.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas. *(Aplausos prolongados.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Para a defensa das emendas ten a palabra polo Grupo Parlamentario dos Socialistas o señor Álvarez.

Señor Álvarez, por un tempo de dez minutos. *(Murmurios.)*

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, señora presidenta.

Desculpen vostedes o meu atraso. Non vaian confundir os aplausos e ter que parar de repente por se acaso algún entendía que eran para min.

Un só comentario con respecto á intervención do señor Puy, que, á parte de sorprendernos de que non vaian apoiar as emendas de devolución, cando fala vostede do informe dos directivos de Servizos Sociais, fala do incremento en gasto social de Galicia con respecto á media estatal, e sabe vostede coma min que é un argumento tramposo. Manexar as medias é complicado. É complicado porque tamén depende de onde se parta para analizar ese incremento. E voulle dicir —tamén xa o dixen nunha ocasión desde esta mesma tribuna— que as medias nos enfrontan a argumentacións perigosas, porque se un mete a cabeza nun forno que está a 100 graos centígrados e mete os pés nun conxelador que está a 50 baixo cero, chega á conclusión de que ten o corpo a unha temperatura media de 25 graos. *(Aplausos.)* Cando o benestar que proporcionan os 25 graos pouco ten que ver cos 100 graos e cos 50 baixo cero.

Señor conselleiro, dicía vostede que hai un contexto de desaceleración. Iso, evidentemente, ninguén o dubida en todos os sitios. Pero tamén é certo que para dar resposta a esa situación de inflación hai medidas que se poden adoptar. E esas medidas como as que está a adoptar, por exemplo, o Goberno central —medidas ás que vostedes se opoñían— trouxeron como consecuencia que o IPC baixara ao 7,3 por cento no mes de outubro, encadeando tres meses consecutivos de rebaixa. O segundo país da Unión Europea despois de Francia cun IPC menor. E iso, evidentemente, tamén beneficia a competitividade. Iso sei que non mo vai discutir vostede.

E iso quere dicir que ese plan dese mecanismo ibérico da unificación do transporte público, a rebaixa de impostos, a factura do gas e da luz, así como a baixada dos prezos da enerxía nos mercados internacionais, funcionan. Funcionan, e todo iso pese a que vostedes andaron por aí cuestionando por Europa adiante as medidas que estaba adoptando o Goberno, ríndose delas, ata que a Unión Europea lles dixo: non, as medidas son correctas. Entón, parecían vostedes —con todos os respectos— un meme que pasa dunha situación de estar ríndose a mandíbula batente a mirar cara a abaixo nunha situación francamente triste. *(Aplausos.)*

E mire: ¿de verdade pode defender vostede a día de hoxe aínda que fixeron un traballo rigoroso cos fondos Next Generation? ¿Recorda vostede aquel listado inicial ao que lle fixen re-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ferencia na miña intervención? E agora, ollo, temos unha novidade importante desde o punto de vista da demanda que fai a Xunta de Galicia con respecto á repartición dos fondos Next Generation, e é que deben ser repartidos de forma inversamente proporcionalmente á renda per cápita. E iso é unha novidade porque ata hai pouco tempo —si, si, si— vostedes defendían que tiñan que ser empregados os criterios de repartición de financiamento autonómico. E é certo que unha parte pode depender da renda por cápita, pero non de forma exclusiva.

E voulle dicir unha cousa desde o respecto que sabe que lle teño e tamén se quere desde o cariño parlamentario: se en vez de estar vostede na cociña, non sei se facendo churros ou non, que é unha maneira pouco elegante parlamentariamente de referirse ás iniciativas doutros grupos parlamentarios que empregou vostede, *(Aplausos.)* se en vez de estar facendo arreglos na cociña, estivera na rúa, mellor sería para todos.

E xa sabemos como se mide a ratio de endebedamento, xa o sabemos. Aquí tampouco temos que vir recibir lecciónns coma se foramos analfabetos funcionais un día detrás doutro. Pero o certo é que aínda que ese rateo se calcula con respecto ao PIB, vostedes triplicaron a débeda de cada unha das galegas e galegos desde que gobernan, multiplicárona por tres. *(Aplausos.)*

Pero iso si, temos unha cousa que aprendemos hoxe, e é non que a actividade xere emprego e que o emprego xere benestar; tamén sabiamos que despois do día vén a noite. É dicir, obviedades, as xustiñas. Pero agora resulta que o PSdG se opón e é un freo á actividade económica. É un argumento brillantísimo, señor presidente. Pero tamén quedan un par de datos realmente anecdóticos.

E viñan preparados —está claro— para iso tanto vostede como o señor Puy. E agora do incremento da Presidencia da Xunta de Galicia ten a culpa importante o *DOG*, á parte dos camiños de Santiago, que engadiu como argumento o señor Puy.

E a Administración local resulta que ten que estar aplaudindo a xestión da repartición de fondos da Xunta de Galicia. Ten que estar aplaudindo logo de que teñan unha consignación orzamentaria insuficiente para facer fronte ao servizo de axuda no fogar, ou que vostedes nesa tan vendida gratuidade de educación infantil lles dean 300 euros por praza ás entidades privadas que prestan ese servizo e déanlles 169 euros por praza aos concellos. *(Aplausos.)* É dicir, danlles ás entidades privadas un 81 por cento máis.

Esta proposta de orzamentos —como lle dicía antes— é un reflexo dun Goberno resignado. Nun momento tan importante para o noso país, cun escenario, efectivamente, de incertezas e desaceleración económica, certo, é cando máis necesario se fai que nunca investir na protección das persoas e no impulso do noso tecido, o Goberno galego non está con estes orzamentos á altura das circunstancias.

Pero nós si plantexamos unha alternativa. Plantexamos unha alternativa para aumentar un 0,4 por cento do PIB o gasto en programas de I+D+I, porque niso fíxese vostede que coincidimos na importancia dese sector para o impulso da industria e da competitividade de Galicia. Necesitamos un plan galego de estabilidade laboral para o persoal de investigación vinculado ás universidades e aos centros de innovación. Necesitamos un plan de axudas di-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

rixido a compensar o incremento dos custos de transporte de enerxía para os autónomos, para os profesionais, para as empresas e para os sectores afectados. Necesitamos identificar e axilizar a tramitación de proxectos de enerxías renovables, dirixidos a elevar a autosuficiencia enerxética.

Estaría ben que dentro da súa última quenda me dixera vostede ou nos explicara a todos por que xogan vostedes ao límite cos proxectos estratéxicos, por que son capaces de aprobar nun Consello da Xunta de Galicia e identificar cales están excepcionados, pero teñen, iso si, que confrontar co Goberno do Estado ao límite, simplemente por unha cuestión política, como se detrás diso non houbese centos e centos e centos de postos de traballo en sectores estratéxicos para esta comunidade autónoma. *(Aplausos.)* Así imos mal, señor conselleiro.

É necesario facer fronte ao reto demográfico, claro que si. É necesario implantar, por exemplo, cláusulas demográficas nas contratacións que se fagan desde a Administración autonómica. É necesario crear unha liña de bonificacións económicas e incentivos fiscais para empresas e iniciativas empresariais que se radiquen en espazos que sofren unha forte regresión económica, claro que si. E nada diso aparece nos orzamentos.

É necesario habilitar un plan especial de investimentos para reforzar a prestación de servizos públicos no medio rural e evitar longos desprazamentos en sanidade e en educación e nos sistemas de coidados.

En materia de sanidade teño que facer unha referencia específica, porque este orzamento —xa llo dixen antes— contempla o que contempla: cincuenta e dous médicos máis. Esa é a realidade. Hai que aumentar o investimento en atención primaria un 24 por cento, na mesma proporción que medran as transferencias do Estado a Galicia. Hai que facer un plan de choque, xa que vostedes votaron en contra, por certo, dun proxecto de lei do Grupo Parlamentario Socialista para reducir as listas de espera a corenta e oito horas, fronte ás listas de espera que hai neste momento, de entre cinco e vinte e un días, en moitos centros de saúde. Hai que recuperar o protagonismo público na atención hospitalaria. Hai que elaborar un programa de incentivos laborais real e que funcione cun horizonte de estabilidade para reter nos centros de saúde os médicos internos residentes, profesionais da enfermería e outras disciplinas.

No ámbito da educación —xa llo dixemos— é necesario recuperar o programa de gratuidade dos libros de texto, porque os entre 400 e 500 euros que pagou cada nai e cada pai por fillo, cando non teñen ningún tipo de axuda, son moitos euros para unha economía familiar. No caso da universidade é necesario ir cara a un programa de gratuidade das matrículas universitarias no primeiro curso. É necesario, señor conselleiro, habilitar un plan especial de axuda en becas de alimentación para aquel alumnado que non ten o servizo de comedor escolar, porque, desgraciadamente, a realidade é que hai moitas alumnas e alumnos que a única comida en condicións que reciben ao día é a que se lles dá nos comedores escolares.

En materia de benestar temos que repoñer a Tarxeta Básica. Xa llo dixemos noventa e sete veces ou setenta e cinco mil se quere, que eran as persoas que se beneficiaban da Tarxeta Básica. Esta é unha medida que vostedes suprimiron sen ningunha alternativa real que sexan

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

capaces de trasladar a esta Cámara. É dicir, están vostedes equivocados, porque non van ser setenta e cinco mil, van ser cento cincuenta mil. Non, non son capaces porque non está en ningún sitio escrito con esa claridade.

É necesario triplicar o bono social eléctrico. É necesario que os recursos que a Xunta transfire aos concellos se incrementen de 12 a 15 euros, porque os concellos están endebedados. É necesario dar un impulso a un novo modelo de residencias de persoas maiores, con atención máis personalizada para as usuarias e os usuarios. Un novo sistema de coidados que estea fundamentalmente baseado nun sistema de garantía pública.

En resumo, señor conselleiro, este é un proxecto de orzamentos resignado, que carece dun rumbo axeitado, dun plan de futuro para a nosa comunidade autónoma. Non ten medidas —como xa lle dixen— para os sectores estratéxicos,...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—remato— que non reciben as respostas que precisan, nin a industria pode esperar o compromiso necesario. Seguimos a ter un Goberno que non aposta pola ciencia e innovación e os servizos públicos sen garantía para a cidadanía.

Vou rematar. E sei que non lle vai gustar o que lle vou dicir, e créame que o lamento porque me gustaría non ter que dicilo. Mire: son vostedes uns contables aceptables, pero non son así planificando con acerto dentro das propias competencias que ten a Comunidade Autónoma, porque a diferenza con outras comunidades autónomas —así o evidencia— non orientan vostedes medidas acertadas. O que é aínda peor: nin tan sequera son capaces de executar o que vostedes malamente deseñan.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor conselleiro, señorías do Partido Popular, por unha vez, sería bo que deixaran de facer trampas ao solitario, de facerse a si mesmo trampas ao solitario e, sobre todo, que deixaran de enganar a cidadanía. E a min isto paréceme que é sempre importante, pero moito máis cando estamos falando das contas públicas e dun escenario tan complexo como o que imos ter que enfrontar.

Parécelles mal que citemos aquí un informe de expertos do BBVA, e simplemente veñen aquí resgardarse, en teoría, no que di a Airef. Pois ben, vaiamos ver, señor conselleiro, que é o que di Airef, que o que está sinalando é a insolvencia das previsións que vostede remite a esta Cámara. *(Aplausos.)* Si, si. ¿Que di Airef? Pois que a subida do PIB vai ser tres veces menos do que di vostede nos seus orzamentos. Dinos tamén a Airef que tamén van crear menos emprego do que vostedes afirman. Pero é que ata vostede mesmo veu a esta Cámara poñer en dúbida os seus propios datos e mesmo darnos outros que non son os que están contidos

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

na memoria económica. Dixo que a taxa de paro vai ser inferior ao 10 por cento, cando os orzamentos din que no mellor dos casos será do 10 por cento, páxina 56 do Informe económico. *(Aplausos.)*

E, por riba, fai unha reflexión de que dá igual que acerten ou non. Estamos nun escenario de incerteza e dá igual que as previsións económicas do Goberno galego acerten ou non. ¿En que escenario basean a súa política económica?, ¿en que escenario basean a súa política social? Porque non é o mesmo que o PIB medre o 1,7 por cento que o crecemento sexa cero, porque a situación económica e social vai requirir medidas diferentes. Polo tanto, o que vemos é insolvencia, insolvencia e insolvencia. *(Aplausos.)* E o máis grave é que a súa insolvencia apaga unha cidadanía, que xa vemos que lles dá exactamente igual en que situación estea.

E por se fose isto pouco vén aquí o Partido Popular defender que suban as hipotecas. Claro, non chega coa que está caendo para que veña aquí o Partido Popular dicir que está ben que suban as hipotecas e que esta é a solución ante a crise. Ou sexa, ¿esta crise causouna un aumento desmesurado do consumo? Porque esas medidas —deféndanse ou non— teñen un significado e teñen unha razón de ser cando a inflación a está provocando un incremento da demanda moi por riba do que se pode producir. Pero é que as causas desta crise non están aquí; sen embargo, o Partido Popular quere que unha vez máis sexan as clases populares as que paguen esta crise económica. *(Aplausos.)* Por iso vén defender que suban as hipotecas e por iso, por certo, non prevén ningunha medida para poder enfrontar esta situación.

Vostedes defenden as eléctricas e seguen defendendo a gran banca. Claro, porque veñen aquí e din: si, si, que suban as hipotecas. ¿Pero a que non veñen aquí defender que devolvan os 90.000 millóns de euros cos que salvamos todos e todas a banca na anterior crise? *(Aplausos.)* E iso que dicían que non ía custarnos nada o rescate bancario; xa vemos a quen lle custou.

A segunda gran conclusión deste debate, en termos do Partido Popular, é que os galegos e as galegas están pouco endebedados. O PP triplica a débeda pública en trece anos, e parécelle que isto é un gran logro, que é un logro pasar do 6 ao 18 por cento de débeda pública do PIB; iso si, á custa de deteriorar os servizos públicos. E o grave é que, ademais, vostedes están tomando decisións que nin tan sequera toman en San Caetano, é que as toman na sede Génova de Madrid, como rebaixarlles os impostos aos máis ricos, *(Aplausos.)* única e exclusivamente por fanatismo político do Partido Popular. Unha política insolidaria, inxusta e antisocial.

A súa política fiscal é baixarlle máis os impostos a quen máis ten. E sabe que hai un problema moi grave de déficit fiscal. ¿Que vai facer no próximo ano?, ¿seguir endebedando este país ou actuar para ter unha maior capacidade? *(Aplausos.)* É que é a política máis miope de todas as que se pode aplicar.

E veñen aquí intentar dicir que é falso que lle regalen 34 millóns de euros a un puñado de millonarios. É unha verdade como unha catedral. Os cartos que lles están regalando aos máis ricos, estánllelos quitando á sanidade, á educación, aos servizos sociais; estánllelos quitando aos servizos públicos deste país.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, vostedes gobernan pensando nos intereses de grandes transnacionais, non nos intereses das maiorías sociais. Explíquennos se non por que nas emendas do Partido Popular queren rebaixar os impostos que teñen que pagar as eléctricas. Si, si, señor Corgos, revise as emendas que presentou o Grupo Parlamentario Popular. E, desde logo, non aceptan ningunha das propostas do BNG para que as eléctricas paguen máis nesta crise aproveitando a marxe que temos no noso país.

E seguen abrazando as eléctricas, facéndolles agasallos fiscais aos ricos, mentres desangran a sanidade, colapsan a atención primaria ou foron incapaces de poñer en marcha nin unha soa residencia pública no noso país.

E permítame que me deteña un momento na sanidade, porque é grave, non, gravísimo, o que está pasando neste país, mentres veñen vostedes aquí dicirnos que todo está ben e que a culpa é de Madrid, que terán a súa responsabilidade, claro que si. Pero quero recordarlles que durante moitos anos gobernaba o Partido Popular e non ampliou as prazas MIR, a pesar de que xa se sabía o problema que tiñamos aquí. *(Aplausos.)* Porque hai sete anos xa se sabía cantos médicos e médicas se ían xubilar. ¿Por que non se planificaron as especialidades que se necesitaban? ¿Pode ser que o Partido Popular teña un interese en favorecer a privada fronte á pública? *(Aplausos.)* ¿Pode ser que iso sexa o que está pasando neste país?

Pero ¿como poden ter a cara de vir dicir aquí que nunca estivo mellor a sanidade? Temos máis listas de espera nos hospitais públicos do noso país. Temos listas de espera en atención primaria. Temos miles de nenos e nenas que non teñen pediatra asignado, nenos que naceron e que non teñen pediatra asignado, que poden ir unha tarde a vinte quilómetros do seu lugar onde viven para poder facer unha revisión. E se o neno ou nena está mal que se busquen a vida, ou que vaian un montón de quilómetros colapsar as urxencias deste país.

Temos os PAC sen médicos, onde vostedes lles din a unha enfermeira que faga o traballo dun médico. É que é intolerable o que están facendo coa sanidade pública deste país. *(Aplausos.)* E en vez de vir aquí dar solucións o Partido Popular vén botarlle a culpa ao BNG. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Home! A cuestión, ¿a sanidade non é a cuestión? *(Aplausos.)*

Señor presidente, ten unha substituta.

O señor PRESIDENTE: Señora Murillo, este é outro debate.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, hai quen quere dirixir. En fin, no PP dan carnés de todo, de bos galegos, de malos galegos. Din que se pode dicir, que non se pode dicir. En fin, si, si. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio!

A señora PONTÓN MONDELO: Non, non, eu véxoos ultimamente: dannos carné de todo, facémolo ben, presentamos ben as emendas, presentámolas mal; facémolo ben aquí, facémolo mal. En fin... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Pazos, ¡Silencio!

Estamos rematando. Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: É que a verdade lles molesta. É un problema que teñen. *(Aplausos.)*

E fíxense: e o máis grave... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —ben, grazas— ...o máis grave é que temos un país con máis débeda, con menos xente, con menos emprego industrial, co índice de produción industrial caendo, e o Partido Popular vén aquí sen ningunha estratexia. A súa estratexia é unha estratexia que está secuestrada polos intereses de Madrid, porque cren —si, si, polo seu xefe de filas en Madrid— que canto peor, mellor para os seus intereses electorais. Vostedes queren sacar réditos electorais dunha crise económica na que hai unha maioría que o está pasando mal. E utilizan este goberno non par darlle solucións á xente, senón única e exclusivamente para facer política partidista da máis cutre que hai. *(Aplausos.)* Póñanse a gobernar porque este país necesita unha alternativa.

E claro que o Goberno galego non ten todas as solucións, pero ten moitas solucións ao alcance da súa man. Ten a solución para axudar a quen peor o está pasando, ten a solución de impulsar o desenvolvemento económico deste país, pode facer unha aposta pola ciencia e pola innovación, pode poñerse na vangarda na loita contra o cambio climático, pode fortalecer os servizos públicos, pode darlles aos galegos e ás galegas unha alternativa.

Lamentablemente, hai moito tempo que dimitiron de ser goberno e simplemente están aquí vendo como pasa o tempo, e o tempo levaraos por diante. *(Aplausos.)* A lástima é que o tempo é o que non teñen os galegos e as galegas que non chegan á fin de mes, que queren solucións hoxe, señorías do Partido Popular.

Estes orzamentos non son as solucións que necesitan os galegos e as galegas ante esta crise. Desde as diferenzas volvémoslle dicir: descabalguen da soberbia e negocien nesta Cámara solucións e alternativas porque se pode facer moito, moitísimo máis do que fan vostedes.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche deste debate, o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Antes de pechar, por tratar algunha alusión persoal, en primeiro lugar, señor Álvarez, descúlpeme se o termo co que me referín cando quixen dicir que estaba mal construída tecnicamente a tarefa que presentan de IRPF lle pareceu excesivo. Pido desculpas e prego que se substitúa a palabra «churro» por «mal construído tecnicamente». Non era a miña intención que se sentiran molestados por iso.

Efectivamente, cando comezou o tema do Mecanismo de recuperación e resiliencia, o Goberno galego respondeu axiña e fixo unha primeira listaxe de proxectos, pero estamos a falar do mes seguinte a que se aprobara o Mecanismo de recuperación, antes mesmo de que existise o Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España. Posteriormente, a Consellería de Facenda e a Xunta de Galicia elaboraron a Estratexia galega Next Generation, tamén antes de que se aprobase, mesmamente, o Plan nacional de recuperación e resiliencia. E logo, houbo que adaptar eses proxectos de cando aínda non había plan nacional á aprobación posterior, por iso ten sentido que houbese eses cambios.

Eu daquela non era conselleiro pero si que dixen, naqueles eidos nos que me tocou falar, que se debería ter en conta o punto de vista da cohesión no reparto dos fondos europeos e que se debería ter en conta que hai que repartir máis recursos para modificar a estrutura económica das comunidades autónomas a aquelas que están por debaixo da media de renda per capita, sobre as que están por riba, porque non ten sentido que a recuperación que perseguen estes fondos fose para que algunhas comunidades autónomas converxeran ao 130 % de renda per capita nacional e outras ao 90 %, senón que se tratara de cubrir ese gap. Polo tanto, os criterios que se puxeron de manifesto na comunidade autónoma foron eses.

No que se refire a primaria, penso que xa falamos dabondo. Si que aparecen esas 134 novas prazas para primaria, eu mesmo as autoricei e as negociei co conselleiro de Sanidade, podo dar fe diso.

Falou tamén dun plan especial de comedor. Cómpre lembrar que o 80 % dos alumnos que acoden aos comedores escolares nos colexios públicos pagan entre cero e un euros ao mes, polo tanto, ese debuxo que nos está facendo da fame escolar, pois non se corresponde moito coa realidade.

Polo que indica a señora Pontón, que se alporizou un pouco. Eu simplemente querería dicir que o cadro macroeeconómico o fixeron os profesionais do IGE, fixérono como unha operación estatística aprobada polo Consello Galego de Estatística onde están os representantes dos grupos políticos, tamén o representante do BNG e dos axentes sociais, todos os sindicatos e a patronal, e non puxeron ningunha obxección á técnica de elaboración do cadro macroeconómico. Agora non nos gusta o resultado e protestamos. Pero hai máis, é que falou do informe da AIReF pero non cita textualmente o que di o informe da AIReF. Eu voulle ler o que di textualmente o informe da AIReF: «*Estas previsiones macroeconómicas se realizan en un contexto de incertidumbre que dificulta su valoración en el ámbito nacional, pero de forma acrecentada en el ámbito territorial.*» «*La previsión de la Comunidad se sitúa dentro de la horquilla de estimaciones del consenso de analistas de las comunidades autónomas y es inferior a la contemplada en el cuadro macroeconómico que acompaña a los presupuestos generales del Estado. Además, la estimación de crecimiento del PIB a precios corrientes de la Comunidad, un 5 % para el 2023, resulta*

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

idéntica a lo estimado por la AIReF.». Na súa páxina 11 di o informe: «*La metodología empleada por Galicia para obtener las previsiones se considera adecuada.*» E na 12 di que «*El grado de cumplimiento de los requisitos aplicables definidos anteriormente es muy elevado en la metodología.*»

Polo tanto, con respecto á súa falta de consistencia, eu entendo que politicamente vostede di o que ten que dicir pero non se corresponde coa realidade. *(Aplausos.)* E respecto do tema da política fiscal e os prezos e a primaria de Sanidade, pois podemos facer unha recompilación de todos os asuntos que nos traen aquí e ollar como tratan vostedes os médicos de primaria na súas modificacións tributarias, nas súas emendas. O partido que sustenta o Goberno e a Xunta de Galicia presentan propostas que supoñen unha deflación importante para o tramo máis baixo do IRPF, como dicía. É unha rebaixa que xa comezou o ano pasado, de toda a tarifa do IRPF. Vostedes amosan unha conduta certamente errática, porque o ano pasado subían todos os impostos de forma intensa e agora semella que baixan algún tramo e deflactan con diferentes intensidades e con algún erro técnico como dicía.

Pero o resumo é que un médico de primaria, segundo a tarifa que presenta o Bloque, tería que pagar na declaración da renda da próxima primavera 550,71 euros máis se non ten fillos que na tarifa que presenta o grupo do Goberno da Xunta de Galicia. E segundo a tarifa que presenta o PSOE tería que pagar 519,41 euros máis que a tarifa que presenta o Goberno de Galicia. Así non se atrae médicos de primaria para traballar na nosa comunidade autónoma, señorías. *(Aplausos.)*

Os números son teimudos. É máis fácil falar que dar números e solucións, ¿verdade?. Pechamos este amplo debate como lles dicía ao principio, o máis importante cada ano en materia económica é que se produce nun intre de moitas incertezas, ás que este orzamento trata de dar resposta.

Quero agradecer o ton e as propostas de todos os grupos parlamentarios, pois, pese a non poder estar de acordo con moitas delas, deste tipo de debates sempre xorden cuestións que enriquecen. Señorías, cada orzamento ten que tentar dar resposta á conxuntura na que ten que ser executado. E, modestamente, creo que o proxecto de orzamento do goberno galego é axeitado para darlle a Galicia o impulso que necesita neste momento.

Estamos rematando un ano que se foi complicando dende que a finais de febreiro se produciu a invasión rusa de Ucraína, e que intensificou unha alza de prezos que xa comeza a mediados do ano pasado, que está a provocar xa unha crise enerxética. Estas circunstancias están levando a unha ralentización económica da que Galicia non pode ser allea. Polo tanto, estes orzamentos, co maior volume de recursos da historia, teñen que ser unha ferramenta fundamental para dar resposta tamén a moitas destas exixencias e necesidades. Temos claras as prioridades, estou seguro de que en liñas xerais son compartidas por todos, e de novo quero reafirmar o compromiso do goberno galego para axudar e acompañar a todas as familias que o precisen.

Estamos convencidos de que os orzamentos que hoxe debatemos axudarán no obxectivo de achegar solucións, con novas baixas de impostos e con medidas fiscais retroactivas a este ano, co obxectivo de ser áxiles e achegar alivio fiscal o máis axiña posible, nun contexto de

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

prezos elevados. Cada contribuínte pagará de media, cando faga a declaración do IRPF esta primavera, 476 euros menos que no 2009, cun novo reforzo dos servizos públicos fundamentais, con máis recursos que nunca para fortalecer a sanidade, a educación e as políticas sociais. E cunha nova aposta polo investimento produtivo, nun momento de ralentización económica para axudar as pemes, autónomos e empresas a facer fronte a esta difícil conxuntura. Queremos acertar, cunhas contas útiles para as familias e empresas e que estas vexan na Administración autonómica un aliado co que contar nun ano 2023 que será certamente complicado.

Ao igual que xa advertín o ano pasado, quero reafirmar a necesidade de que o Goberno de España non perda a oportunidade que supoñen os fondos europeos Next Generation, un ano máis, e que axilice un reparto equitativo para que os proxectos identificados en Galicia poidan ser unha realidade e acheguen riqueza e postos de traballo. Por parte do Goberno galego, reafirmo o noso compromiso de facer todo o posible para optimizar estes recursos europeos, para favorecer a modernización da nosa estrutura económica e que Galicia estea entre os territorios que poidan saír reforzados desta crise.

Señorías, remato xa, desexándolles un bo traballo parlamentario para poder aprobar uns orzamentos útiles e que sirvan de impulso para o que Galicia precisará o vindeiro ano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Votación das emendas á totalidade do grupo I

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación das emendas do grupo I. Faremos unha votación conxunta de todas as emendas á totalidade do grupo I formuladas polos grupos parlamentarios, tanto as que postulan a devolución global dos orzamentos como a devolución de calquera sección ou centro xestor de gastos.

Escomenzamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou axentes xestores do gasto, do G. P. dos Socialistas de Galicia

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Votación conxunta das emendas á totalidade do grupo I, emendas que postulan a devolución global dos orzamentos ou a devolución dos orzamentos das seccións ou axentes xestores do gasto, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas tamén estas emendas.

E agora suspendemos a sesión ata a tarde, ata as dezaseis horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión e retómase ás catro da tarde.

A señora PRESIDENTA (Candia López): Reiniciamos a sesión.

Corresponde neste intre entrar no grupo II.

Debate e votación das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou que transfiren créditos entre seccións

A señora PRESIDENTA (Candia López): Presentaron emendas o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Para a defensa das mesmas ten, en primeiro lugar, a palabra por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo por tempo de 15 minutos.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señores e señoras deputados.

Boa tarde, señor conselleiro de Facenda.

Hoxe debatemos os décimo terceiros orzamentos destes últimos anos, trece anos nos que levan vostedes gobernando Galicia de maneira ininterrompida. Vostedes levan trece anos aprobando orzamentos nos que se incrementan as contías orzamentarias pero non pensan nas persoas. Para este Goberno dá igual que sexan uns orzamentos históricos que uns orzamentos restritivos, xa que en función dos recursos que teñan incrementan ou diminúen as contías para os mesmos programas. Vostedes non pensan nos recursos, pensan nos cartos. Tampouco pensan nas persoas, pensan nos números, usuarios ou clientes. Vostedes carecen dun proxecto de país.

Cando se inicia a elaboración dun orzamento hai que poder atender as principais necesidades das persoas e dos sectores produtivos no presente, pero ao mesmo tempo ter unha mirada

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

posta na Galicia do futuro. Sen esta mirada, señor conselleiro, e sen que se aproveiten estes recursos históricos, vai ser moi difícil acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente, máis igualitaria e sen que ninguén quede atrás. Vai ser moi difícil que vostedes cumpran coa obriga que teñen de acadar estes obxectivos que deberan ser o voso compromiso cos galegos e coas galegas. Vostedes con máis de catorce mil millóns de euros non son capaces de atender as necesidades da nosa poboación. Non o foron antes e nada fai pensar que o vaian ser con estes orzamentos históricos para o 2023.

Hoxe estamos novamente nunha situación extraordinaria. Sen que teñamos saído aínda desta pandemia, sumamos neste ano as consecuencias da guerra en Ucraína debido á invasión rusa; unha situación que alterou o contexto xeopolítico e económico que entre as súas repercusións en todas as economías dos Estados membros da Unión Europea están o aumento do prezo da enerxía, dos alimentos e das materias primas, así como menores perspectivas de crecemento. Polo que a actuación das administracións é absolutamente necesaria para poder saír desta nova crise co menor impacto negativo posible.

Señor conselleiro, se a actuación do Goberno do Estado encabezado por Pedro Sánchez foi fundamental para superar as peores consecuencias da crise sanitaria, económica e social derivada da pandemia da covid-19, as medidas adoitadas polo Estado ante esta crise de guerra volven ser as que están permitindo que sexa España dentro da Unión Europea a economía que máis medra, un 4,5 % do PIB para o 2022 segundo os últimos datos publicados pola Comisión Europea, e a segunda economía coa inflación máis baixa en toda Europa, un 7,3 % para o mes de outubro, que baixa máis de 1,5 puntos respecto ao mes anterior. Isto foi debido fundamentalmente ás medidas aprobadas polo Estado para baixar o prezo da electricidade e tamén en parte polo funcionamento dese mecanismo do tope do gas do que vostedes saíron unha e outra vez neste Parlamento galego a criticar e que tivo que ser en Bruxelas onde lle explicaran ao ex presidente Feijóo que era unha das medidas fundamentais para chegar a esta baixada na inflación.

Mentres, na nosa comunidade, señor conselleiro, o IPC para o mesmo mes de outubro está por encima da media para o conxunto do Estado, é dicir, nun 7,8 %, que é o mesmo que vén acontecendo en todos os meses que van deste ano. E nós preguntámonos: ¿isto é suficiente?, ¿o que está facendo o Estado é suficiente? Non, señor conselleiro. Os socialistas non nos conformamos. Seguen sendo necesarios recursos para que fundamentalmente os fogares máis vulnerables e as empresas máis afectadas poidan saír desta situación económica. Polo que o Goberno galego debera con estes orzamentos para o 2023 complementar os recursos que transfire o Goberno do Estado para axudar a quen máis o precisa para saír todos e todas xuntos dunha maneira o menos desigual posible desta nova crise.

Hoxe, señor conselleiro, teñen esa oportunidade. Aproben cos votos dos seus deputados e deputadas do Partido Popular as nosas emendas que mobilizan setecentos sesenta e seis millóns de euros ata acadar os trece mil millóns de euros de gasto non financeiro. Unhas emendas coas que pensamos no presente e no futuro, que reforzan os fogares máis vulnerables, as clases medias e traballadoras, as empresas máis afectadas, os servizos públicos, a industria, o emprego, a vivenda, a cultura, a mocidade, os maiores e o deporte. Teñen a oportunidade de rectificar e así acertar.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señor conselleiro, teñen a oportunidade de aprobar hoxe coa nosa emenda un reforzo importante para os sectores produtivos nos que mobilizamos catrocentos setenta e oito millóns de euros, que inclúen un plan de compensación do incremento dos custos de transporte e enerxía para autónomos, profesionais, empresas e sectores afectados; un plan de reforzo para as industrias electrointensivas, axudas para o comercio e a hostalería, actuacións cara á descarbonización e a transición xusta, e un incremento en douscentos trinta e seis millóns de euros en I+D+i. Un total de catrocentos setenta e oito millóns de euros que se sumarían ás transferencias finalistas que reciben do Estado. Aproben estas emendas que redundarán en beneficio do noso sector produtivo, xa que votando en contra, señor conselleiro, amosarán unha vez máis que este Goberno está de costas a quen máis o necesita.

Señor conselleiro, con estes orzamentos —os que estamos a debater hoxe aquí— volvemos constatar que para este Goberno da Xunta de Galicia é moito máis importante a minoría que máis ten fronte á maioría da cidadanía. Vostedes sen complexos e — permítame que llo diga— sen vergoña van aprobar unha rebaixa selectiva de impostos aos sete mil setecentos galegos e galegas máis ricos do noso país; aos que lles bonifican a cota do imposto de patrimonio nun 25 %, sumando o 25 % que xa lles aprobaron o ano pasado. É dicir, a Xunta de Galicia regálalles aos sete mil setecentos galegos máis ricos de Galicia unha media de catro mil cincocentos euros en 2023. ¿Considera vostede, señor conselleiro, que para patrimonios de máis dun millón de euros que é moito contribuír con catro mil cincocentos euros para saír todos xuntos e o menos desigual posible desta crise? Gustaríame que me contestara.

Vostedes non aprenderon nada da realidade amosada no Reino Unido coas políticas anunciadas por aquela primeira ministra Liz Truss, que durou 45 días en Downing Street polo anuncio da baixada de impostos xeneralizada. Vostede sabe perfectamente a situación que provocou, polo tanto, ¿non lle parece suficiente mostra de que as políticas regresivas non son axeitadas nestes momentos que estamos vivindo na nosa sociedade e na nosa economía?

Vostedes traen hoxe un proxecto de orzamentos indolente: incrementan en máis de mil douscentos trinta e nove millóns de euros polo lado dos ingresos, anuncian a baixada de impostos sen complexos aos máis ricos mentres lles retiran a tarxeta básica ás familias que máis o necesitan. Un recurso que, unido ao paraugas social do Goberno do Estado, evitou que cento vinte e sete mil persoas en Galicia evitaran o risco de pobreza no ano 2021. E non o dicimos os socialistas, señor conselleiro. Sei que o sabe perfectamente e que coñece o informe sobre o estado da pobreza en Galicia elaborado pola Rede Europea contra a Pobreza e a Exclusión.

O dito informe revélanos que en 2021 en Galicia había seiscentas setenta e oito mil persoas residentes en Galicia que estaban en risco de pobreza e exclusión social, é dicir, o 25,2 % da poboación total galega. Os últimos datos publicados polo IGE correspondentes á EPA do terceiro trimestre deste ano dinnos que temos no noso país cincuenta mil oitocentos fogares con todos os seus membros en paro e vinte e catro mil setecentos fogares sen ingresos. E, mentres, vostedes séguenlles regalando catro mil cincocentos euros aos patrimonios de máis dun millón de euros.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

¿Cales son as medidas deste Goberno nestes orzamentos para axudar a estes fogares, máis aló do que van recibir en transferencias finalistas do Estado? Porque van recibir máis de trece millóns no programa do bono social térmico, case catro millóns para a protección á familia e a atención á pobreza infantil e cento sesenta e catro millóns de euros para atención á dependencia.

Aproben as nosas emendas, señor conselleiro, nas que propoñemos mobilizar máis de cincuenta e tres millóns de euros para repoñer esa tarxeta básica para beneficiar a cincuenta e cinco mil persoas en Galicia, triplicar o bono social eléctrico para chegar, polo menos, a unhas dezaoito mil persoas, implementar un plan de loita contra a pobreza, un programa de bolsas de alimentación, incrementar o servizo de axuda no fogar e axudas para comedores escolares, entre outras medidas.

Señor conselleiro, levamos demasiado tempo no que a demografía está a ser un dos problemas fundamentais no noso territorio. Durante trece anos vostedes non foron quen de frear a sangría demográfica que está a vivir Galicia e o resultado do fracaso das políticas demográficas do seu Goberno é que en trece anos perdemos máis de cen mil habitantes. Aprobaron plans e leis, pero os resultados seguen sendo terribles.

Os datos son máis que preocupantes. Vostede coñece perfectamente as prospeccións elaboradas polo IGE nas que nos advirten de que, de seguir así, no ano 2035, é dicir, en menos de catorce anos, perderemos case cento sesenta e cinco mil habitantes, que é tanto como dicir que se perde o 54 % da poboación actual de toda a provincia de Ourense. E sabe tamén que, segundo un estudo elaborado por Eurostat Galicia, será a terceira rexión europea máis envellecida en 2050. Pero vostedes sigan mirando de a quen culpar da súa ineficiencia —supoño que tamén será culpa de Pedro Sánchez—.

Proben a executar o contido da Lei do impulso demográfico e aproben as emendas que os socialistas lles presentamos e seguro que así acertarán. Os socialistas temos indicado en varias ocasións que sen políticas de emprego de calidade, sen políticas de vivenda asequible e sen políticas de mellora dos servizos públicos de calidade e preto da cidadanía que lles permitan ás persoas desenvolver o seu proxecto vital, nada do que fagan terá éxito para reverter a sangría demográfica do noso país.

Vou empezar polas políticas de emprego, señor conselleiro. As políticas de emprego do Partido Popular durante estes trece anos o que nos din é que Galicia non ten recuperado o nivel de persoas ocupadas que había en 2009. Seguimos estando con corenta e dúas mil catrocentas persoas ocupadas menos no mesmo trimestre de 2009. Se miramos a taxa de ocupación no terceiro trimestre de 2022 respecto do ano anterior, resulta que Galicia medra un 0,11 %, pero é que no conxunto do Estado medra un 2,57 %. E se miramos o número de parados respecto do mesmo trimestre do ano anterior, Galicia incrementa o número de parados nun 6,44 % mentres que para o conxunto do Estado hai unha baixada dun 12,78 %. Xa que logo, o emprego en Galicia ten unha evolución moito peor que no resto do Estado e vendo que os cambios lexislativos aprobados no Congreso co voto en contra do Partido Popular —por certo, señor conselleiro— están resultando claramente beneficiosos para o emprego non só na cantidade, senón tamén na calidade do mesmo.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Para que as políticas dean resultados hai que executalas e vostedes teñen o triste récord de datos de execución que só nos últimos tres anos deixaron sen executar máis de cincocentos millóns de euros, ¡máis de cincocentos millóns de euros!, con partidas que se incrementaron máis do dobre debido aos fondos transferidos polo Goberno do Estado, pero que o Goberno Feijóo foi incapaz de executar. Esperamos a ter os datos de execución deste exercicio a ver se o Goberno de Rueda é máis dilixente.

Isto amosa, señor conselleiro, un total desprezo pola situación límite que está a padecer un número moi importante de persoas no noso país, así como unha falla de compromiso e iniciativa co desenvolvemento de Galicia. Para este exercicio a nosa comunidade voltará recibir de transferencias finalistas do Estado case cento noventa millóns de euros para políticas activas de emprego e para formación en emprego.

Apliquen as políticas de emprego, executen os recursos e admitan as emendas que lles presentamos hoxe os socialistas nas que propoñemos movementos e incrementos para a creación dun programa de emprego galego, para reforzar o fomento do emprego para persoas paradas de longa duración maiores de 45 anos, para o emprego feminino, para a xente moza e para a creación dun programa retorno.

A segunda das condicións para que as persoas poidamos desenvolver o noso proxecto vital e que repercute directamente no asentamento poboacional é a vivenda, a vivenda asequible. As políticas de vivenda do Goberno galego do Partido Popular durante estes trece anos arroxan un vergoñento resultado. Orzamentan para este exercicio cincuenta e cinco millóns de euros, fronte aos cento oito millóns de euros que foron orzamentados no ano 2009, sendo as partidas consignadas por parte da Xunta de Galicia para o acceso á vivenda as que se transfiren do Goberno do Estado fundamentalmente, sen que o Goberno galego achegue ningunha partida significativa con fondos propios.

Este ano van recibir por parte do Estado, como transferencias finalistas, preto de trinta e dous millóns de euros para o Plan estatal de vivenda e para ese bono alugueiro á mocidade, que vostedes tamén votaron en contra, pero que agora venden con moita publicidade e propaganda.

Señor conselleiro, o Plan de vivenda 2015-2022 marcaba preto dun millar de novas vivendas de promoción pública e construción. E a realidade é a raquítica cifra...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...—remato xa, señora presidenta. Permítame simplemente acabar este bloque— de corenta vivendas en seis anos, sabendo ademais que hai máis de dezaseis mil persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda protexida e sendo unha das causas fundamentais da falla de emancipación da mocidade na nosa comunidade. E teño que volver apuntar á falta de grao de execución da Xunta de Galicia.

Para o ano 2021, señor conselleiro, en política de vivenda, vostedes deixaron sen executar dous de cada tres euros dos fondos para o acceso á vivenda. Os socialistas propoñémoslles

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ampliar substancialmente o parque público de vivendas existentes na actualidade en Galicia e, a través das nosas emendas, solicitamos que se acheguen fondos para a construción de vivendas de promoción pública, complementar ese bono alugueiro...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo. Ten que ir rematando...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para a xuventude para chegar a máis beneficiarios...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e axudas para familias con dificultades para o alugueiro.

Grazas pola súa flexibilidade, señora presidenta. Seguirei na segunda quenda. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra dona Noa Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Boa tarde, señor conselleiro.

O ano 2022 vai rematar en pouco máis dun mes e o avance deste debate orzamentario ten, un ano máis, moitas concomitancias co ciclo de fin de ano. Por unha banda, facemos balance do que aconteceu neste último ano e facemos tamén propósitos —por así dicilo— para o 2023.

O debate orzamentario debe estar baixo o noso punto de vista sobre todo baseado no futuro, porque ao fin e ao cabo debatemos hoxe que facer cos recursos que son de todos os galegos e as galegas. Mais, o certo é que para acertar tamén toca ser quen de acertarmos no balance. Desde logo, nós temos claro que estes orzamentos fallan nas dúas cousas: fallan na diagnose e no balance, e tamén nas propostas que fan cara ao futuro.

Nós queremos comezar este debate poñendo un pouco de perspectiva: estamos tramitando, de feito, os terceiros orzamentos dunha lexislatura que nacía no 2020 como unha especie de vontade de lexislatura de ave fénix, nun contexto moi complicado e cunha crise sanitaria, económica e social que o trastocou absolutamente todo.

Mais, o certo é que vai pasando o tempo e vemos que deixar atrás esa crise sanitaria non supuxo a resolución de todos os problemas. Ao contrario, hai problemas novos e hai problemas que estaban connosco e que se viron agravados. E, polo tanto, cabería comezar este debate preguntándose se o feito ata agora ou se estes orzamentos serven para adaptar o noso

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

país aos retos de futuro e aos problemas que temos hoxe os galegos e as galegas. Nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, dicimos que absolutamente a resposta é non. E iso é un problema porque non estamos nun momento calquera, señores do Partido Popular. Vivimos un momento histórico que é absolutamente complexo e despois da crise sanitaria —como dicía— emerxeron outros problemas. Pensemos só no que leva acontecido neste último ano e vou poñer só tres exemplos.

Estamos nun contexto dun absoluto recruamento do belicismo e das tensións xeopolíticas a nivel internacional con consecuencias cada vez máis imprevisibles.

Segundo exemplo, estamos nunha crise de prezos que hai un ano vostedes seguían sostendo que era algo conxuntural e que é evidente que é algo estrutural. O empobrecemento que trae para a nosa sociedade veu para quedar e está afectando de forma moi brutal aos colectivos que estaban xa moi damnificados polas crises anteriores. Vemos tamén como con esa crise de prezos se agravan outros problemas como é a crise de materiais, a rotura de cadeas produtivas, etc., e como iso nos afecta máis a nós, porque aínda que despois da pandemia falabamos de que había un consenso respecto de cambiar moitas das cousas que non funcionaban, vostedes non fixeron absolutamente nada nin no plano económico nin no plano social por mudar aquilo que non funcionaba. A progresión das cifras que vostedes intentan practicar desde o Partido Popular non oculta a gravidade do fondo en problemas tan evidentes como a carestía dos alimentos, que o que fai é ser síntoma dun problema enorme e amosa que as crises cíclicas que está a ter o capitalismo teñen consecuencias moi daniñas na nosa sociedade.

E o terceiro exemplo é que hoxe vemos tamén como algúns dos problemas que estaban connosco, como a crise climática, están máis agravados porque non se actuou. Só neste último ano, vivimos cuestións absolutamente extremas: a maior seca da historia do noso país desde que hai cómputos, vimos que arderon máis de cincuenta mil hectáreas no noso país por lumes de nova xeración e, nese mesmo ano de lumes brutais e de seca brutal, vimos tamén anegamentos no noso país.

Polo tanto, neste contexto é absolutamente distópico, señor Corgos, que vostede veña aquí a esta tribuna a falarnos de axenda responsable. Só lles faltou recordarnos aquilo do crecemento san que supoño que a estas alturas non poderán seguir sostendo. E nós preguntámonos: ¿que clase de tomadura de pelo é esta?, ¿por que merece este país un goberno convertido nunha absoluta fábrica de desculpas, que non asume ningunha responsabilidade e que non é responsable nin está actuando para unha posible recuperación?

Só foron honestos no debate de hoxe nunha cousa e é que dixeron que vostedes son moi previsibles e iso temos que recoñecerllo, son vostedes previsibles. E efectivamente os que onte, no 2009, aproveitaron unha crise económica para regalar máis de cen mil millóns de euros á banca son os mesmos que negaban o cambio climático, os mesmos que antonte negaban a gravidade da inflación e os mesmos que agora intentan aproveitar outra crise para furtar á maioría social dereitos e capacidade, mentres lles entregan os recursos a unha minoría. ¡Niso si que son absolutamente previsibles! Queren facer vostedes o que xa fixeron no 2009. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E fronte a ese atraco a man armada —porque non é unha crise, é unha atraco a man armada—, hoxe desde o Bloque Nacionalista Galego traemos aquí alternativas e traemos propostas que están asentadas no realismo e na confianza do país, buscando un obxectivo moi claro que é unha saída galega xusta a esta crise. E para iso, hoxe defendemos máis de cincuenta propostas de cambio estratéxico mobilizando dous mil millóns de euros porque hai outra maneira de gobernar.

Señorías, nós temos claro que Galiza precisa un cambio e quedou moi claro hoxe pola mañá que a alternativa para liderar ese cambio é o Bloque Nacionalista Galego. A nosa emenda reflexa esa liña que habería que seguir neste contexto. Para iso, traemos aquí propostas que aínda que están limitadas polo corsé que xa coñecemos que supón este debate, que ten moitas limitacións, pero que serven para avanzar como —incluso neste marco tan limitado— podería haber un orzamento alternativo. Polo tanto, un orzamento que aprobaría o BNG iría en dúas direccións como vai esta emenda.

A primeira delas en aumentar os recursos porque nun contexto de inflación, onde todo —a prestación de servizos tamén— é cada vez máis caro, é evidente que é necesario ter máis recursos para blindar os servizos públicos e para iso do que se require é dunha política fiscal valente.

En segundo lugar, tamén artellamos as propostas a través dunha reordenación das prioridades, porque incluso coa capacidade deste orzamento e reorganizando o destino de mil setecentos millóns de euros poderiamos facer cuestións que non aparecen nos orzamentos da Xunta e que, malia a falta de soberanía política e económica que temos, poderían poñerse en marcha. Desde logo, hai outra maneira de gobernar e o primeiro paso sería dar un xiro de 180 graos á política fiscal en dúas liñas de traballo moi claras.

A primeira, reformar impostos xa existentes e, a segunda, crear novos impostos, por suposto. Nós dicímolo alto e claro: hai que crear novos impostos porque son moitas as necesidades que hai neste país e a nosa alternativa é moi clara para facelo. Poñer fin aos pelotazos fiscais e poñer fin tamén á política e patente de corso que teñen as grandes multinacionais no noso país cos nosos recursos naturais. *(Aplausos.)*

Señorías do Partido Popular, nós acreditamos que a auga, o vento e a terra dos galegos e das galegas só ten un dono, que son os galegos e as galegas. E que, polo tanto, a súa explotación e o seu uso ten que ter un obxectivo moi claro que é que todo o mundo neste país teña dereito a vivir e a traballar con dignidade. Para iso, hai que poñer coto aos privilexios do *lobbie* eléctrico e recadar recursos para poder aplicar medidas.

Nese sentido, reformariamos impostos xa existentes en tres liñas: acabar, por exemplo, coa barra libre da industria eólica modificando os gravames do canon eólico; subiriamos o imposto ao dano ambiental dos encoros, gravariamos, por exemplo, as redes de alta tensión e tamén modificariamos impostos —como dicía—, por exemplo acabando coa barra libre do imposto de sucesións e de doazóns, modificando o imposto de patrimonio non para beneficiar a quen máis ten, senón para que contribúa ás necesidades dos servizos públicos ou reformar o IRPF para facelo máis redistributivo, aumentando de cinco a oito os tramos do IRPF.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén poderiamos crear novos impostos non só como os referidos ás eléctricas, senón que tamén hai cuestións que non podemos seguir ignorando. Por exemplo, un goberno do Bloque Nacionalista Galego non faría o que fai o Partido Popular co principal problema de exclusión residencial e social que ten este país que é a falta de vivenda. Polo tanto, nós o que fariamos sería gravar a vivenda baleira e fariamos tamén outras medidas como gravar as grandes superficies para así beneficiar ao pequeno comercio e protexelo que tan mal o está pasando.

Polo tanto, en resumo, señor Corgos, cambios na política fiscal que sumarían arredor de cento oitenta millóns de euros máis para reforzar os servizos públicos, porque iso é o que hai que facer no momento de crise, reforzar os servizos públicos, axudar a quen menos ten e deixar de privilexiar a unha maioría que xa saíu beneficiada das dúas últimas crises económicas.

E todo isto tería que servir para fornecer un capítulo de gastos máis ambicioso e que —como avanzabamos pola mañá— estivese orientado cara a catro liñas estratéxicas e catro prioridades que vostedes desatenden. A primeira, axudar a quen máis o precisa nesta crise, a segunda reforzar os servizos públicos e a terceira transformar a economía sentando as bases dun novo modelo produtivo que estivese baseado na ciencia e na innovación. E facer isto en relación tamén con afrontar os retos da emerxencia climática e, por suposto, facer todo isto reforzando a atención dos servizos públicos e as políticas de igualdade. Desgranarei, polo tanto, agora algunha desas propostas.

Levamos insistido moito neste debate orzamentario e tamén nos anteriores en que é o momento de axudar a quen menos ten porque o agravamento do empobrecemento e a exclusión social no noso país non pode permitirse.

Saben vostedes perfectamente que nesta crise de prezos as e os galegos sofren máis que no resto do Estado por varios motivos. Primeiro, porque a inflación está sendo máis brutal e, segundo, porque temos os salarios e as pensións máis baixas. Polo tanto, está afectando dunha forma máis fonda. E, por riba, porque hai un goberno —o seu goberno— que se dedica a aplicar medidas antisociais como furtar a tarxeta básica.

Polo tanto, nós dariámoslle a volta a isto cun ambicioso plan de rescate social por valor de máis de douscentos millóns de euros, comezando, primeiro, pola recuperación desa tarxeta básica, pero tamén con outras medidas, que ninguén entende como non son quen de aplicar neste momento como é incrementar as pensións non contributivas, as máis baixas que temos, ou elementos como crear unha renda galega de inserción laboral que sexa compatible co salario. Porque o certo é que, no día de hoxe, en novembro de 2022, hai persoas neste país que teñen un traballo ou dous traballos e que aínda así non chegan a fin de mes. Isto non se pode consentir. Hai que empregar o autogoberno. ¿Para que? Para axudar a esta xente a que saían adiante e que non teñan que continuar nesa situación.

En segundo lugar, un dos ámbitos que vostedes tamén, un ano máis, de forma propositada, desatenden é todo o que ten que ver cos servizos públicos e coa igualdade. Nós insistimos: a crise non pode supoñer un novo retroceso de dereitos, por iso incluímos medidas, por exemplo, no ámbito do ensino, para blindar os comedores escolares, para bolsas anticrise,

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

para que ninguén teña que quedar atrás e tamén para rescatar a sanidade, que está nunha situación absolutamente crítica e que vostedes desatenden, e sábeno perfectamente. Por iso, tamén mobilizamos máis de 500 millóns de euros para un verdadeiro plan de rescate da atención sanitaria, que vai desde a atención primaria, desde incrementar os perfís profesionais e suplementar as súas necesidades, a eliminar as listas de agarda, ou un verdadeiro plan de atención da saúde mental. En definitiva, o que facemos é mobilizar recursos para que as/os galegos teñan benestar, acometer cuestións pendentes como unha verdadeira transformación do sistema de residencias, unha verdadeira política da aposta contra a violencia machista que mobilice o 1 % do orzamento, ou políticas públicas para vivenda, especialmente no ámbito da mocidade e do freo aos desafiuzamentos.

E, tamén, insistimos, este é o momento de anticipar Galiza, de situala nos cambios que está habendo no ámbito económico a nivel internacional. Por iso, a terceira e a cuarta prioridade que eu citaba teñen que ir da man: apostar por un novo modelo produtivo e responder aos retos da emerxencia climática, porque, desde logo, as políticas que vostedes inclúen son un ano máis negacionistas desta realidade; o que fan é pintalas de verde, un gran exemplo de *greenwashing* do Partido Popular, pero é que en realidade van na dirección contraria.

Nós o que propoñemos son liñas estratéxicas de cambio, liñas estratéxicas para resolver os grandes problemas da nosa economía, que son a falta de industrialización, a falta de aposta polo valor engadido, a falta de recuperación do control dos recursos estratéxicos ou a falta de actuacións ante a crise climática. Por iso, traemos propostas para as urxencias de hoxe, pero coa mirada posta no mañá, confiando no talento do país, apostando por un pacto galego pola ciencia que aspire a ocupar o 3 % do orzamento, por un plan para fomentar a actividade tecnolóxica e industrial, poñendo 2030 como un horizonte estratéxico, e apostando tamén por sectores punteiros, como, por exemplo, unha estratexia da bioeconomía ou un novo modelo enerxético fronte á crise climática. Iso, por suposto, sen esquecer dous elementos que son moi importantes: protexer a pequena e mediana empresa do noso país e tamén atender de forma específica o noso sector primario, o noso mar e o noso medio rural, e a súa potencia. Tamén todo isto sen esquecer que a cultura nos fai libres e que, nun contexto global como o que vivimos, a nosa lingua, a nosa cultura, son un ben, un valor a protexer, por iso incluímos tamén propostas como un plan de internacionalización da lingua galega, un plan de reactivación da cultura ou propostas para normalización lingüística.

En síntese, señores do Partido Popular, mobilizamos 2.000 millóns de euros reflectindo como cabería unha alternativa que atenda os principais problemas dos galegos e das galegas, da maioría social, en lugar dos dunha minoría.

E remato xa, porque, efectivamente, o Partido Popular aínda nalgún sitio o acaba de descubrir, pero a oposición sempre temos tempo limitado e non dá para todo. Eu reflexionaba sobre que neste 2022 se cumpren moitos aniversarios. Estes días falabamos do aniversario do *Prestige*, e estes días tamén se cumpría o aniversario de nacemento —o 80º aniversario— dunha das mentes máis brillantes que tivo a humanidade, a de Stephen Hawking. Stephen Hawking dicía que a intelixencia é a habilidade de adaptarse aos cambios, e, desde logo, nestes terceiros orzamentos, unha vez máis, vostedes desaproveitan, señor Corgos, a oportunidade de adaptarse aos cambios.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Fronte a iso, nós, desde o Bloque Nacionalista Galego, propoñemos apostar pola intelixencia deste país, por confiar neste país, por adaptarnos aos cambios; por adaptarnos aos cambios do presente para conquistar o futuro. Desde logo, esa é a nosa alternativa nesta emenda, e teñen aínda —aínda que supoño que a desaproveitarán unha vez máis— unha oportunidade de rectificar e de deixar de condenar este país un ano máis cuns orzamentos que son antisociais, insolventes e absolutamente insolidarios.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Ten agora a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Boa tarde, señora Rodríguez Rumbo. Boa tarde, señora Presas.

Por un momento parecía que estabamos perante o debate de cerramento do exercicio, en vez de no de presentación dos orzamentos. Eu si que penso que estamos a presentar unhas solucións ás circunstancias e un acordo macroeconómico que presentamos hoxe á mañá, tanto pola parte dos ingresos como pola parte dos gastos, que non teñen parangón co que se fixo nos dous anos anteriores.

Esta mañá tivemos ocasión de confrontar os modelos de política económica e puidemos contrastar que existen as lóxicas diferenzas entre cada grupo. Esta circunstancia non tería que ser incompatible ou facer imposible poder achegar algunha postura en certos aspectos que poida mellorar o proxecto que está en trámite parlamentario. Pero a posición do Goberno galego sobre as emendas transversais dos grupos da oposición, logo de analizalas polo miúdo, é que resulta ben difícil aceptalas. E o feito de non poder aceptalas non é por algo preconcibido, senón por razóns fundamentais e baseadas en diferentes motivos. O primeiro é que estamos en contra de subir impostos aos cidadáns. Non digo nada novo, e con máis motivo neste intre. Os grupos do BNG e do PSdeG coinciden en aumentarlles os impostos aos galegos e ás galegas, aínda que con diferentes modelos e intensidade. Señores da oposición, dende o Goberno galego defendemos xusto o contrario: baixar os impostos para todos os galegos e galegas todo o que poidamos e facelo compatible orzamento a orzamento co reforzo dos servizos públicos.

En canto ás emendas concretas, algunhas son imposibles de levar á práctica porque, simplemente, se elevan en fundamento aos ingresos ou retiran partidas finalistas que non se poden empregar na proposta alternativa. Noutros casos, porque reducen ou mesmo eliminan proxectos, programas ou partidas precisas para o funcionamento da Administración e a prestación de servizos públicos. Algúns dirán que son demasiado contable, pero o que non se pode facer non se pode facer.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Respecto das propostas do PSdeG, o primeiro que lle quero deixar claro é que o Goberno galego rexeita subirlles os impostos aos cidadáns en nada máis e nada menos que 250 millóns de euros, 249,4 millóns de euros. As súas emendas soben 208,9 millóns de euros en impostos que xa existen e 30,5 millóns de euros máis en novas figuras impositivas. O noso modelo é ben diferente; intentamos baixar impostos, e máis nesta conxuntura, como dicía, sempre coa intensidade que o permite a situación económica, e, por suposto, tentamos non subilos. Ademais, consideramos que este non é o momento, como dicía, de incrementarlles os impostos aos galegos. ¿De verdade cren os señores socialistas que co incremento xeneralizado de prezos que estamos a vivir este é o momento de incrementar os impostos en case 250 millóns de euros? Nós pensamos que non, e por iso adiantamos a este ano, e con efecto retroactivo, medidas de alivio fiscal ás familias, deflactando os tres primeiros tramos do IRPF, aumentando os mínimos persoal e familiar e reducindo o primeiro tramo do IRPF do 9,4 % ao 9 %, para que nesta primavera, cando os galegos e as galegas fagan a súa declaración da renda, paguen de media 476 euros de media menos que no 2009, como dixen esta mañá. Ademais, consolidamos as importantes rebaixas vixentes en sucesións e no Programa impostos cero no rural, das que xa se teñen beneficiado máis de 930.000 galegos e galegas.

Analicemos unha a unha as medidas fiscais que propón o PSdeG. Propoñen que os galegos paguen 20,4 millóns de euros máis en IRPF, exactamente a mesma contía que en anos anteriores. Pois direilles exactamente o mesmo: non estamos de acordo, e menos neste ano. O Goberno galego pensa de xeito contrario; así, para continuar na senda iniciada en Galicia no 2014 e continuada no 2016 e 2022, neste orzamento adoptamos unha serie de medidas con efectos dende o 1 de xaneiro do ano 2022. Como xa indiquei, rebaixamos de novo o tipo aplicable ao tramo autonómico máis baixo do IRPF do 9,4 ao 9 % para beneficiar novamente as rendas máis modestas, nas que se sitúan o 44 % dos declarantes. Ademais, e tendo en conta o incremento do custo salarial nacional da enquisa trimestral do custo laboral elaborado polo INE para o segundo trimestre, deflactamos un 4,3 % a tarefa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica, onde se atopan o 88 % dos declarantes, e incrementamos nesta mesma porcentaxe o mínimo persoal e familiar.

Como xa expliquei hoxe á mañá, estas medidas pretenden corrixir a denominada «progresividade en frío», evitando o impacto que para os preceptores de rendas —na súa maior parte procedentes do traballo— supoñen os aumentos salariais derivados do incremento do IPC. Tramamos de evitar que vexan incrementados os seus impostos cando non dispoñen de maior renda nin dunha maior capacidade económica, e que, dada a progresividade do imposto, os contribuíntes tributen en tramos superiores da tarifa.

Propoñen tamén que os galegos paguen 60 millóns de euros máis no imposto sobre o patrimonio. Tampouco estamos de acordo. Xa non o estivemos o ano pasado cando pedían un aumento de 28,1 millóns de euros, e agora é sorprendente que, coa mesma proposta, pensen que se pode recadar máis do dobre que un ano antes.

Ao respecto, quixera reiterarlles, por un lado, que esta comunidade carece de competencia normativa para alterar o importe exento en concepto de vivenda habitual, que, como saberán, na actualidade está fixado en 300.000 euros por declarante.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E, por outra banda, quero sinalarlles que Galicia, agás no último tramo, xa ten a mesma tarifa que o Estado, e que é exactamente a mesma tarifa vixente que aplicou o Bipartito entre os anos 2005 e 2007, porque, como saben, en pleno estourido da gran crise, o Bipartito quitou o imposto de patrimonio, e resulta abraiante a demagoxia co que agora critica a rebaixa que nós tentamos aplicar intentando dinamizar a economía.

No ano 2022 establecemos unha bonificación do 25 % da cota, co obxectivo de adaptarnos á contorna da Unión Europea, e para o vindeiro ano seguimos a senda marcada para este imposto cunha nova bonificación do 25 % da cota.

Queremos que esta figura tributaria, que non existe de maneira equiparable nos países da nosa contorna, non se converta nun factor de deslocalización de investidores, que penalizaría dobremente a facenda autonómica vía menor declaración en renda e patrimonio. A nosa intención é que sexa un factor de dinamización económica, posibilitando o reinvestimento dos aforros fiscais en Galicia.

Propoñen tamén incrementar en 65 millóns de euros a recadación do imposto de sucesións e aumentar 40 millóns de euros o imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados sen base para obter estas subidas. Non podemos aceptalo. Neste caso tamén é a mesma emenda que o ano pasado, co mesmo impacto en sucesións, pero soben de 21 a 40 millóns de euros os ingresos en transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Parece que basean, en primeiro lugar, esta petición de aumento nunha previsión realista en función das liquidacións de períodos anteriores, tomando como referencia de novo os dereitos recoñecidos netos. Nesa cantidade inclúense recursos procedentes dos anos anteriores, ben porque se concedeu un aprazamento ou fraccionamento de ingreso, ben porque este ingreso se atopa suspendido ou ben porque está en período voluntario de pago, tal e como fixa a normativa autonómica, polo que se anularán a finais do exercicio, como xa dixemos tamén o ano pasado, porque as estimacións deben referir sempre a declaración líquida e non os dereitos recoñecidos netos.

En segundo lugar, basean este incremento na previsible evolución dun contexto no que se posibilitan as herdanzas en vida. Lémbrolles, señorías, que esta figura existe dende a lei de dereito civil de Galicia do ano 1995. Non é unha novidade, e a súa tramitación está prevista xa no impacto de recadación do imposto de sucesións e doazóns.

Propoñen tamén subirlles os impostos aos galegos en 30,5 millóns de euros máis de novo coa creación dos mesmos tributos propios que en anos anteriores. En concreto, propoñen tres novos impostos: un sobre grandes superficies comerciais; outro sobre instalacións que inciden no medio, como telefonía, as redes de telefonía, telemáticas e liñas de transporte de enerxía eléctrica; e outro máis sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. Un ano máis debemos facer a advertencia previa de que antes de analizar cada novo imposto debemos clarexar que a iniciativa de creación de novos impostos non debe tomarse á lixeira, porque calquera figura impositiva se incardina no sistema tributario e produce efectos que hai que estudar e valorar. Polo tanto, toda proposta debe ir acompañada dunha xustificación e dunha análise das súas implicacións; xustificacións que non aparecen nas súas propostas.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pretenden outra vez máis recadar 6 millóns de euros cun imposto autonómico sobre grandes superficies. A súa proposta non vén acompañada de ningunha memoria xustificativa do obxecto da finalidade do imposto a crear, nin da configuración dos seus elementos esenciais, nin das consecuencias da súa implantación. Incluso esquecen incluír na Lei de medidas unha emenda para a regulación deste novo imposto que propoñen crear. ¿Como pretenden que se realicen os ingresos por un imposto que non está regulado en ningunha lei?

Actualmente en España hai tres impostos deste tipo, en Cataluña, Asturias e Aragón, e cada un deles ten unha estrutura ben diferenciada. Para poder analizar a súa viabilidade debería sinalarse cal é a súa pretensión. Tamén descoñecemos como calculan o impacto económico, polo que tampouco podemos entrar na súa valoración.

Pretenden outra vez acadar 18 millóns de euros cun imposto sobre as instalacións que inciden no medio, como as da telefonía, telemática ou as novas liñas de transporte da enerxía eléctrica. Neste caso, tamén descoñecemos como se calcula ese informe. Volven esquecer incluír na Lei de medidas unha emenda para a regulación deste novo imposto que propoñen crear. De novo lles pregunto: ¿pretenden que se realicen ingresos por un imposto que non está regulado en ningunha lei? Por iso, acudimos a outras comunidades autónomas que o teñen implantado, como Asturias, A Rioxa, Estremadura, Cataluña ou Aragón, e, cos tipos impositivos aprobados, a recadación oscilaría entre un e dous millóns de euros. Vostedes recollen 18 millóns de euros, polo que non parece aconsellable o establecemento dun imposto novo polas contías que, efectivamente, se están recadando por outras comunidades autónomas.

Ademais, cómpre ter en conta que, vistas as últimas sentenzas do Tribunal Supremo, debe valorarse se é conveniente establecer figuras impositivas, que ben poden ser repercutidas ao consumidor final, e máxime nesta conxuntura económica de altos prezos.

E pretenden recadar, ao final, ao igual que en anos anteriores, 6,5 millóns de euros cun imposto sobre a emisión de gases nocivos á atmosfera. Outra vez descoñecemos como se calcula o importe. Tampouco se clarexa cales son os gases nocivos que se pretenden gravar, porque tampouco inclúen na Lei de medidas unha emenda para artellar a regulación deste novo imposto que se pretende crear. Ao respecto, quero lembrar que en Galicia xa existe un imposto propio, o ICA, que grava as substancias contaminantes á atmosfera, aplicable dende 1996.

Ademais, a ampliación do feito impoñible deste tributo a calquera outra substancia gravada noutras comunidades autónomas non reportaría en absoluto unha contía como a que se propón. Lémbrolles que a recadación actual do ICA está en torno ao millón de euros.

Tamén nesta ocasión o PSdeG quere aumentar o actual gravame polos aproveitamentos pola auga encorada, para recadar 6,5 millóns de euros máis, cun aumento das tarifas do 50 %. Tamén o temos que rexeitar. A súa proposta non ten en conta a natureza do gravame, pois estamos ante un imposto ambiental, un tributo de carácter extrafiscal, dirixido á corrección e compensación do impacto ambiental. Polo tanto, non cabe a súa modificación por meros motivos recadatorios.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Finalmente, incrementan os ingresos por mellora de xestión recadatoria e reforzo contra a fraude. Curiosamente, estiman máis ingresos conxuntos por ambas as propostas, pero non se detalla nin o seu importe, agás se temos en conta un aumento de 12 millóns de euros nunha partida como «loita contra a fraude» ou «multas e sancións tributarias», nin tampouco como se obterán, polo que non podemos valorar se o cálculo é correcto. Tan só quero recordarlles que a Xunta de Galicia, no ámbito das súas competencias, prioriza a loita contra a fraude fiscal dende o ano 2009, e reforzámola coa creación da Axencia Tributaria de Galicia. A Atriga logrou aflorar só no pasado ano 108,3 millóns de euros de débeda non declarada grazas ás actuacións de control fiscal.

Por outra banda, tamén propoñen aumentar en nada máis e nada menos que 211 millóns de euros os ingresos con partidas adicionais dos fondos europeos, que imaxino que queren adiantar no período 2021-2027. Quero indicar que está orzada unha anualidade financeira como corresponde respecto destes ingresos. Adiantar 211 millóns de euros suporía duplicar practicamente a cantidade que vai nos orzamentos de fondos europeos do novo marco, e adicionalmente ter que aumentar noutros 100 millóns de euros os orzamentos, porque o que non din na súa emenda é que estes fondos europeos precisan un cofinanciamento do 40 % con recursos propios, o dobre que no actual marco, polo avance da converxencia de Galicia. Por tanto, non se poderían executar estes fondos. Así que imos seguir executando todos os fondos europeos ao dispor, pero de maneira ordenada e planificala, para optimizalos, e que Galicia siga o seu proceso ata a plena converxencia en Europa.

O que si lles pediría é que presionen en Madrid para que nos asignen, aos recursos público-privados que se están impulsando dende a comunidade autónoma, os recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia, que están sen adxudicar en máis da súa metade e que teñen que adxudicarse no vindeiro exercicio. Eses si que non precisan cofinanciamento.

En canto ás minoracións, explicarei por que non se poden efectuar na medida en que propoñen. Como é habitual, algunhas emendas son imposibles de aceptar, xa que non se poderían levar á práctica pola súa imposibilidade de aplicación, as que diminúen partidas financiadas con fondos finalistas da Unión Europea ou do Estado, que non poden destinarse á alternativa que propoñen.

E no caso dos fondos europeos, resulta sorprendente que por unha banda pidan adiantar 211 millóns de euros e, por outra, propoñan reducir as achegas comunitarias para actuacións en materia de eficiencia enerxética, protección do medio natural, conservación da biodiversidade, equipamento dos centros educativos e ata mellora da seguridade viaria.

Vaiamos a casos concretos. Reclaman reducir o gasto en persoal eventual. Tería sentido se predicasen co exemplo alí onde gobernan, pero xusto fan todo o contrario; polo que soa a broma a proposta dos socialistas neste eido. Fagamos un pouco de memoria. Vostedes no 2005 en Galicia constituíron o Goberno máis caro da historia, e no Goberno central, tan pronto como puideron e presentaron un orzamento novo, o PSOE voltou constituír o Goberno máis caro da historia de España e segue encarecendo orzamento a orzamento estes gastos.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Isto que digo podemos sustentalo en datos concretos: cun orzamento de 2.000 millóns de euros superior ao do ano 2009, o gasto en altos cargos e en persoal eventual é case un 15 % inferior ao do Goberno bipartito. ¿Saben cal é o aforro acumulado nestes catorce anos? Setenta e sete millóns de euros —si, escoitaron ben—. O aforro acumulado en altos cargos e persoal eventual supera os 77 millóns de euros sobre o que vostedes executaron, e aínda así teñen o valor de pedir un axuste á baixa neste tipo de gastos. *(Aplausos.)*

E, como dicía, o máis sorprendente da posición do PSdeG é que defendan isto cando o Goberno de Pedro Sánchez aumentou dende o ano 2018 en 30 millóns de euros os gastos de persoal eventual; un 65 % —¡si, escoitaron ben, un 65 %!—, pasando de 943 millóns de euros a 1.283 millóns de euros o gasto en persoal eventual.

Señorías, ¿cantas emendas fixeron os deputados socialistas no Congreso para reducir o gasto do Goberno de Pedro Sánchez en persoal eventual? Pediríalles un pouco de seriedade, porque sabemos que un pouco de coherencia é máis difícil.

Outra petición que tamén é recorrente é rebaixar gastos en partidas ás que xa destinamos menos da metade da media que o anterior goberno. Igualmente, permítanme sustentar esta afirmación con datos actualizados. Os gastos en reunións, conferencias e cursos diminúen en máis dun 52 %, cun aforro acumulado dende 2009 de máis de 28 millóns de euros; os gastos de publicidade e propaganda reducíronse máis dun 65 %, cun aforro de máis de 18 millóns de euros; e o gasto en atención protocolaria diminúe en máis dun 42 %, cun aforro acumulado de case catro millóns de euros. Coido que son exemplos suficientemente claros. Ademais, como en anos anteriores, minoran transferencias a entidades como a Fundación Cidade da Cultura, Augas de Galicia ou Portos, pero non as achegas a estes organismos. Non se pode eliminar simplemente a transferencia instrumental e empregala para financiar outros gastos.

Chegan a tal punto que, por exemplo, no programa de actuación de lecer e tempo libre para a xuventude, reducen unha cantidade maior que o crédito orzamentario. Reducen 4,3 millóns de euros, e o crédito orzamentario son 3,6 millóns de euros.

Outro programa que eliminan totalmente é o Rexurbe, do Instituto Galego de Vivenda e Solo, a pesar de que o ano pasado pedían que se incrementase. ¿Acaso os socialistas están en contra de seguir a realizar cascos históricos nas cidades? Deberían clarexalo.

E tamén prescinden dos recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia para o material de transporte do programa Moves, de mobilidade sostible, así como as achegas a Sogama, por case 2,5 millóns de euros, para, entre outras cousas, axudar os concellos na implantación do contedor marrón.

Por outra banda, propoñen eliminar por completo o Fondo de Continxencia. Debería saber o PSdeG que por lei ten que ter unha dotación mínima este fondo.

E podería poñer máis exemplos, pero coido que son dabondo.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen. Unha das cuestións máis sorprendentes é que propoñen 1,5 millóns de euros de bonificacións económicas en incentivos fiscais a empresas en espazos en regresión demográfica, cando levamos desenvolvendo o Programa impostos cero no rural dende o ano 2016 con beneficios fiscais que triplican esta contía.

Tamén reclaman máis achegas aos concellos, e fano o ano en que a Xunta lles confire e lles transfire máis recursos, 564,3 millóns de euros, un 15,5 % máis que o ano pasado, case o dobre da suba media do orzamento.

Por outra banda, teño que recoñecerlles que limitaron a técnica do ano pasado de adicar idéntica contía a distintas infraestruturas en cada concello, sen ter en conta o seu tamaño, as súas características ou a súa localización; ¡vamos!, unha tarifa plana! Así, se o ano pasado facían unha especie de todo a 300.000 para centros de saúde e un todo a 200.000 para centros de día, este ano manteñen, no caso dos centros de saúde, un todo a 300.000, e o de escolas infantís báixano un pouquiño ata todo a 50.000, logo de dous anos de todo a 200.000. Se cadra, como se aproximan as eleccións municipais, hai que meter a máis concellos na bolsa, esquecéndonos de que soben os prezos e sobe o custo das obras.

Chascarrillos á parte, coido que infraestruturas como os centros de saúde ou as escolas infantís merecen unha maior planificación. Dende logo, xa lle digo que o Goberno galego si que é serio na súa planificación das infraestruturas e servizos de todo tipo, que priorizamos en función das necesidades reais de cada territorio e coa cantidade axeitada en función da fase en que se atopa cada proxecto.

Ademais, formulan un maior incremento para a mellora asistencial na atención primaria, pero quero salientar que xa aumentamos recursos totais para atención primaria para o vindeiro ano, un 9,9 % máis, ata superar os 1.500 millóns de euros.

Señorías, reitérolles que o problema da primaria non é un problema de crédito de recursos, senón unha falla de médicos, común ao conxunto de España, e o Goberno central non atende a petición de que nos deixe convocar prazas MIR extraordinarias na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria. En Galicia facemos todo o que podemos coas nosas competencias, para contar con persoal nas prazas de difícil cobertura en atención primaria. Xa se ofertaron 106 prazas fixas por concurso de méritos e vanse sumar outras cen.

No eido social piden un reforzo adicional do servizo de axuda no fogar, cando o esforzo que se ve neste orzamento é de 11 millóns de euros, ata os 12 euros por hora, cunha suba do 9 % por riba do pactado coa Fegamp, que beneficiará 25.000 galegos e galegas.

En canto ás propostas do BNG, quero dicirlles que tamén estamos en contra de subirlles os impostos aos galegos, neste caso en 180 millóns de euros, como é a súa intención. Vaiamos analizando unha a unha as súas propostas en materia tributaria.

Propoñen que os galegos paguen 30 millóns de euros máis por IRPF. Non estamos de acordo. Son 3 millóns máis dos que propoñían o ano pasado, cando na tarifa rexistrada, nas emendas

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

da Lei de medidas, deflactan os cinco primeiros tramos nun 6 %, e baixan o primeiro do 9,4 ao 9 %, engadindo a regulación dos mínimos para elevalos na mesma porcentaxe.

Como non emendan a entrada en vigor da Lei de medidas, entendemos que ata o 2023 non sería aplicable a súa proposta, que tería un efecto escaso de alivio para os petos das familias galegas no vindeiro exercicio 2023. Neste caso, remítolles ao xa contestado ao Grupo Socialista: non consideramos que sexa o momento de subir o IRPF, e este goberno aposta polas medidas xa citadas de alivio fiscal.

Propoñen igualmente, ao igual que o ano pasado, que os galegos paguen 20 millóns de euros máis polo imposto de sucesións e doazóns. Tampouco estamos de acordo. Coas rebaixas aprobadas tanto no 2016 como no 2020 o noso obxectivo neste imposto é manter íntegro o patrimonio familiar e a capacidade económica dunha familia cando falece un familiar directo. É unha medida que xa ten beneficiado a máis de 688.000 galegas e galegos, e queremos seguir aumentando este número.

Propoñen tamén que os galegos paguen 60 millóns de euros máis polo imposto sobre o patrimonio, o dobre do que solicitaban o ano pasado. Ao igual que no IRPF, xa me referín á posición do Goberno galego sobre este imposto na contestación do PSdeG.

Igualmente, tampouco podemos aceptar a modificación que propoñen do canon eólico, para —din— recadar 25 millóns de euros máis cun suposto cambio de estrutura do tributo, considerando a potencia dos aeroxeradores como feito impoñible. Exactamente, a mesma proposta que o ano pasado. Polo tanto, a resposta do Goberno galego ten que ser a mesma tamén. O primeiro que quero aclararlles é que o feito impoñible do canon eólico é a xeración de afeccións e impactos visuais e ambientais adversos sobre o medio natural e sobre o territorio. E o segundo, que a modificación da estrutura tributaria dun imposto ten que cumprir as mesmas restricións que para a súa creación. Polo tanto, debe facerse unha análise da finalidade perseguida desde a súa adecuación á legalidade vixente.

Propoñen tamén modificar o imposto sobre o dano ambiental para recadar 24 millóns de euros máis. Nesta ocasión, e sen que sirva de precedente, é unha emenda nova en relación co ano pasado. Hai que ter en conta que a recadación prevista para este imposto para o ano 2023 é de case 12 millóns de euros, polo que a intención do BNG suporía triplicar esta contía. Tamén quero subliñar que se trata dun imposto ambiental de carácter extrafiscal, dirixido á corrección e á compensación do impacto ambiental, como dixen antes. En consecuencia, a configuración do tributo ou dos tipos de gravame incluídos parte dunha avaliación de cales son os danos e externalidades provocadas, polo que a estrutura do tributo debe incentivar ou desincentivar ao suxeito na procura do menor dano. Por iso, calquera modificación debe vir motivada polas circunstancias anteriores e non por motivos exclusivamente recadatorios. Tanto neste imposto como no anterior do canón eólico correriamos o serio risco, de aplicar estas modificacións, de que se anulase totalmente o imposto.

E propoñen finalmente que os galegos paguen 21 millóns de euros máis pola creación de tres novos impostos: un imposto sobre vivendas baleiras, un imposto sobre grandes superficies comerciais e un imposto sobre redes de alta tensión. De novo, idéntica proposta que o ano

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

pasado. Realmente con estas formulacións resulta difícil poderlles contestar con algunha dose de novidade.

En relación co imposto autonómico sobre vivendas baleiras, en Galicia dende hai tres anos a Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbana de Galicia, regula o canon de inmobles que sexan declarados en estado de abandono polo Instituto Galego de Vivenda e Solo. E os ingresos obtidos destinaranse a actuacións de rehabilitación na área Rexurbe, na que se localicen os inmobles declarados en estado de abandono. O Goberno galego aposta por este modelo e non por un novo imposto.

En canto á creación dun imposto sobre grandes superficies, remítome tamén ao que lle acabo de dicir ao PSdeG.

Finalmente, respecto do imposto sobre as redes de alta tensión, co que pretenden recadar un millón de euros, de novo acudindo aos tipos impositivos doutras comunidades autónomas, oscilaría entre 1 e 2 millóns de euros. Quero lembrar que o PSdeG o cuantificaba en 18 millóns de euros, pero sen chegar a definir como.

E, ademais, como xa me referín, as últimas sentenzas do Tribunal Supremo fan que se deba valorar convenientemente fixar figuras impositivas que, finalmente, poidan ser repercutidas ao consumidor final.

Sobre as minoracións que formulan en relación coa rebaixa de gastos de persoal de gabinete e gastos inmateriais, remítolle ao xa respostado ao PSdeG. Vostedes tamén formaron parte do Goberno máis caro, con máis altos cargos e con máis consellerías e maior gasto en asesores da historia de Galicia.

E pregúntolle o mesmo que ao PSdeG: ¿cantas emendas presentou o deputado do BNG aos orzamentos xerais do Estado para diminuír estes gastos de persoal eventual nos orzamentos do Estado? ¿Ou lle parece ben que Pedro Sánchez os subise en máis dun 65 %?

E a mesma política levan a cabo nas partidas de gastos inmateriais, que están reducidos á metade ou máis, e agora parécenlle moito. Agora, ao igual que o PSdeG, en ocasións piden detraer recursos de partidas correspondentes aos fondos finalistas para adicalos a outras finalidades que non se corresponden. Polo que xa expuxen, serían de imposible aplicación. E son bastantes as veces que empregan esta técnica de imposible aceptación.

Ademais, minoran as partidas imprescindibles para o funcionamento dos servizos con recortes de ata o 50 % en créditos para pagar electricidade ou gas, nun momento de prezos especialmente alto. ¿A súa alternativa cal é?: ¿que o persoal da Administración autonómica traballe a metade de tempo sen ordenador, que os colexios e os nenos non teñan calefacción ou que as cirurxías e os quirófanos traballen a media luz?

É máis, resulta curioso que o BNG pretenda aumentar as partidas para que os concellos afronten o incremento dos prezos e que as súas emendas minoren as partidas para electricidade, gas e limpeza dos servizos públicos autonómicos. Para o BNG semella que os prezos só soben para os concellos.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Por outra banda, minoran as transferencias a entidades como o Fondo de Garantía Agraria, Portos de Galicia, a Axencia Galega de Turismo, a Fundación Cidade da Cultura ou a Fundación Camilo José Cela, pero non modifican os créditos delas, polo que quedan sen financiamento.

Esta técnica, como dixen antes, non é aceptable, xa que as transferencias de financiamento son un crédito instrumental que non pode financiar un gasto alternativo sen a correspondente baixa na partida de destino no ente financiado. E, como dicía, propoñen reducir partidas financiadas con fondos europeos, por exemplo, en materia de competitividade, internacionalización, apoio a proxectos emprendedores ou actuacións de I+D+i. Entenderán que non as poidamos aceptar.

Outra batería de emendas move financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia, tamén finalista. E estoume a referir ás axudas dos programas MOVES, ás axudas para o emprendemento ou ás de formación e inserción profesional. Podería poñer máis exemplos, pero coido que son suficientes.

Ademais, retiran recursos para o ensino concertado nada máis e nada menos que en 149 millóns de euros. Podo entendelo, pero o que non podo entender é que detrás desta decisión estea o despedimento de centos de profesores e de miles de alumnos, que non serían escolarizados, porque non prevén as partidas alternativas de gasto en docentes adicionais e en incremento de instalacións.

Ou minoran recursos para os centros públicos de maiores por máis de 85 millóns de euros. ¿Pensaron cantos maiores quedarían sen praza nun centro público?

Vexamos agora como incrementan o gasto que propoñen.

Xa é un clásico, propoñen un plan de rescate da atención primaria, como dixen hoxe pola mañá, neste caso de 200 millóns de euros. Celebro que pensen que a atención primaria estea mellor que hai un ano, porque hai un ano a súa proposta era de 250 millóns de euros.

A realidade é que tratan de meter unha emenda simplemente para dicir que piden máis recursos, sen facer ningún tipo de análise real das necesidades. Proba disto é que, por unha banda, propoñen aumentar cartos nesta emenda para atención primaria e noutras emendas minoran os créditos —precisamente en atención primaria— en 27,2 millóns de euros; bastante contraditorio.

Outro exemplo similar é propor un pacto galego pola ciencia; por certo, minorando partidas imprescindibles para o funcionamento dos servizos, con recortes en infraestruturas por 70 millóns de euros e tamén retirando partidas por importe de 31,5 millóns de euros para I+D. Ou sexa, máis cartos para a ciencia, diminuíndo recursos para I+D. Non semella moi coherente. E non é moi coherente tampouco porque o que realmente fan é mover cifras e chamarlles doutra forma a actuacións que xa están previstas nos orzamentos. Son para intentar aparentar que non están recollidas.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ademais, resulta moi curioso que pidan un plan de estudo, recuperación e rexeneración das rías galegas e, para financialo, eliminen recursos para saúde mental. E non queda aí a cousa porque noutra emenda piden un plan urxente de atención á saúde mental, adicionando novos recursos. ¡Vamos, falta de coherencia total!

Outro exemplo, é que piden un plan de abaratamento do transporte público, e para financialo propoñen minorar en 40 millóns de euros os recursos do Sergas.

Podería poñer máis exemplos, pero conclúo cun dato esclarecedor: o BNG en todas as emendas minora partidas do Sergas por importe de 428 millóns de euros, entre elas, como xa dixen, 27 millóns de euros para atención primaria. ¿Esta é a defensa dos nacionalistas da sanidade pública? Semella que non.

E para rematar, o máis sorprendente. O BNG tamén di que os orzamentos da Xunta non son solventes. Pois ben, pretenden que se inclúan 73 millóns de ingresos que non existen en ningures, pois fíanos a unha negociación co Estado para aumentar os recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia. Como dependese esta negociación dos recursos do deputado do BNG, xa lles digo, señores do BNG, que sería un fracaso rotundo.

En definitiva, coido que son argumentos suficientes para xustificar que non podemos apoiar as súas propostas.

Vou rematando xa.

Unha vez analizadas as súas emendas, tanto as do PSdeG como as do BNG, vemos que teñen algo en común á hora de incrementar os ingresos, co que non estamos de acordo: soben impostos que xa temos, aínda que non nas mesmas contías cada grupo da oposición; crean novos impostos, e mesmo o PSdeG, como dicía, chega a anticipar fondos europeos do Marco 2020-2027, sen ter en conta o cofinanciamento necesario para poder executalos.

Insisto, exixan que se mobilicen os recursos do Mecanismo de recuperación e resiliencia para os proxectos galegos que están sen adxudicar e non tenten esgotar os recursos propios adiantando anualidades dos fondos propios europeos da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste caso, as coincidencias entre socialistas e nacionalistas na minoración de gastos danse en que retiran fondos finalistas que fan inviables as actuacións alternativas que pretenden financiar.

Por último, en canto ao aumento de gastos, loxicamente, podemos estar de acordo en moitos reforzos, pero non a custa de deixar de financiar outros plans ou actuacións necesarias que conteñen os orzamentos.

En definitiva, o Goberno galego ten claro o seu modelo orzamentario para o ano 2023, e neste modelo orzamentario a prioridade é favorecer o impulso que Galicia necesita para este momento. Semella que os partidos da oposición, non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Polo grupo non emendante, o Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señores da oposición, vostedes veñen hoxe falar aquí dunhas emendas que nin vostedes mesmos poden crer. Miren, non se poden crer porque, se por vostedes fose, o 1 de xaneiro pechaba San Caetano. A vostedes non lles parecen ben os orzamentos da Xunta, e, a pesar de ser os máis altos da historia —12.620 millóns de euros—, para vostedes son os peores da historia. Pero o único que son capaces de facer é eliminar as partidas destinadas ao funcionamento básico de todas as consellerías.

Estes días parecíanos que á señora Pontón —ben, agora xa non está, non lle debe interesar tanto— lle interesaban un pouco os orzamentos, ¿non? Pero foi só un espellismo. No Partido Popular tomamos os orzamentos como o reflexo das políticas que queremos impulsar, como un debate moi serio. E vostedes o que propoñen nas súas emendas é que a partir do 1 de xaneiro peche a Xunta. Nin limpeza, nin servizos postais, nin sistemas informáticos, nin servizo telefónico, nin papelería, nin reposición de informática nin gas nin enerxía... Todo, fóra. Ben, tan malo, logo, non debe de ser o orzamento nin as contas da Xunta para 2023, se, ao final, para aplicar os seus programas, as partidas que queren mudar simplemente son as de funcionamento da Xunta. Vese que as outras lles parecen ben. Ben, pois xa é un gran paso.

O que si repiten son os seus incansables mantras. Nun corta e pega, repiten cada ano eliminar —insisto, e xa llo dixo o conselleiro— todos os gabinetes da Xunta de Galicia; uns gabinetes que contan cuns recursos humanos moi por debaixo dos que vostedes tiñan cando gobernaban a Xunta. Pero é que, dende logo, son insignificantes se os comparamos cos do Goberno que vostedes representan e que vostedes sustentan en Madrid, que ten nada máis e nada menos que 1.123 asesores. ¡Fíxese vostede que xa deberon de esgotar todos os asesores da Comunidade de Madrid que ata teñen contratados a guionistas do *Club da Comedia*, señorías! *(Murmurios.)* ¡Si, si..! Non é unha brincadeira, é unha realidade. Miren, só para o ministro Bolaños, teñen 521 asesores, adicados todos única e exclusivamente a desprestixiar o presidente Feijóo. Pero mire, vano ter... Si, si, vano ter complicado porque... *(Murmurios.)* Non, non se desprestixia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Iso é o que vostedes cren, pero non se preocupen, que poñan... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu escoiteinos... Señor Rodríguez, vostede insiste sempre en interromper. Se non lle deixan falar, eu cédolle algún turno dos deputados do Partido Popular. *(Aplausos.)* Porque miren, eu sei que aos deputados belixerantes non os deixan falar, porque agora queren que o BNG amose moderación, e a vostedes, aos belixerantes, non os deixan falar. Pero, cando queira, déixolle o turno dalgún compañeiro, mesmo o meu, para que vostede veña aquí e diga todas as cousas que ten que dicir. Eu xa sei que a UPG o ten silenciado ¡home!, pero non pasa nada, ¡non pasa nada! *(Risos.)*

Mire, a Xunta trae ao Parlamento o maior orzamento da historia, o maior en gasto social da nosa comunidade autónoma, e vostedes traen os clásicos; podiamos dicir os clásicos, como

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

a película de vaqueiros das tres e media, as vaqueiradas. Pois si, eses son os seus clásicos. Porque, miren, nesas bancadas o que falta é seriedade. Pero a cidadanía sábeo, sabe que vostedes non están preparados para gobernar e saben que son incapaces de formular unha alternativa de goberno —si, diga que si...—, porque lle vou dicir por que. Pois, mire, primeiro, porque soben 180 millóns de euros os impostos. ¿E sabe o que quere a cidadanía? Que lle baixen os impostos. ¿A súa proposta? Subir os impostos.

¿Cal é a alternativa do BNG? Médicos *low cost*, 48.000 euros por médico. ¿Cal é a alternativa do BNG? Primaria *low cost*. Confunden a suba dunha partida de 31 millóns de euros con toda a partida orzamentaria de primaria, que son 1.500 millóns de euros.

O último que nos pediron foi incrementar un 10 % o mínimo exento do IRPF, cando xa non existe mínimo exento dende o ano 2007.

Cuestionaban os ingresos da Comunidade Autónoma, que non dependen da taxa de crecemento, senón que dependen das aportacións do Estado, e criticárono tamén, porque non saben nin sequera como se financia a Comunidade Autónoma. ¿Como poden vostedes pretender ser unha alternativa seria, señores do BNG? *(Aplausos.)*

Mire, ata manipulan os informes da Airef. Hoxe á mañá vimos á señora Pontón aquí manipulando nin máis nin menos que o informe da Airef. Desde que se presentaron os orzamentos, está enganchada ao informe do BBVA, porque, claro, agora xa sabemos que a vostedes lles gustan máis os informes da banca privada que os informes das institucións públicas independentes. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Si, si, señorías.

Miren, a nós non nos fai falta que vostedes nos traian aquí unha botella de leite ou unha botella de aceite para que saibamos cal é o prezo da vida. Mire, son o BNG de sempre. Eu, cando entrei aquí, no 2009, había un compañeiro seu, o señor Lobeira, que recordo que trouxo aquí un día un xurelo tamén. Pois son o BNG de sempre..., *(Murmurios.)* empezaron co xurelo e hoxe trouxeron o leite e o aceite. *(Murmurios.)* Moi ben, sigan por ese camiño. ¡O BNG de sempre!

Pero miren, a nós non nos fai falla que vostedes nos traian aquí, para facer a foto e para facer a *performance* —que se lle dá moi ben o teatrillo ao BNG—, iso para que saibamos que, efectivamente, a vida está moi cara. Por iso son uns orzamentos pensados na xente, por iso axudamos a xente, por iso nestes orzamentos as escolas infantís son gratuítas —55 millóns de euros—, por iso nestes orzamentos se deflacta o IRPF, por iso nestes orzamentos, señorías, se baixan impostos e por iso nestes orzamentos se incrementaron as partidas de política social, de educación e de sanidade. E iso, señorías, non se resolve traendo unha botella de leite nin de aceite a esta tribuna. *(Aplausos.)*

Miren, a señora Pontón o outro día foi a Monforte a dicir que non se cubrían as vacantes de médicos. Pero miren, ¿é que vostedes como pretenden enganar tanto á xente? Pensan que a xente é parva. A semana anterior neste mesmo hemiciclo debatemos unha lei, a Lei 2/2022, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de Saúde. ¿Para que hospitais comarcais? Pois mire: Cee, A Barbanza, A Mariña, Verín, O Barco, O Salnés e —¡ah!— Monforte. ¿Fóronlle dicir que votaron en contra diso, señorías? Non, non. Foron alí a sacar a foto, que iso se lles dá moi ben. Sacar a foto e manipular. *(Aplausos.)* Vostedes son os reis da pancarta, os reis das plataformas e pensan que con iso van arreglar.

Mire, cando a Consellería de Sanidade puxo en marcha o XIDE, que era para a asignación dos profesionais, vostedes sacaron esta publicidade. *(A señora Prado del Río amósalle á Cámara un documento.)* «Queremos unha atención primaria atendida por persoas, non por algoritmos.» Enganaban á cidadanía dicindo que lles ían atender os robots.

Pois mire, voulle explicar que pasou noutro momento da historia de Galicia na que outro partido político intentou tamén manipular á cidadanía. *(A señora Prado del Río amósalle á Cámara outro documento.)* Mire, esta era unha publicidade que sacaba o Partido Socialista na campaña de 2012, que dicía: O Goberno do Partido Popular quere cobrarche por ir ao médico. Entón dicía: unha consulta, 67,22 euros; un día de hospitalización, 513; consulta a urxencias, 206.

Mire, o Partido Socialista no ano 2009 tiña 25 deputados, despois desta campaña ¿sabe cantos sacou no 2012? 18. ¿Sabe cantos ten agora? 14. Tomen nota, señorías, tomen nota. *(Aplausos.)*

Miren, se vostedes queren seguir dicíndolle á xente que o problema é a sanidade e que non se inviste en sanidade, que a Xunta non fai todo o posible, cando saben que é verdade; se non me queren facer caso a min —que son do PP, pode ser que non sexa crible—, voulle ler algunhas cousas... *(Murmurios.)* Non, non, xa sei que son vostedes moitísimo máis cribles, xa sei que son vostedes moitísimo máis cribles.

Miren, vostedes están agora recollendo os votos da baixada da Marea e cren que son votos do BNG porque o están facendo moi ben. Sigan así, señorías, sigan así crendo que despois de Amio de 2012, *(Aplausos.)* cando se lle foron todos —que agora queren volver—. Pois nada, o Martiño que se lles foi, ¿agora que quere volver? Pois eu alégrome de que se unan, que a unidade é boa, home, é boa. A nós vainos moi ben estando unidos, así que ¡oe! eu recomendollo. Pero non pensen que por unir agora o que separaron antes teñen máis votos. Iso é o que vostedes cren, pois alá vostedes.

Pero mire, o Partido Socialista onde goberna ¿que di dos médicos? Pois mire: *Raúl Pesquera, consejero de Sanidad del PSOE en Cantabria: «El problema de la falta de médicos es general, se da en todo el país.» Patricia Gómez, consejera de Sanidad del PSOE en Illes Balears: «La falta de médicos de familia es una realidad en todo el país.» Sira Repollés, consejera de Sanidad del PSOE de Aragón: «La falta de especialistas sanitarios en Aragón responde a un déficit estructural nacional.» Santos Induráin consejera de Sanidad del PSOE de Navarra: «No solo Navarra, sino todas las comunidades autónomas tenemos un déficit de profesionales médicos.» José María Vergeles, consejero de Sanidad del PSOE de Extremadura: «La falta de médicos no se arregla ni con todo el oro del mundo.»* E así podía seguir cuns cantos máis, señorías. *(Aplausos.)* Partido Socialista Obreiro Español.

Pois ben, se vostedes queren seguir facendo demagoxia cun problema estatal e non queren exixirlle a Pedro Sánchez que resolva este problema con moitas competencias que teñen, como é que nos deixen formar máis médicos, alá vostedes.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Agora anúncianos o Bloque Nacionalista Galego que se vai abster nas contas do Estado, porque, ben, non lle convence moito. Mire, ¿que máis ten que facer o Goberno de España para demostrar que maltrata a Galicia? ¡Ah!, iso si, van votar en contra da partida de Defensa, porque a súa alma soviética non lles permite votar a favor *(Murmurios.) (Aplausos.)* dunha partida orzamentaria que vai axudar a Ucraína. Ese é o seu problema.

Miren, señora Rodríguez Rumbo, poñía vostede aquí o exemplo do Reino Unido. ¿Que quere?, ¿que fagamos o mesmo que fixeron en Reino Unido? Non, non, claro é que estamos facendo o mesmo. ¿Que fixeron? Pois en Reino Unido baixaron os impostos e subiron o gasto, os mercados reaccionaron por insolvencia e botaron a Liz Truss. ¿Que fai o Goberno entón? O Goberno inglés recorta o gasto e sube os impostos, equilibra as contas, que é o que estamos facendo en Galicia dende hai trece anos, equilibrar as contas.

Por certo, a suba de impostos, señora Rodríguez Rumbo, a suba do tipo marxinal máximo no Reino Unido ¿sabe de canto é? Do 45 %, a partir de 125.000 libras ao ano. ¿Sabe cal é o tipo marxinal en Galicia? Pois mire o 47 %, a partir de 60.000 euros.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ¿É o que quere que nosoutros aprendamos do Reino Unido, señora Rodríguez Rumbo? Mire, o que teñen é que aprender os do Reino Unido do que fai o Goberno da Xunta de Galicia. E vostedes tamén poderían aprender un pouquiño ¿non? *(Murmurios.)*

E logo escoitar á señora Presas...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...que vén aquí falar de emerxencia climática cando o BNG está en contra da enerxía eólica —mariña e terrestre—, da enerxía hidráulica e, por tanto, non sei quen son os negacionistas... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu xa sei que aos dous veteranos non lles deixan falar porque... E sempre falan cando... Eu voulles deixar un turno, non se preocupen. Eu xa sei que vostedes non son moderados e agora non pegan moito no BNG, non pegan moito. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. Remate, remate, por favor. Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: Por tanto, os maiores negacionistas do cambio climático, señores do BNG, son vostedes; están en contra de calquera enerxía renovable que se queira instalar en Galicia. *(Aplausos.)* Dígannos unha soa coa que están de acordo, señorías, unha soa, unha soa. Ningunha.

Mire, xa lle dixo o conselleiro todas as súas emendas en contra...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señora Prado.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

A señora PRADO DEL RÍO: ...de que van.

Pois miren, van en contra da mocidade porque pretenden incluso recortar... Si, si, vostedes, señora Rodríguez Rumbo, pechan ata os campamentos de verán. Das poucas partidas que si tocan é para pechar os campamentos de verán.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas...

A señora PRADO DEL RÍO: E no resto nada, señores conselleiros, señor presidente...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, grazas, grazas. *(Aplausos.)*

Rolda de réplica. Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Prado del Río, mire, a realidade é teimuda, a verdade é que si. E nós hoxe traémoslles para que o teñan, para que o recorden; non sabemos se naquel momento era unha gaivota ou era xa un charrán, pero traémoslles as emendas que presentaba o Partido Popular no ano 2008. Vóullello deixar aquí para que non dubiden do que nós lle presentamos. *(Aplausos.)*

E mire, señora Prado del Río, voulle dicir as cousas que vostedes baixaban: en funcionarios, en estudos e traballos técnicos, en prensa, revistas, libros e outras publicacións, en incentivos ao rendemento, en cotas e prestación de gastos sociais, en enerxía eléctrica, en altos cargos, en material de transporte, en campaña informativa á promoción da cultura para xoves, en proxectos de fomento e formación de centros educativos, en telefonía... —Espere que sigo un pouquiño máis—. Promoción do sector audiovisual e multimedia, en circuítos culturais, plan de avaliación da calidade dos programas formativos, xestión do Plan Xacobeo, en Plan integral de formación marítimo pesqueira e portuarias, en reunións, conferencias e cursos; noutras actuacións en materia de protección civil, máis enerxía eléctrica, en cursos, actividades e formación, Fondo Galego de Garantía Agraria, transferencia a Xestures, proxectos de investigación, Plan de educación ambiental, e podería seguir. O problema é que, claro, a realidade é moi teimuda. Se por vostedes fora, en 2008 San Caetano pecharía, señora Prado del Río. *(Aplausos.)* Si, si, señora Prado del Río, o que pasa é que hai que encaixalas tamén cando lles dan.

Mire, vou seguir, señor conselleiro, na última cuestión que quería tocar antes de que se me remate o tempo. Porque, como vostede ben sabe e como repetiron aquí varios dos que me antecederon, nós temos o tempo limitado. O señor Feijóo non o sabía, pero nós temos o tempo limitado. Ben, pois a terceira cuestión que consideramos básica para desenvolver o proxecto vital e evitar esa regresión demográfica da que lle falaba antes eran os servizos públicos. E non me quero ir deste estrado sen tocar a sanidade, posto que tamén foi tocado e tamén foi tocado pola señora Prado del Río.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Mire, nun contexto de crise sanitaria como o que estamos a vivir, a saúde convértese no ben máis prezado. O compromiso coa sanidade ten que evidenciarse na aposta pola atención primaria, cun incremento que permita a contratación do persoal que necesita o sistema con condicións atractivas que eviten a fuxida a outros lugares de profesionais formados na nosa comunidade, e coa redución dos tempos de espera para consulta a un prazo máximo de 48 horas en atención primaria.

Señor presidente, eu estiven totalmente calada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Totalmente.

Vostedes traen hoxe uns orzamentos nos que a sanidade para 2023 medra por debaixo do que incrementan os orzamentos e non apostan pola calidade do sistema. Non vale o comodín de Pedro Sánchez, señor conselleiro, para desfacerse das culpas e poñer o foco noutras Administracións. A Xunta de Galicia ten competencias propias en sanidade, é unha competencia transferida ás comunidades autónomas. Son vostedes os que levan gobernando trece anos esta comunidade. E teñen vostedes, polo tanto, a obriga de programar o número de profesionais que se necesitan e non poden parchear, coa súa falla de previsión e de xestión, ocorrencias na sanidade. Non son serias as propostas deste Goberno galego presentadas aquí polo presidente da Xunta de Galicia, o señor Rueda.

Non poden adicar enfermeiros como médicos porque non teñen a formación precisa e porque un enfermeiro non é un médico. E non poden suplir a presencialidade con consultas con *tablets*, porque a sociedade non está disposta a ter unha sanidade *low cost*. Non estamos de acordo coas liñas mestras que marca a lideresa do seu partido, a señora Ayuso. Non estamos de acordo, non estamos de acordo.

Eu pregúntolle unha cousa, señor conselleiro, a ver se é quen de contestarme. ¿Vostede estaría disposto a acudir a un centro cunha urxencia cando sabe que non vai haber un médico ou unha médica para atendelo, ou que lle vai facer unha consulta a través dunha *tablet*? Contésteme, por favor. Sexa sincero e contésteme. Estou segura de que non, estou segura de que non. E esa non é a sanidade que queremos os galegos e as galegas.

Poden recompoñer o tremendo ridículo que están facendo con estas propostas e aprobar as emendas que presentamos os socialistas, coas que propoñemos incrementar en 322 millóns de euros, cun plan extraordinario de recursos humanos en atención primaria, unha mellora asistencial en atención primaria, programas de atención hospitalaria para a investigación sanitaria. Contemplamos tamén a construción ou mellora dunha serie de centros de saúde entre outras medidas que propoñemos.

Señor conselleiro, como vexo que non me vai dar moito tempo a analizar outro dos aspectos nos que me gustaría entrar e que teremos ocasións no futuro, o que lle digo é que os socialistas non atopamos nestes orzamentos a resposta que Galicia precisa, a resposta que os galegos e as galegas precisamos para afrontar os retos inmediatos nin os retos do futuro, para

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

acadar unha Galicia máis verde, máis dixital, máis cohesionada territorial e socialmente sen que ninguén quede atrás.

A pesar de ser uns orzamentos históricos que acadan os 14.167 millóns de euros, son uns orzamentos nos que non se establecen as medidas de protección que precisa a cidadanía, fundamentalmente a máis vulnerable, non protexen o sector empresarial afectado por esta crise enerxética e nos que tampouco se fortalecen os servizos públicos. Uns orzamentos históricos que deberan ser uns orzamentos que nos permitisen avanzar en xustiza social e prosperidade económica, garantir a igualdade de oportunidades e protexer as familias, as pemes e as empresas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Os socialistas non vemos nestes orzamentos a resposta que Galicia necesita.

Pola miña banda nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, presidente.

Boa tarde, de novo.

Señora Prado, o que é un clásico é que nunca muda a falta de seriedade e a absoluta soberbia que ten o Partido Popular con este debate. Si, porque veñen vostedes unha vez máis a facer aquí unha especie de *Club da comedia* co debate que debera ser o máis importante do ano deste Parlamento, basicamente. *(Aplausos.)*

E mire, vexo que lles proeu a intervención da portavoz nacional Ana Pontón hoxe pola mañá, si, porque lles proe ver que hai unha alternativa, que hai unha posibilidade de cambio neste país, pero ¡non lles queda nada por aguantar, señora Prado! *(Aplausos.)* En todo caso, mire, non se preocupe, eu volvo confirmarllo. Poder ver o vídeo de *O nacionalismo para dummies,* da señora Olaia Rodil. Eu confírmollo outra vez: efectivamente, somos o Bloque Nacionalista Galego, seguimos sendo nacionalistas, estamos orgullosos da nosa historia e seguimos celebrando con ahínco o noso 40º aniversario. E convidarémola aos próximos actos, que vexo que vostede está preocupada por se hai algún tipo de mudanza.

En todo caso, mire, ¿sabe que non mudou tampouco neste país? A necesidade dun proxecto político como o nacionalismo e a necesidade de que haxa cada vez máis nacionalistas. Porque mire, molestoulle a vostede moito que se trouxese, efectivamente, unha botella de leite a este Parlamento para reflectir o incremento da carestía da vida. ¡Claro que non se nota nos orzamentos do Partido Popular que non saiban vostedes canto custa!, porque pretenden que as rendas máis baixas teñan un aforro de 14 euros ao ano, ¡que xa me dirán, non lles dá nin para un litro de leite ao mes máis!; ¡non lles dá nin para iso, señora Prado!

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, mire, hai cousas que non mudaron, efectivamente desde hai doce anos. ¡Hai doce anos! É que vostede falou daquela vez que Bieito Lobeira trouxo aquí un xurelo como se fose antonte. ¡Dez anos, 2012 señora Prado! ¡2012! ¿E sabe que non cambiou de 2012 a 2022? Que o Goberno do Partido Popular é incapaz de defender a pesca galega. *(Aplausos.)* Iso é o que non mudou, señora Prado, iso é o que non mudou. Porque hai doce anos falabamos da limitación á captura do xurelo, e agora estamos falando, señora Prado, do recente debate das últimas 87 vedas. Iso é o que non mudou, señora Prado, e iso é o que realmente lles proe a vostedes. Veñen aquí enfadadas e enfadados co deputado nacionalista do BNG porque para vostedes España nos castiga e nós non conseguimos que nos castigue menos. Pois miren, fáganse soberanistas, fáganse nacionalistas..., *(Risos.)* a ver se así... *(Murmurios.)* Fagan un pouco o seu traballo. *(Aplausos.)*

En fin, centrándonos máis na cuestión, direilles que os argumentos que basicamente se esgrimiron por parte do Partido Popular, versión *Club da Comedia* ou versión máis institucional co señor Corgos, en primeiro lugar, non son aceptables. As emendas da oposición non son aceptables, escudándose unha vez máis en cuestións técnicas e de formato do debate, cando saben vostedes dúas cuestións: primeiro, que é un formato de debate con moitas limitacións, onde ás veces as emendas teñen que ser unha cuestión case filosófico-metafórica; e sabe vostede outra cuestión tamén, que neste Parlamento iso pasa moitas veces con moitos debates que teñen unha estrutura concreta e que, cando hai vontade política entre todas as partes, ¿que se fai? Flexibilizase e chégase a acordos.

Entón, se houbese vontade de aplicar algunha das propostas que facemos a oposición, habería flexibilización, pero é que non hai esa vontade política. E non hai esa vontade política en propostas que son de máximos. Efectivamente, eu non aspiro a que os convenzamos de facer unha banca pública galega neste momento —a ver se algún día...—, en todo caso, hai outras cuestións que sabe vostede que son absolutamente necesarias —e sábeo toda esa bancada—, e voulle poñer exemplos: a Tarxeta Básica, por exemplo. Agora que temos —benvida, por certo, a señora García a este Parlamento— de novo connosco a conselleira de Política Social, falemos da Tarxeta Básica, por exemplo, porque hai unha maioría social aí fóra que está pedindo e que lles pide a vostedes tamén dende o terceiro sector recuperar a Tarxeta Básica. E vostedes non aproban a recuperación da Tarxeta Básica porque «¡ai!, que inútiles os da oposición, que non saben facer emendas». Non, non, non a recuperan porque levan máis de seis meses retrasando esa medida, que saben que debería tomarse se lles interesase axudar a maioría social.

Pois si, traemos aquí un cartón de leite e traemos aquí unha botella de aceite para evidenciar que hai xente que ata hai dous días podía adquirir eses alimentos porque había un soporte social como a Tarxeta Básica e que agora non poden porque vostedes furtan medidas como esas para, ao mesmo tempo, aprobar pelotazos fiscais aos 7.000 galegos máis ricos para que sigan enchendo os seus petos. *(Aplausos.)* Esa é a realidade e eses son os dous modelos. Non é un problema de técnica, non é un problema de prazos, non é un problema de procedementos, nin de máximos, nin de mínimos.

E igual que iso, outras cuestións que serían fundamentais: un pacto galego pola ciencia. ¿Non estamos todas e todos de acordo en que é tan importante a ciencia e a innovación neste

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

momento histórico? ¿É tan descabellado falar de destinar 300 millóns de euros, de máis de 12.000 millóns de euros, á ciencia? Pois desde logo que non, e como iso, tantas outras cuestións.

Mañá temos un pleno ordinario, e unha das iniciativas que presenta o Bloque Nacionalista Galego é para reforzar os CIM. O Partido Popular presenta unha semellante. ¿Cal é a diferenza? Que vostedes o que non queren facer é o que propón o Bloque Nacionalista Galego tamén nestes orzamentos, que é reforzar cun millón e medio de euros os centros de información á muller. ¿Tanto é moito pedir, nun orzamento de máis de 12.000 millóns de euros, que se axude os concellos, que tamén están sufrindo a inflación, e as vítimas de violencia machista, reforzando cun millón e medio de euros máis os centros de información á muller? Insisto, non é un problema de formato, é un problema, efectivamente, ideolóxico, de modelos políticos e de alternativas. Ese é o problema.

E como xa non me queda tempo, señores do Partido Popular, outra cuestión, e con isto remato. Por suposto que nós apostamos por subir os impostos, porque vostedes non queren subir os impostos, pero non queren subir os impostos da minoría máis rica. Non lles doen prendas en subir recibos como a factura da auga ou despois en rectificar, só por presión social —cando intentan facer, que o intentaron pola calada e con estes orzamentos—, co lixo. Entón, rectificaron no do lixo; sigan rectificando e rectifiquen tamén ese pelotazo fiscal á minoría máis rica, porque, señores do Partido Popular, acertan vostedes cando rectifican.

Polo tanto, nós seguiremos insistindo neste debate nos próximos meses en que hai moitas cuestións nestes orzamentos que hai que rectificar. Sábeno perfectamente, e saben, por iso, que se equivocan en moitas das cuestións.

Polo tanto, insistiremos, sabemos que con escaso éxito, pero non se preocupen, por moito que aquí haxa un muro, isto si que é un frontón que nunca cede. *(A señora Presas Bergantiños fai un xesto coa man.)* Saben vostedes que por ter a maioría absoluta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...non teñen a verdade absoluta.

Nós seguiremos traballando por darlle a este país unha alternativa baseada na esperanza, na confianza no país, porque, efectivamente, hai alternativa. Farannos perder vostedes un ano máis, pero este país sairá adiante igualmente.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Están con nós —e saudámolos— os alumnos do grao en Ciencia Política e da Administración, da Universidade de Santiago de Compostela. Benvidos ao Parlamento.

Para pechar este tema ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Grazas, presidente.

Tócame o turno de pechar este debate, pero antes quería referir algúns dos temas que se trataron aquí polo seu interese, comezando polo tema das emendas presentadas no ano 2008. Evidentemente, que as emendas teñen o seu momento, e cada momento ten... *(Interrupcións.) (Murmurios.)* A situación que había en 2008 non era exactamente, nin moito menos, a que hai agora. E, como acabo de demostrar, nós, efectivamente, si que baixamos o gasto e o despilfarro en altos cargos, gabinetes, centros de prospectiva, publicidade e inmobilizado material, aforrando en gabinetes máis de 77 millóns de euros acumulados. Polo tanto, si que lle fixemos caso á súa emenda. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, o gasto non financeiro deste orzamento son 12.620 millóns de euros, non 14.000, señora Rodríguez Rumbo. Está metendo os cartos adicados a amortizar o servizo da débeda, que son case 1.000 millóns de euros, e que non se poden adicar a ningunha política de gasto. Polo tanto, o incremento real son 12.620 millóns de euros, unha cifra realmente salientable, un 8,5 % de incremento. Por certo, o gasto consolidado en sanidade crece un 8,6 % máis que a media do gasto non financeiro. Hai que facer a consolidación de todos os entes sanitarios, pero está no informe económico-financeiro, alí o pode ollar. E estes son os precedentes que motivan a diferenza de impactos dos axustes aos que me refería antes.

No Goberno bipartito o incremento medio dos orzamentos en gasto non financeiro foi de 8,9 % durante catro anos consecutivos, e nós estamos chegando a un 8,5 %; unha cifra de incremento non coñecida dende a gran crise nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Esa é a diferenza de esforzo que tivemos que facer o Goberno do Partido Popular e a Xunta de Galicia e vostedes, cando tiveron responsabilidades de goberno.

Que eu saiba o Plan de atención remota non está tido en consideración para nada e non se vai aplicar. Non sei se o conselleiro confirma iso, pero eu xa lera que era unha iniciativa que non se estaba aplicando; polo tanto, non me resulta acaída a súa apreciación.

Dicía tamén —por rematar e por clarexar algún tema máis— a señora Presas que este era un formato con moitas limitacións: as limitacións que ten a tramitación da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma, señora Presas, que, por certo, bastantes poucas me parecen, porque, se se aplicasen as mesmas limitacións que se aplican na Administración xeral do Estado, como se explicou hoxe á mañanciña, moitas das súas emendas non serían nin tidas en consideración, e, en particular, todas aquelas que incrementan os ingresos sen un informe favorable da Consellería de Facenda. Polo tanto, de moitas limitacións, pouco. Existen limitacións, as propias dunha lei de orzamentos, pero non se aplican, e permítese perfectamente o debate para facilitar as achegas e as propostas en todos os eidos.

O que sería interesante é cumprir no seu xeito máis estrito esa limitación que contempla o Regulamento da Cámara e que non se puidesen facer achegas que incrementasen algúns impostos que, como acabamos de ver antes, tecnicamente son inaplicables, porque, entón, terían que aplicar o custo da oportunidade de beneficiar algunhas políticas de gasto a custa de minorar outras, o que se fai na maioría dos países civilizados do mundo. Entón, aí deberían

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

retractarse nas súas priorizacións. Por agora, as súas priorizacións sáenlles gratis, porque son sempre a máis, a máis...

No que se refire á Tarxeta Básica, efectivamente, non está recollida no imposto, pero si que está recollido un incremento de máis do 25 % dos recursos para a inclusión social; en concreto, o Programa 312A, de protección e inserción social, medra un 31,4 %. Polo tanto, son recursos abondo. Medra un 31,4 % sobre o orzamento do ano 2022, Tarxeta Básica incluída. Polo tanto, haberá recursos abondos para atender as necesidades daqueles que máis os precisan.

Remato este debate amplo, no que puidemos contrastar propostas, opinións e suxestións, algo que coido que sempre é moi positivo, aínda que non podemos aceptar as súas emendas polas razóns que xa expuxen. Somos perfectamente conscientes de que no Goberno galego non temos toda a razón, e valoramos as propostas dos grupos da oposición, pero non é posible aceptar alternativas, se iso supón, ao mesmo tempo, ter que renunciar ao noso modelo orzamentario, como poderán entender.

Con isto, quero insistir en que existen cuestións sobre as que non nos podemos poñer de acordo. Tamén estou convencido de que, no fondo, as grandes prioridades dos orzamentos son coincidentes, como dixen hoxe á mañá, pero, loxicamente, cando incluír algunha proposta supón ter que eliminar algunha outra necesaria, non é posible aceptalo.

Señorías, o Goberno galego, con estas contas tan só quere acertar, tanto nas prioridades como na distribución dos recursos, para achegar certezas e solucións ás familias e empresas nun momento de especiais dificultades, sobre todo polos altos prezos e pola ralentización económica.

Por iso, con estes orzamentos, pretendemos dar o impulso que Galicia precisa neste momento para axudar e acompañar as familias e as empresas nas súas necesidades, contribuír a dinamizar a actividade económica e reforzar os servizos públicos esenciais.

Reitero que unha das grandes diferenzas entre o Goberno galego e a oposición está no modelo de política fiscal. Nós apostamos por aliviar todo o que poidamos, e coa marxe que exista en todo momento, a carga fiscal de familias e empresas. Cada ano buscamos, á hora de elaborar o orzamento do vindeiro exercicio, deixar nas mans das familias e das empresas recursos para que sexan eles os que decidan o destino destes, segundo as súas necesidades. E tal e como puidemos apreciar esta tarde, o modelo fiscal da oposición é outro radicalmente distinto; un modelo de suba de impostos, ademais, tanto cando hai dinamismo como cando existe unha ralentización da economía, como é o caso do vindeiro exercicio. Pero nin sequera o Grupo Socialista e o Grupo do BNG coinciden á hora de propoñer a intensidade da suba destes impostos, pois simplemente empregan a fiscalidade para tratar de inflar ingresos, sen reparar na maior parte das ocasións en que eses aumentos de impostos ou non son posibles ou son prexudiciais para familias e para empresas.

Señorías, para o vindeiro exercicio contaremos con máis recursos ca nunca pero, unha vez máis, quero recalcar que tamén son moitas as necesidades e as obrigas. Con estes orza-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

mentos temos unha estratexia clara para estar á altura das circunstancias que nos require esta conxuntura tan complicada. Conten co noso compromiso para aproveitar todos os recursos no máximo beneficio da cidadanía. E, como tamén seguro que xa me escoitaron nalgunha outra ocasión, co noso modelo, coa nosa estratexia non buscamos que a Administración sexa o único motor do impulso de Galicia. Queremos liderar este impulso pero tamén favorecer, axudar e acompañar os sectores privados para que complementen este esforzo público.

Neste sentido, fago un chamamento a todos os grupos da Cámara a unir esforzos para afrontar a situación actual e para que estes orzamentos sirvan para mellorar a economía e o benestar dos galegos e das galegas.

Remato xa, agradecendo de novo as intervencións de todos os voceiros e voceiras tanto no debate da mañá como no desta tarde e desexando un bo traballo parlamentario na tramitación destas contas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Votación das emendas á totalidade do grupo II

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación das emendas debatidas do grupo segundo de xeito acumulado por grupo parlamentario, tanto as que modifican a contía global de orzamentos como as que transfiren créditos en seccións.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. dos Socialistas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación conxunta das emendas do grupo II, emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En consecuencia, quedan rexeitadas.

O señor PRESIDENTE: E rexeitadas as emendas á totalidade e fixada a contía global dos estados de gastos e de ingresos, dáse traslado deste proxecto de lei á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos para proseguir a súa tramitación de conformidade co disposto no artigo 114.4 do Regulamento.

Remata aquí a totalidade do pleno de orzamentos, pero continuamos porque agora imos con outro proxecto.

Debate de totalidade do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública por un tempo de 15 minutos.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Corgos López-Prado): Última intervención da tarde. Afortunadamente, señora Presas, o trámite desta lei non é o mesmo que o da lei de orzamentos.

Moitas grazas, presidente.

Moitas grazas, señorías.

Interveño neste pleno para presentar o Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2023, unha norma que complementa o Proxecto de lei de orzamentos para este exercicio tamén actualmente en tramitación parlamentario e sobre o que acabamos de debater.

Este proxecto enmárcase en que os orzamentos requiren para a súa completa aplicación da implementación dunha serie de medidas administrativas e tamén de tipo fiscal; unhas de carácter puramente executivo e outras de carácter normativo que, pola súa natureza, deben adoptar rango de lei e que, como precisou o Tribunal Constitucional, non deben integrarse nas leis anuais de orzamentos xerais, senón en leis específicas.

Desta forma, o debate doutrinal acerca da natureza das chamadas leis de acompañamento foi resolto polo Tribunal Constitucional, que as configura como leis ordinarias cuxo contido está plenamente amparado pola liberdade de configuración normativa da que goza o lexislador e que permiten unha mellor e máis eficaz execución do programa do Goberno nos distintos eidos da súa actuación.

Dende esta perspectiva, o obxectivo é o habitual: acadar unha maior eficacia e eficiencia cun conxunto de medidas en diferentes áreas de actividades, con vocación de permanencia no tempo, que contribúen á consecución de determinados obxectivos de orientación plurianual perseguidos pola Comunidade Autónoma a través da execución orzamentaria.

Entre as medidas que se inclúen neste proxecto de lei quixera salientar as que buscan rebaixas fiscais, algunhas xa con efectos retroactivos —como xa dixen ao longo do día— a 1

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

de xaneiro do ano 2022, como a deflación dos tres primeiros tramos do IRPF e a rebaixa do primeiro tramo do 9,4 % ao 9 %. Outras medidas son equiparar no IRPF tamén as familias de dous fillos coas familias numerosas, conxelar o importe das taxas administrativas, incrementar o importe da risga e das distintas tipoloxías de axudas de inclusión social, establecer a gratuidade dos carnés dos servizos da xuventude ou crear a rede Xempre Contigo para coordinar os recursos dos que dispón o Goberno galego en materia de orientación e inserción laboral e de emprendemento. Tamén ampliar de 30 a 50 anos o réxime de protección das vivendas de promoción pública ou crear o Centro Galego de Control de Enfermidades, para mellorar a coordinación en materia de saúde pública.

En canto á estrutura desta lei esta divídese en dous títulos: o primeiro é o adicado a medidas fiscais e o segundo ás de carácter administrativo.

O título I, relativo ás medidas fiscais, está dividido en dous capítulos. O primeiro capítulo introduce as medidas en materia de tributos cedidos. Así, no referido ao imposto sobre a renda das persoas físicas, tomamos unha serie de medidas para seguir a reducir e redistribuír a carga tributaria. Exercemos as nosas limitadas competencias normativas para contribuír a paliar os efectos sobre a cidadanía da elevada inflación, aliviando deste xeito a carga fiscal que soportan as familias.

Neste senso, adoptamos unha serie de medidas, con efectos dende o 1 de xaneiro do ano 2022, rebaixando de novo o tipo aplicable ao tramo da tarifa máis baixo do IRPF, que pasa do 9,4 % ao 9 %, para beneficiar novamente as rendas máis baixas, nas que se sitúan como xa dixen o 44 % das persoas declarantes. Coa mesma finalidade, e tendo en conta que o incremento reflectido na Enquisa trimestral de custo laboral elaborada polo INE para o segundo trimestre do 2022 é dun 4,3 % respecto de 2021, actualízase nesa porcentaxe a tarifa aplicable aos tres primeiros tramos da escala autonómica, onde se atopan o 88 % dos declarantes. Ademais, actualizamos os mínimos persoal e familiar incrementándoos na mesma porcentaxe do 4,3 %, o que permite diminuír o imposto a pagar.

O obxectivo destas medidas é o de corrixir a denominada «progresividade en frío», evitando o impacto que, para os preceptores de rendas, na súa maior parte procedentes do traballo, supoñen os aumentos salariais que teñen por finalidade compensar o incremento do IPC. Tratamos de evitar así que vexan incrementados os seus impostos cando non dispoñen de máis renda nin dunha maior capacidade económica e que, dada a progresividade do imposto, tributen en tramos superiores da tarifa.

Ademais, un eixe fundamental da Xunta de Galicia é o reto demográfico para o que, no marco das medidas fiscais de apoio á familia, núcleo fundamental da sociedade, se establece para 2023 unha nova dedución, no imposto sobre a renda das persoas físicas, de 250 euros de dedución en cota para os contribuíntes con dous fillos, asimilándoos ao réxime de familia numerosa actual. Deste xeito, por unha banda equiparamos esta dedución á que ata agora tiñan as familias numerosas e, por outra, melloramos a dedución aplicable ás familias numerosas, aplicando a cantidade de 250 euros a partir do terceiro fillo. Así, por exemplo, esta duplícase para as familias de tres fillos, que pasará a ser de 500 euros; as de catro aumentarán en 250 euros máis, ata 750 euros, e así sucesivamente.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

En relación co imposto sobre o patrimonio, continuando coa axenda iniciada no ano 2022, modifícase a bonificación do imposto, pasando dun 25 % a un 50 % da cota, co obxectivo de adaptarnos de xeito progresivo á nosa contorna da Unión Europea, incentivar o mantemento do patrimonio, non penalizar o aforro e favorecer os investimentos estratéxicos na Comunidade Autónoma.

No que se refire ao imposto sobre sucesións e doazóns, nestes intres de incerteza económica, con períodos de alta inflación e as consecuentes subas de tipos de xuro, as empresas precisan destinar recursos propios para acometer novos investimentos e non depender excesivamente do financiamento alleo. Para iso modificamos, en ambas as dúas modalidades do imposto —sucesións e doazóns—, a redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades, ao establecer que determinados activos de tipo financeiro poidan considerarse afectos á actividade económica para non penalizar a retención que fagan as empresas do seu beneficio co fin de acometer no futuro novos investimentos.

A situación pandémica vivida, como ocorreu noutros sectores, incidiu no do xogo de xeito importante e provocou o peche dalgúns locais. E para garantir o emprego neste sector reducimos o tipo de gravame que recae sobre o bingo pasando do 50 % ao 30 %, sempre que se manteña o cadro medio de persoal do exercicio 2022. Este 30 % é o tipo medio de gravame que opera en todas as comunidades autónomas.

En canto aos tributos propios, conxelamos os tipos das taxas de contía fixa, é dicir, non experimentarán ningunha actualización respecto das contías exixibles no momento da entrada en vigor desta lei.

Señorías, ata aquí en relación ás medidas de carácter tributario. Permítanme agora referirme ao título II relativo ás medidas administrativas.

En materia de emprego público introducimos varias modificacións:

Adaptamos a Lei do emprego público de Galicia aos cambios do Estatuto do empregado público, para establecer medidas para reducir a temporalidade. Fixamos con carácter temporal que as contratacións temporais non poidan exceder dos tres anos; se se supera este límite, prevese unha compensación para o funcionario interino ou laboral temporal de 20 días de salario ata un máximo de 12 mensualidades.

Quixera salientar que Galicia vén reclamando a supresión da taxa de reposición dende hai anos ou, cando menos, que se nos permita convocar as xubilacións que se produzan nos exercicios seguintes para unha axeitada planificación dos recursos e reducir esta taxa de interinidade. Pero estas peticións por agora non teñen boa recepción nas negociacións co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Aínda así, aprobamos ofertas públicas de emprego todos os anos dende o ano 2009 e sempre ofertando o límite máximo que nos autoriza a Administración xeral do Estado na súa normativa básica. Nunca antes nesta Administración se executaron tantos procesos selectivos.

Por outra banda, regulamos por primeira vez un período de proba para o primeiro nomeamento do persoal funcionario interino, cuns prazos similares aos establecidos tamén para o

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

persoal laboral, así como as consecuencias no caso de súa non superación. E engadimos unha nova disposición adicional na Lei do emprego público de Galicia prevendo unha modalidade específica de promoción do persoal laboral, para facilitar o cambio de vínculo laboral a funcionario. Seguimos, polo tanto, na liña de ir cara a un único réxime de prestación, que será o de vencello coa Administración, que será o funcionarial. Esta disposición permitirá funcionarizar ao persoal que adquiriu a condición de laboral fixo con posterioridade á entrada en vigor do Estatuto básico do empregado público.

Así mesmo, en materia de escalas ou especialidades, creamos a escala de técnicos especialistas en patoloxía forense do Imelga, cun nivel formativo de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico axeitado para as tarefas que deben realizar. Esta escala permitirá substituír paulatinamente os postos actuais de auxiliares de autopsias, do grupo IV, categoría 39 de persoal laboral, para os que non se exixe formación específica.

Tamén modificamos determinadas funcións para a escala de persoal de servizos xerais, co fin de completar a redacción do precepto, atendendo ao funcionamento cotián dos servizos de cociña e comedor, e para a escala de persoal xerocultor, xa que a situación das persoas usuarias que precisan da asistencia deste persoal non só se debe a situacións de discapacidade, senón tamén á súa situación de dependencia ou ao risco de padecela.

Seguimos a mellorar as condicións de traballo do persoal do Consorcio. De feito imos iniciar os próximos días a integración do persoal fixo do Consorcio como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia. E imos realizar os procesos de estabilización deste persoal e abrir o prazo para que soliciten o complemento do desempeño, co que imos a mellorar as súas retribucións.

En materia de medio ambiente e territorio incluímos varios cambios. Un na Lei de caza, para establecer a gratuidade da licencia de caza para maiores de 65 anos. Outro na Lei de patrimonio natural e do Plan director da Rede Natura, para regular e recoñecer na planificación deste tipo de espazos protexidos o peso de accións e medidas que contribúan á conservación da súa biodiversidade, ademais de facelos máis resilientes fronte ao cambio climático.

Modificamos tamén a Lei de benestar dos animais para que os animais que aparecen mortos sexan identificados e comunicado o seu deceso aos seus propietarios e deixen así de ser considerados residuos, como acontece ata o de agora.

Na Lei de vivenda ampliamos de trinta a cincuenta anos o réxime de protección das vivendas de promoción pública.

E na Lei de solo substituímos a licenza de primeira ocupación por unha comunicación previa co fin de axilizar prazos.

En materia de medio rural, modificamos a Lei de montes para adecuar a normativa autonómica á lexislación estatal e dotar de maior eficacia e celeridade aspectos como a tramitación dos aproveitamentos, das aprobacións dos instrumentos de ordenación ou de xestión forestal. Por outra banda, introducimos tamén na Lei de montes unha disposición para protexer

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

as comunidades de montes veciñais en man común nos negocios xurídicos relacionados coa venda de créditos de carbono. En relación coas medidas para mitigar o cambio climático establecemos que a Administración autonómica velará pola conservación, a protección e a restauración, a mellora e o ordenamento aproveitado do servizo de fixación do carbono atmosférico que prestan os montes.

En materia de infraestruturas e mobilidade, as principais novidades son que na Lei de augas engadimos unha disposición transitoria para suspender o cobro do canon da auga asociado ás perdas en redes municipais de abastecemento ata o ano 2025. Esta moratoria está condicionada á efectiva adopción de medidas para a súa redución. E na Lei de estradas, engadimos outra disposición para estender os efectos de aprobación dos proxectos de estradas ás obras de emerxencia, co fin de axilizar os trámites e non atrasar os inicios destas obras, que pola súa propia natureza son urxentes.

Finalmente, en materia de política social introducimos varios cambios. Modificamos o decreto que desenvolve a Lei de inclusión social para incrementar o importe da Risga e das distintas tipoloxías das axudas de inclusión social. Mudamos a Lei sobre o acceso das persoas con discapacidade acompañadas de cans de asistencia, co fin de proceder posteriormente ao seu desenvolvemento normativo con todas as garantías. Modificamos o Decreto polo que se establecen os prezos públicos das prestacións das residencias de tempo libre para aplicar un desconto adicional do 30 % a familias acolledoras e familias monoparentais. E establecemos na Lei de xuventude a gratuidade dos carnés dos servizos da xuventude.

En materia de emprego, como xa dixen, creamos a Rede Xempre Contigo, que aglutinará os recursos dispoñibles en materia de emprendemento, orientación e inserción laboral, apoiados con financiamento autonómico. O obxectivo é gañar en coordinación optimizando os recursos dispoñibles e incorporándoos á Rede para traballar baixo os mesmos criterios e acadar unha maior efectividade.

Tamén modificamos a Lei para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, para incluír entre as formas de violencia de xénero a explotación sexual, o que na práctica suporá que as vítimas poidan acceder ás prestacións económicas correspondentes.

En materia de sanidade, creamos o Centro Galego para o Control de Enfermidades, con rango de subdirección xeral, para mellorar a coordinación transversal e coordinar dende Saúde Pública os proxectos de control e de prevención de enfermidades, tamén os desenvolvidos en hospitais. E reformamos a Lei de saúde para que calquera persoal sanitario, non só o médico, poida prescribir o transporte sanitario. O obxectivo é liberar desa burocracia os facultativos e aumentar a capacidade resolutiva das categorías distintas do médico. Tamén integramos as fundacións de investigación sanitaria na Administración autonómica, posibilitando que os investigadores destes entes accedan á futura carreira investigadora que está a desenvolver a Xunta de Galicia.

En materia de mar, aprobamos bonificacións, exencións ou conxelacións de distintas taxas para apoiar o sector marítimo-pesqueiro e para paliar os efectos do incremento de prezos, o encarecemento de materias primas e da enerxía.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Señorías, remato xa, reiterando que as principais medidas incluídas neste proxecto de lei pretenden establecer rebaixas fiscais —algunhas xa con efectos retroactivos a 1 de xaneiro do ano 2022, como a deflación dos tres primeiros tramos do IRPF e a rebaixa do primeiro tramo do 9,4 % ao 9 %—, equiparar a dedución do IRPF das familias de dous fillos coas das familias numerosas, conxelar o importe das taxas administrativas, incrementar o importe da Risga e as distintas tipoloxías de axudas de inclusión social, establecer a gratuidade dos carnés de servizos da xuventude, crear a Rede Xempre Contigo para coordinar os recursos dos que dispón o Goberno galego en materia de orientación e inserción laboral e emprendemento, ampliar de trinta a cincuenta anos o réxime de protección das vivendas de protección pública e crear o Centro Galego para Control das Enfermidades para mellorar a coordinación en materia de saúde pública.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade, de devolución. Posicionamento respecto, tamén, do Proxecto de lei. Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro.

Señoras e señores deputados.

O Goberno da Xunta de Galicia non acerta nos orzamentos para o ano 2023, desaproveita unha oportunidade histórica. Coa maior cantidade de recursos posibles, o Goberno da Xunta de Galicia nin ten proxecto para o país, nin ten medidas, nin plantexa a capacidade de mobilizar, dinamizar e mellorar a vida e a actividade económica dos galegos, con tantos fondos. Non acertan nos orzamentos do ano 2023 e, dende logo, non podemos respaldar unha lei de acompañamento de medidas fiscais e administrativas que acompaña uns malos orzamentos e que, ademais, utiliza unha técnica lexislativa que implica peor calidade lexislativa, menos transparencia e menos participación.

O Partido Socialista de Galicia ten un proxecto para Galicia distinto do Partido Popular. Entendemos o rodillo da maioría, despois de trece anos de Goberno do señor Feijóo, e que o Goberno do señor Rueda teña decidido converterse nun prólogo de todo aquilo que non se fixo para mellorar a economía do noso país. Pero non esperen a complicidade nin nos orzamentos nin na lei de medidas de acompañamento. Desexámoslle o mellor a Galicia e desexámoslle acertos ao Goberno do Partido Popular, pero non podemos compartir nin ser cómplices dunha mala política orzamentaria, que carece de modelo de país e que carece de política económica. Porque nestes orzamentos non hai respostas ás necesidades dos galegos e das galegas. Porque nestes orzamentos non hai iniciativa nin impulso nin liñas estratéxicas, son uns orzamentos da inercia, uns orzamentos da continuidade de proxectos do señor Feijóo durante trece anos, que, como amosarei, acabaron demostrando que deixou unha Galicia con menos poboación ocupada, con menos xente, con peores servizos públicos, unha Galicia máis cativa no conxunto da economía do Estado.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Así que non podemos respaldar esta Lei de medidas fiscais e administrativas. Porque son un conxunto de medidas inconexas, heteroxéneas, que intentan lexislar e garantir a regresividade fiscal perversa do Partido Popular, un modelo fiscal que non compartimos e que combatemos. E porque o Partido Popular incorpora a modificación de medio centenar de leis e de decretos a través dun mecanismo de lexislación ómnibus no que todo cabe, no que cambian as leis, pero sen proxecto e sen rumbo. Nós non temos o mesmo modelo para a economía galega, temos un modelo distinto, pensando na xente do país, na cidadanía do día a día. Polo tanto, nin polo fondo nin pola forma podemos ser cómplices do que quere facer o Partido Popular, que é a falla de rumbo, a falla de ambición e a falla de medidas para conseguir unha Galicia mellor.

Claro que temos un plantexamento distinto. Dicía esta mañá o conselleiro de Facenda dirixíndose aos dous grupos da oposición: «Vostedes coinciden comigo no cadro macro, nas grandes liñas e a discordia está nalgunha política de gasto.» O conselleiro de Facenda non entende o que é a política económica e non entende a capacidade de discernir entre dous modelos distintos de facer orzamentos, que implican distinta forma de facer política económica. Porque claro que temos un plantexamento distinto: un plantexamento distinto no fiscal, un plantexamento distinto na corresponsabilidade fiscal, un plantexamento distinto nas prioridades do país, un plantexamento distinto na Galicia que queremos e en como apoiar o tecido produtivo. Porque ao longo deste ano en que tivemos a maior inflación das últimas décadas, os galegos e as galegas saben que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia non tomou medidas de calado para apoiar nin a cidadanía nin o tecido produtivo, que seguen cos brazos caídos e que, mentres un Goberno en España toma medidas de calado que chegan aos petos de tantos galegos e galegas, vostedes seguen de medio lado, sen facer e sen deixar facer.

E é por iso que non podemos compartir ese plantexamento que fai o partido Popular de Galicia, dende a esquerda do noso país. Un plantexamento distinto, que, dende logo, respecta a maioría parlamentaria e a maioría electoral das eleccións autonómicas. E vostedes teñen a lexitimidade para gobernar e o deber de facelo o mellor posible, pero nós non podemos aplaudir este plantexamento.

Porque o que eu lle quero preguntar a esta Cámara, e tamén aos galegos e galegas, é se con estes orzamentos os cidadáns galegos van conseguir ter un país mellor, se van ter medidas de calado para conseguir saír dunha situación de dificultades.

Voulle facer unhas cantas preguntas que creo que se responden por si mesmas. Señor conselleiro, ¿imos recuperar a poboación ocupada perdida con Feijóo durante trece anos en Galicia, 65.000 traballadores ocupados menos como balance do seu mandato? Señor conselleiro, ¿imos acadar o 20 % do valor engadido bruto industrial sobre o PIB ao que se comprometeron os primeiros gobernos do señor Feijóo? Señor conselleiro, ¿imos chegar ao mínimo do 1,5 % de I+D+i sobre o PIB ao que se comprometeu tamén o Goberno galego? Señor conselleiro, ¿imos reducir o nivel de dificultade das familias galegas? Tres de cada catro teñen dificultades para chegar a fin de mes e máis de 600.000 están en risco de pobreza. ¿Van vostedes darlles solucións con estes orzamentos? Señor conselleiro, ¿teñen vostedes respostas aos problemas de política industrial en tantas bisbarras de Galicia que teñen

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

unha fenda profunda, cando vostedes teñen as competencias? Señor conselleiro, ¿estes orzamentos responden á igualdade que as cidadás en Galicia necesitan? Non lle escoitei falar hoxe de igualdade, do Estado de benestar. Sobre a idea dos servizos públicos, agochan as cuestións fundamentais dun país que se vai facendo máis pequeno no económico co Partido Popular. E claro que temos un plantexamento distinto, e témolo que dicir con claridade nesta Cámara e aos galegos e as galegas, que cando ven estes novos orzamentos saben que non hai nada que se poida esperar para o ben da cidadanía do noso país.

O modelo do Partido Popular é un modelo dos brazos caídos e da inacción. Vostedes están moi satisfeitos véndose ao espello cada vez que poden, dicindo o ben que o fixo o señor Feijóo durante trece anos en Galicia, pero deixounos unha Galicia con menos xente traballando, unha Galicia máis cativa no económico, en termos comparados, no conxunto do Estado, unha Galicia máis endebedada, unha Galicia con máis listas de espera, unha Galicia con máis fenda no rural, unha Galicia con máis dificultades para tanta xente e unha Galicia na que milleiros de mozos e mozas deixan o noso país.

Deixen, señores do Partido Popular, a rutina da inercia e póñanse a facer unha Galicia mellor. Porque as inconsistencias do Partido Popular son evidentes a estas alturas. Fíxense vostedes o que nos dixo esta mañá o conselleiro de Facenda. Por unha banda, todo o seu orgullo porque temos os orzamentos máis amplos da historia de Galicia, e á vez todo o seu orgullo porque estes orzamentos apostan por baixar os impostos todo o posible. A maior contradición e a maior hipocrisía, que é polo que o Partido Socialista ten que facer de barreira de contención fronte a unha dereita que quere destrozar o Estado de benestar en España e que o quere destrozar en Galicia. E quérollo dicir con claridade porque se vostedes fan un discurso contra a débeda pública e din que non queren endebedar Galicia, se vostedes fan un discurso no que non queren subir impostos nin cobrar impostos e vostedes fan un discurso no que queren gastar máis servizos públicos, algo non cadra. ¿E saben o que non cadra? A hipocrisía da dereita do Partido Popular. Porque vostedes non asumen a corresponsabilidade fiscal, esperando que sexa o Goberno do Estado o que recade e remita ao Estado das autonomías os fondos para ter gastos, pero alí onde vostedes gobernan, reducen. E se hoxe no Goberno do Estado estivera un Goberno presidido polo señor Feijóo e pola señora Ayuso, vostedes estarían reducindo os impostos coa maior regresividade fiscal posible no Estado, reducindo os fondos públicos e a partir de aí recortando tamén en cada unha das comunidades os fondos autonómicos e, polo tanto, as posibilidades de traballar para un Estado de benestar. *(Aplausos.)* Esa é a realidade do Partido Popular, esa é a hipocrisía da que vostedes non queren falar, pero é a realidade que temos nos datos e na situación.

¿Como vai ser coherente un Goberno do Partido Popular? Tamén me chamou a atención o modelo de política económica que se evidenciou esta mañá, un modelo neothatcheriano —si, si—, cando incluso os conservadores británicos xa caeron da burra e tiveron que mudar toda a política económica que plantexaba a *premier* Liz Truss. Si, si, e vostedes seguen aínda atados a un discurso de rebaixa fiscal que é regresivo, que é inxusto e que é un ataque ao Estado de benestar. ¿Ou é que aínda cren vostedes na curva de Laffer cando ninguén xa cre nela no conxunto do mundo? ¿Ou é que vostedes seguen aplaudindo as subas do tipo de interese como única solución a un crecemento dos prezos nunha política que non ven como unha política de exceso de demanda?

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Están desnortados porque aplicaron unha pésima política económica na gran recesión, subíronse a cabalo dunha política económica de gasto público coa covid e agora aínda están sen reubicar no plantexamento da política económica que queren facer. E por iso en cada sitio nos din unha cousa distinta. A señora Ayuso marca a pauta, o señor Feijóo intenta non pisarlle os calos á señora Ayuso e o señor Rueda por detrás vai intentando correr. *(Murmurios.)* Correr nunha rebaixa de impostos que é demencial. Porque cando vostedes falan da rebaixa de impostos na media fan a maior trampa que lle poden facer a un país. Se vostedes teñen un cidadán que ten un millón de euros e teñen un cidadán que ten cero euros e lles baixan medio millón de euros aos que o teñen, estanlle baixando de media douscentos cincuenta mil euros aos dous cidadáns, un deixa de pagar medio millón e o outro segue sen nada. ¿E esa é a rebaixa fiscal en media que nos plantexa o Partido Popular en Galicia como a súa gran vantaxe? Eses impostos regresivos que plantexan de forma continua nunha política errada, errática e que vai cambiando en función dos momentos en cada circunstancia.

Señores do Partido Popular, o discurso contra os impostos é un discurso errado, porque os impostos son necesarios para poder defender a igualdade de oportunidades e os servizos públicos. E esta Lei de medidas fiscais e administrativas que vostedes plantexan, na parte fiscal implica unha menor progresividade fiscal e implica unha rebaixa ao imposto dos patrimonios que é indecente. Coa que está caendo, cando tres de cada catro familias galegas non chegan a fin de mes, cando máis de seiscentos mil cidadáns en Galicia están en risco de pobreza, que a medida estrela que marca o carácter do señor Rueda como presidente da Xunta de Galicia sexa rebaixar o imposto de patrimonio un 25 % máis aos máis ricos de Galicia, aos 7.700 patrimonios máis acaudalados para facerlles un regalo fiscal de 35 millóns de euros é indecente. Galicia non merece isto.

E vostedes están tamén ocultando algo que lles dá vergoña, porque o Partido Popular fai eses regalos fiscais pero á vez avergóñase do que está facendo, porque cando os membros do Partido Popular e os alcaldes de Galicia teñen que estar cos seus veciños e veciñas saben que dicirlles que esa rebaixa fiscal aos millonarios se fai agora é unha falla de decencia e de respecto a quen o está pasando tan mal. Deixen de ser a correa de transmisión da señora Ayuso en Galicia. E claro que non podemos respaldar esa rebaixa de patrimonio. Claro que non podemos respaldar ese modelo impositivo que quere baixar os impostos para deixar unha Galicia con menos oportunidades.

Nós temos un modelo fiscal distinto. E tampouco podemos apostar por este modelo lexislativo. Hoxe é o día en que vostedes máis modifican toda a lexislación galega do ano, a través desta Lei de medidas fiscais e administrativas. Zarandean o marco normativo ao modificar medio centenar de normas entre leis e decretos. Unha barbaridade lexislativa, un abuso da maioría parlamentaria que fan de tapadillo, pola porta de atrás para restarlle a esa lexislación transparencia, participación, para evitar os informes do Consello Económico e Social, para fuxir do debate, da participación pública, para buscar cambios en sanidade, en política social, en emprego, en vivenda, en innovación, en industria, en medio ambiente, en medio rural, en infraestruturas, en patrimonio cultural... sen pasar por todos os mecanismos que dan maior calidade lexislativa e maiores garantías democráticas. Ese modelo, por certo, non o aplicaba nesa intensidade nin moito menos ese goberno que a vostedes tampouco lles gustou e que foi tan bo para Galicia como foi o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. E téñollo

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

que dicir con total claridade. Comparen vostedes, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* míreno vostedes e comparen cal foi o plantexamento de lexislación coas medidas de acompañamento.

Señoras e señores do Partido Popular, queremos unha Galicia do benestar, queremos unha Galicia gobernada para a xente, unha Galicia que pense na xente do común, non un goberno da Xunta de Galicia que centra a súa medida estrela nestes orzamentos nos 7.700 millonarios galegos que teñen o maior patrimonio. Esa regresividade fiscal é o síntoma do que representa o Partido Popular. E porque en España hai un goberno de progreso que aposta polo público e polo Estado de benestar e distribúe fondos finalistas ás comunidades, vostedes non poden facer o recorte de fondos que está no seu ADN, no seu ADN político. O que estarían facendo se non tivesen esas limitacións. O que queren facer se a señora Ayuso e o señor Feijóo conseguen gobernar España. E témosllo que dicir aos galegos que saben que hai listas de espera terribles en tantos centros de saúde, que hai unidades escolares nas que seguen existindo nenos de distintas idades, de distintos cursos nunha mesma aula na Galicia rural. Se vostedes queren... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señores do Partido Popular, entérense da realidade do país. *(Murmurios.)* Si, señores, non me desvirtúen o discurso, voulles seguir falando da Galicia que descoñecen, con recortes en educación, en sanidade, nos problemas do rural, con maior fenda, e duns orzamentos que non teñen a orientación que Galicia necesita.

Estes orzamentos son unha oportunidade perdida, un retroceso nos servizos públicos, un maior nivel de regresividade fiscal. Estes orzamentos son un plantexamento dunha Galicia que vai a menos e dunha Galicia da que vostedes non queren oír, como cando lles din que hai listas de espera en atención primaria de ata vinte días en centros de Galicia. E con que haxa un centro de saúde no que iso ocorra no mes de agosto, o Goberno da Xunta debería xa estar plantexándose as respostas en vez de estar sempre escapando das responsabilidades e buscando a culpa noutros para un goberno que non goberna. Témoslle que pedir que se poñan a gobernar, que traballen polos galegos e polas galegas, e que retiren uns orzamentos que son unha oportunidade perdida, que retiren unha...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...lei de medidas que supón menos calidade lexislativa, menos transparencia e, sobre todo, unha regresividade fiscal inaceptable.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Boa e traballosa tarde, conselleiro.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Dicíalle vostede a miña compañeira Presas que esta non era unha lei ou un proxecto de lei igual que o de orzamentos e, efectivamente, é peor. E vou intentar explicar por que falando tamén do tema que nos ocupa, que é o proxecto de lei de acompañamento.

O outro día chamábame un compañeiro xornalista que se incorporou agora nun medio de comunicación deste país a cubrir a tramitación dos proxectos de orzamentos, e preguntábame precisamente pola lei de acompañamento, que nos parecía ao BNG; estaba alucinado con que nunha soa lei se modificasen dun plumazo neste ano trinta e catro leis e nove decretos.

Eu no tempo que levo aquí, desde a lexislatura pasada, desde o ano 2016 é, se non me fallan os cálculos, o ano que máis modificacións lexislativas se inclúen nun proxecto de lei de medidas.

Eu dicíalle a ese compañeiro xornalista que, efectivamente, era un escándalo, pero que a min xa non me sorprendía, co tempo que levabamos aquí xa viramos que o PP fai isto todos os anos. Pero tamén que o faga todos os anos —cando colguei o teléfono dicíame iso a min mesma—, que faga o PP algo todos os anos non o fai menos escandaloso e, en todo caso, non deberíamos afacernos nunca ao uso abusivo, totalmente, que se fai neste proxecto de tramitación a través das leis de medidas. Porque todos os anos sacan algo novo da chistera; este ano non ía ser menos, e ademais sacan nesta ocasións cousas bastante indignas.

É escandaloso desde dentro e desde fóra, desde a forma ata o fondo. Porque nesta lei, que se presenta como necesaria para a execución orzamentaria —dicíao vostede na súa explicación inicial—, o certo é que agás algúns artigos —os menos: a parte fiscal, a reforma da Lei de inclusión e o decreto que a desenvolve para incrementar un pouco a Risga, pouco, moi pouco; logo falaremos diso—, agás iso e algo máis —pouco—, o groso, a maior parte do articulado e do compendio variado de leis que se modifican, non teñen nada que ver cos orzamentos, aínda que din que si para poder saltar algo fundamental: é preceptivo, é dicir obrigatorio, na tramitación de calquera proxecto de lei que impulse o Goberno, como é esta por exemplo, o informe do Consello Económico e Social de Galiza. Falaba vostede de que era unha lei ordinaria. Se fose ordinaria, seguiría o procedemento ordinario e non o segue. E ese procedemento exixe a avaliación por informe do CES. *(Aplausos.)*

E como hai xente nova neste hemiciclo, tamén pode que algunha persoa na sala de prensa que estea cubrindo ou que acabe de xuntarse agora a esta *fiesta de la democracia*, imos deternos algo máis na explicación deste procedemento, en como se xustifica reformar dun plumazo trinta e catro leis e nove decretos sen pasar por período de exposición pública e sen informar ao CES, impedindo que este se posicione, entre outros organismos, a respecto de todo o que aquí se inclúe.

Este ano voume deter algo máis nesta cuestión porque insisto en que, se é grave todos os anos, este ano aínda o é máis por unha modificación que se inclúe no texto.

Pero vaiamos por partes, non vaiamos adiantando así acontecementos. Á parte, loxicamente, de que si debe acompañar os orzamentos, que se inclúe no título primeiro do Proxecto de

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

lei, é dicir o compendio de medidas fiscais, falouse moito na sesión de hoxe de impostos; eu non quero afondar moito máis nisto pero si reiterar algunhas consideracións por parte do Grupo Parlamentario do BNG.

A proposta que formula o Goberno é regresiva. ¿E é regresiva por que? Primeiro porque, como xa dixemos e vimos denunciando desde que se presentou publicamente este Proxecto de lei de orzamentos, inclúe e incorpora un regalo fiscal de 34 millóns de euros para unha minoría rica. Para 7.700 persoas que non teñen —créanme— nin o máis mínimo problema para chegar a fin de mes e que teñen no seu patrimonio polo menos —polo menos— dous millóns de euros. Que nin tan mal. Xente á que lle vai bastante ben economicamente e á que non lle debe preocupar moito, case me atrevería a dicir que en absoluto, que subiran de media máis do 15 % os prezos dos alimentos no último ano; a cifra máis alta de toda a serie.

O argumento que usan para xustificar isto, volvemos escoitalo esta mañá, é que o imposto de patrimonio tende a desaparecer, hai que adaptarse á contorna de Galiza e, o máis importante, que é a fórmula para impedir que marchen, sobre todo o capital e as empresas que representan eses grandes patrimonios. Vamos, para intentar que os ricos pero, sobre todo —insisto— o seu capital e o seu patrimonio queden en Galiza. Máis aló de que esta xente, polo xeral, ten todo bastante repartido, levan anos rebaixando impostos con este argumento.

E eu botaba un ollo aos informes do Foro Económico de Galiza, que quero pensar que é unha fonte que todas e todos asumimos como válida, que xa nos advertían no ano 2016 da fuga de empresas, 154 no ano 2015, e esa fuga de empresas no 2022 despois de todas as rebaixas fiscais que vostedes promoven, suponse para evitar que marchen, en só tres meses, en só os tres primeiros meses de 2022 os datos de empresas que saíron de Galiza son 46 cunha factura de máis de oitenta millóns de euros.

Parece que non dá tampouco excesivos resultados baixar impostos. ¿Cales son as consecuencias para o resto das persoas deste país? O que si que se perderon foron recursos por parte da Administración pública. Cos datos da propia Xunta de Galiza, mil millóns de euros menos recadados que deixou de ingresar o Goberno galego polas rebaixas fiscais do Partido Popular. Son datos da Xunta de Galiza no Informe de impacto e beneficios fiscais vixentes no ámbito galego desde 2009 entregado a esta Cámara, como vostede sabe, no marco da comisión de estudo sobre o sistema de financiamento da Comunidade Autónoma de Galiza.

Aquí non se busca evitar fuga de patrimonio ou capital ningunha, senón favorecer 7.700 persoas ás que lles vai estupendamente e ás que agora se lles pretende facer un regaliño a maiores de 34 millóns de euros, que quen vai padecer as consecuencias somos a maioría social deste país. Pero non é só regresiva esta proposta por esa razón; son uns orzamentos —levámolo dicindo toda a mañá— insolidarios, porque rebaixan máis os impostos a quen máis ten. E os impostos non son unha factura ou unha lousa que levemos enriba, os impostos son o salario da médica ou médico que nos atenden en atención primaria, o salario do persoal, por exemplo, de terapia ocupacional ou unha psicóloga que atende a nosa nai ou noso pai cando se vai valorar unha discapacidade ou unha dependencia, a profesora ou profesor do noso fillo na escola ou, por poñer algún outro exemplo máis, son tamén as persoas que ao fin e ao cabo nos coidan a todas e todos, e nos garanten benestar e dereitos cada día.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero o gordo —insisto— non está aí, está no título segundo, na parte administrativa deste proxecto de lei de acompañamento. Vou comezar polo que coido que é asumible nunha lei deste tipo, algo que podería aceptarse. A reforma, xa digo, da Lei de inclusión para permitir o incremento da Risga; dicía que é pírrica, porque claro vostedes falan sempre de porcentaxes, ¿pero canto vai subir a Risga para as persoas que son beneficiarias ou perceptoras o ano que vén? 35 euros. Vostedes o que incrementan é ata o 78 % do IPREM o ingreso mínimo. Iso é cobrar 451 euros para ser exactas. Agora boten contas para unha persoa que teña que ir con estes ingresos de 451 euros ao mes facer fronte ao pagamento dun litro de aceite como a botella que sacaba a portavoz nacional do BNG esta mañá. ¿Saben a canto está? Onte a botella dunha marca coñecidísima de aceite galego —non a imos dicir—estaba a cinco euros e corenta e nove céntimos. E rachan as vestiduras e danse golpes de peito como que é un grandísimo incremento. ¡Catrocentos cincuenta e un euros! Intente calquera dos que están aquí —eu mesma—vivir con iso ao mes, e pagar o alugueiro, pagar as facturas e ir facer a compra todos os días sen Tarxeta Básica, porque xa se encargaron vostedes tamén de retirala. *(Aplausos.)* Pero esta é a proposta que fan.

Eu podía falar das 34 leis e 9 decretos, pero en 6 minutos e 39 segundos que me quedan é absolutamente imposible, unha mostra máis da falta de transparencia, de debate e sobre todo de calidade democrática destes procedementos. É imposible debater ao redor das 34 leis e 9 decretos que se modifican. Centrareime nos aspectos máis lesivos ou máis graves.

En primeiro lugar, recollen —e agradezo que estea aquí a conselleira de Medio Ambiente— unha mudanza do decreto que regula o plan director da Rede Natura 2000. Son 48 modificacións, ¡corenta e oito!, do decreto que regula ese plan director da Rede Natura, que é —como saben— a máxima protección ambiental en hábitats e especies. Sacan da manga 48 modificacións sen seguir o máis mínimo procedemento de exposición e consulta pública nin audiencia aos organismos que estipula a propia lei, tanto o decreto como a súa Lei de patrimonio natural e biodiversidade. E xustifican que nin sequera se poida posicionar o Consello Económico e Social a respecto desta modificación dicindo textualmente que as modificacións incluídas no conxunto da lei —os 59 artigos desta lei pero tamén as 48 modificacións do plan director da Rede Natura— non están —e abro aspas— «directamente vinculadas ao desenvolvemento económico e social de Galiza».

É dicir, de verdade, ¿hai alguén aquí nesta sala que poida dicir, sen que lle caia a cara de vergonza, que modificar 48 veces o plan director da Rede Natura non ten nada a ver co desenvolvemento social deste país? *(Aplausos.)* ¡¿Nada?! Para saltar o informe do CES ou a consulta aos organismos en materia de patrimonio e biodiversidade, o que recolle e ao que obrigan o propio decreto da Rede Natura e a Lei de patrimonio natural de Galiza, meten —insisto— nunha lei de acompañamento aos orzamentos unha modificación deste calado e desta envergadura, porque todo o mundo sabe que ten moito a ver coa execución das contas para o próximo ano.

En segundo lugar, modifican varias leis encamiñadas a reducir burocracia —véndeno como iso, volveuno defender agora— pero que levan por diante procesos garantistas. Falaba vostede de que substitúen, coa modificación da Lei do solo, as licenzas municipais de primeira ocupación por comunicacións previas da persoa propietaria. Din que é porque hai moita conxestión e hai que acelerar os procesos de tramitación. E podería parecer inocuo, porque,

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

claro, a ninguén se lle ocorre que igual hai que dotar con máis recursos de persoal esas oficinas para sacar adiante o traballo. Non, van pasar a Administración á retagarda, é dicir, se ías actuar con carácter previo, agora a Administración o que vai é vixiar a posteriori. Pasamos —insisto— do control previo á mera supervisión posterior e a darlles maior peso a entidades de certificación —di— colaboradoras de carácter privado. É o que pon a propia lexislación.

Tamén manteñen outras reformas que van dirixidas supostamente a simplificar administrativamente, a reducir a carga burocrática, pero que á fin e ao cabo o que están é facendo moito máis laxa a actividade de control e prevención da propia Administración. Na Lei de simplificación administrativa, por exemplo, no que ten a ver coa avaliación de impacto ambiental de proxectos eólicos, ou outros doutros tipos, antes tiñan que solicitar unha serie de documentación e agora a Xunta de Galicia o que vai facer é un *pack* completo, e nun proxecto eólico vas con ese *pack* en vez de facerse unha revisión da normativa e de cales son os graos de intervención que tiña que ter a propia Administración para cada un dos proxectos. Porque aquí debe parecer que dá igual querer montar un parque eólico na serra do Suído que na serra de Meira; é todo igual, e para a Administración... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* Señora, se quere subir aquí tamén lle cedo eu a miña intervención. *(Aplausos.)* Parece que non a deixan falar a vostede habitualmente.

E, en terceiro lugar, os clásicos, é dicir, as leis de sempre, as de todos os anos. A reforma de leis xa modificadas ata a saciedade a través de procedementos deste tipo: a Lei de vivenda, catro veces modificada; a Lei do solo, dez veces modificada; a Lei de incendios forestais, nove veces modificada; a Lei de montes, once veces modificada por leis de acompañamento. En definitiva, conselleiro —e con isto remato— nós desde o BNG non imos apoiar este proxecto de lei. Pedimos a súa retirada polas razóns que acabo de explicar; porque non é outra cousa que un subterfuxio e unha porta traseira —unha máis, todos os anos a mesma— para modificar leis regateando o debate público, os informes preceptivos —incluído o do Consello Económico e Social— ou directamente o dereito do conxunto da cidadanía a que aquí nesta Cámara, que é onde están representadas e representados os cidadáns deste país, teñamos un debate político e parlamentario sosegado sobre cuestións de calado.

Estou pensado, agora mesmo, nese xornalista que lles comentaba ao principio, que intentará entender algo do que pon esa lei —que non é fácil, non é fácil— e, sobre todo, o que significará cando entre en vigor. Porque fai falta un mapa, un mapa e un croquis, para non perderse. E é porque ao PP o que lle gusta é precisamente iso, o lío, a confusión, o caos e sobre todo o ruído.

Nós non imos apoiar isto e tampouco lexitimar este procedemento, que é en si mesmo moi pouco democrático.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo non emendante. Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, presidente.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Eu tampouco teño moito tempo, tampouco puiden contestar antes e despois da intervención tan sisuda da señora Presas, que falou de nacionalismo para *dummies*. Están moi orgullosos desa intervención. Eu vina o outro día en YouTube e a verdade é que ten 17.000 reprodución. Si, saltoume. Aínda teñen máis xente nas manifestacións que convocan habitualmente os do BNG. Falan para a parroquia, pero está moi ben. Sigan vostedes orgullosos desa intervención do nacionalismo para *dummies*.

Pero, mire, nós, os do Partido Popular, cando non estamos a favor, cando estamos en contra de que o señor Pedro Sánchez maltrate a Galicia, non nos facemos independentistas como vostede nos pediu. ¿Sabe o que facemos? Votamos en contra dos orzamentos do Estado. *(Aplausos.)* E iso é o que deberían facer vostedes. En vez de facerse independentistas e soberanistas, máis ben deberían votar en contra deses orzamentos prexudiciais para Galicia.

E, claro, veñen aquí dicir, señoras do BNG, como veu o señor Lobeira aquí traer un xurelo para defender a pesca, xusto nun debate no que vostedes presentan unha emenda na que reducen 6,2 millóns de euros o orzamento da Consellería do Mar. ¡Que pouca consideración teñen vostedes, señoría! *(Aplausos.)* Veñen dicir que defenden o mar cun xurelo. ¡Defendan o mar con esas emendas, señorías! E defendan o mar saíndo do grupo dos verdes do Parlamento Europeo, que son os que puxeron o veto á pesca de fondo en Galicia, que está prexudicando a moitísimos pescadores. Deixen de poñerse detrás da pancarta, deixen de traer o xurelo, o leite ou o aceite e traballen en serio polos problemas da xente. Iso é o que teñen que facer, e deixar de facer *performances* nesta Cámara.

Porque nós sabemos perfectamente que si, que a suba dos prezos e a suba da cesta da compra é unha realidade. Non nos teñen que traer aquí ningún xurelo nin ningunha botella de aceite, señorías, que non somos *dummies*; non, non somos *dummies*.

Tamén a señora Rodríguez Rumbo nos trouxo aquí as emendas do ano 2008. Claro, señora Rodríguez Rumbo, pero, mire, é que nós dende o 2009 que gobernamos ¿sabe o que fixemos? Reducimos altos cargos, reducimos gabinetes —si, si nun 30 %, señoría—, reducimos a administración periférica da Xunta de Galicia, reducimos chiringuitos, alquileres... Si, si, todo iso que vostede trouxo nós fixémolo realidade. E por iso os galegos durante catro convocatorias consecutivas confiaron no Partido Popular, e ese goberno marabilloso do señor Touriño do que presumía o señor Caballero cada vez ten menos deputados. Esa é a realidade, e aos galegos, por moitas mentiras que lles conten, a verdade é que non os enganan, señorías.

E hoxe debatemos unha lei, a Lei de medidas, e eu non vou ser incoherente con outros anos en que eu fun a ponente desta lei. Efectivamente, eu coincido en que non é a mellor ferramenta de técnica lexislativa. Pero xa o dixo o conselleiro —si, si, xa o dixo o conselleiro—: hai doutrina fixada polo Tribunal Constitucional. E que vostedes veñan darnos lecciónns de como lexislar queda un pouco feo xusto nestes días. E, ademais, moi pouco crible, señor Caballero. Porque xusto este ano que veña a oposición dar lecciónns de técnica lexislativa, cando estamos vendo as consecuencias de non introducir unha disposición transitoria na «Lei do só si é si», cando hoxe, por desgraza, en Galicia hai un violador máis na rúa pola consecuencia desa técnica lexislativa chapuceira e nefasta, señor Caballero, deixa moito que desexar. *(Aplausos.)*

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero, mire, falan vostedes de que non facemos caso aos informes. Señora Rodil, non é preceptivo o informe do CES, ¡non é preceptivo! Por moito que repita vostede unha mentira non se vai converter en verdade. ¡Non! Non é preceptivo, señora Rodil. Pero, mire, igual que vostedes saltaron o informe do Consello Xeral do Poder Xudicial para a «Lei do só si é si» —e vostedes igualmente, que votaron a favor, señora Rodil, no Congreso dos Deputados— atendan, porque advirte o Consello Xeral do Poder Xudicial de que a Lei de maltrato animal «*contempla la misma pena por lesionar a una mascota que a una persona*».

Esta é a súa técnica lexislativa, a do partido Socialista, apoiados, coma sempre, polos cómplices monaguillos, polo BNG. Porque vostedes son os monaguillos do Partido Socialista. *(Aplausos.)* ¡Sempre con eles, sempre a todas partes!

E, miren, di o PSOE que furtamos o debate. Non furtamos o debate. Miren, hoxe debatemos, o xoves pasado presentaron emendas... ¿Sabe vostede quen furta o debate e quen ten unha técnica lexislativa antidemocrática, señor Caballero? O Partido Socialista. Porque en Madrid, onde están vostedes gobernando, ¿sabe a golpe de que gobernan? De decreto. Decreto tras decreto tras decreto, sen posibilidade de emendas, sen posibilidade de debate. Mezclan todo nun mesmo decreto e hai que votalo todo xunto. Dá igual, mezclan as pensións con cuestións de independentismo, a vostedes dálles igual. Esa é a técnica lexislativa do Partido Socialista por moito que vostede veña aquí dicir outra cousa.

E, mire, señor Caballero, que veña vostede aquí hoxe a darnos lecciónsʼ... Vostede veu aquí facer o debate de orzamentos. A verdade é que a min botarlle alcohol na ferida non me gusta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede ten despois outro turno. Eu xa non teño máis, pero vostede ten outro turno. Pero o señor Caballero ten medo a que lle abran un expediente, porque veu co argumentario de Ferraz: «Ayuso mándanos, Ayuso dinos, Madrid é o que nos di que temos que baixar os impostos, Feijóo é un desastre, Galicia quedou fatal, Galicia negra, apocalíptica, o rural, desmantelamos todo, as escolas unitarias...».

Mire, ¿sabe quen pechaba as escolas unitarias? Ese marabilloso goberno do señor Touriño que vostede veu aquí defender, e cando tiñan entre oito e dez alumnos. E o Partido Popular agora puxo un criterio: cinco. Con menos de cinco péchanse e con cinco ou máis mantéñense. E vostedes pechaban as escolas unitarias con oito ou dez alumnos. *(Aplausos.)* Así que lecciónsʼ, ningunha, señor Caballero, ¡ningunha! Non diga que non, porque isto é así.

Pero, mire, vostedes veñen aquí falar do mala que é a Lei de medidas para non falar do fondo; para non falar realmente do que facemos. E ¿que facemos? Pois esta lei o que recolle é a axenda do Goberno da Xunta de Galicia. E ¿cal é a axenda do Goberno da Xunta de Galicia? Pois, miren, en primeiro lugar, baixar impostos para rendas máis baixas e para as familias numerosas, esas que a vostedes non lles gustan nada. Pero esas si que teñen dificultades para chegar a fin de mes. Esas si que teñen máis dificultades, porque teñen máis membros e consomen máis. E consideramos tamén numerosas a efectos fiscais as familias de dous fillos. ¿Están vostedes en contra diso? Ese é o fondo da lei. Dígano aquí, digan que están en contra.

E no ámbito social modificamos varias leis co fin de aliviar a carga económica aos galegos e galegas, como a Lei de xuventude, para establecer a gratuidade de carnés de servizos á xu-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ventude. ¿Están vostedes en contra? O Partido Socialista si, porque xa presentou unha emenda para cargarse os campamentos de verán. Claro, a vostedes o da mocidade parece que non lles gusta moito.

E no ámbito social volven outra vez coa matraca de recuperar a Tarxeta Básica. A vostedes invádeos a demagoxia. Miren, ¿por que non lle exixen ao Goberno do Concello de Santiago —socialista e apoiado polo BNG— que recupere o bono social que instalou coa covid —que tamén era para comprar alimentos, señora Rodil—? ¿Por que non lle di á señora Goretti Sanmartín que lle exixa ao señor Bugallo que recupere esa tarxeta e ese bono social? *(Aplausos)* Non, non, vostedes rinse, pero, claro, é que vostedes veñen pedirlle á Xunta de Galicia que recupere un instrumento acoutado no tempo para unhas circunstancias excepcionais de pandemia. ¡Ah! A Xunta ten que recuperalo, pero os concellos socialistas non. E o concello socialista da Coruña, da señora Inés Rey, tampouco. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, mire: «*El Concello liquida ya el principal programa social vinculado al covid*». *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¡Non, non, vamos, é que isto...! ¡Isto chámase...! Isto explícollo para que vexan vostedes a súa incoherencia. En política é importante ser coherentes, e, se vostedes lle exixen á Xunta de Galicia unha cousa, tamén a exixen nos concellos onde gobernan. E os concellos tamén teñen as súas responsabilidades. Agora, se goberna o PP, leña; se goberna o PSOE, estamos con eles, imos da manciña e todo o fan ben. Pois, mire, non, non. E, ademais, vostedes cogobernan con eles en todas as administracións que poden, ¡en todas as que poden!

A Lei de inclusión social modificámola. ¿Para que? Para incrementar as actuais contías da Risga, xa que hai que subilas polo menos o 10 % que sobe a inflación. ¿Están vostedes en contra? Dígano, digan que están en contra. Do decreto que regula a carteira de servizos sociais, o decreto que regula os prezos para a prestación de servizos nas residencias de tempo libre, co fin de incluír descontos para as familias monoparentais ou familias de especial consideración que requiren un tratamento máis favorable, ¿están vostedes en contra? Dígano.

Critican inxustamente o procedemento lexislativo, que é como calquera outro. ¿Ou acaso teñen limitada a facultade de emenda? Non, ¿verdade? Vostedes poden emendar; de feito, xa o fixeron, como lles dicía.

As cifras. O señor Caballero dicía: «Ben, é que isto está todo mal, todo mal». O PP faino todo mal. ¡A educación, mal! ¡A sanidade, mal! Mire, voulle dar algunhas cifras de educación, porque os datos non son opinables, son medibles. E, mire, no sistema de libros de texto hai 23 millóns de euros, un 21 % máis neste orzamento —xa que vostede trouxo o debate de orzamentos—. Estamos falando da Lei de medidas, pero vostede veu falar para a súa parroquia, entendámonos. Vostede veu facer aquí as súas preprimarias. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero, mire, xa que entramos no debate de orzamentos, voulle dicir datos. Tome nota: sistema de libros de texto, 23 millóns de euros, un 21 % máis; 10,5 millóns para axudas para material escolar, que case duplica a contía —5,5 millóns de euros no 2022 e 10,5 no 2023—; o orzamento de comedores escolares increméntase nun 6,8 % ata acadar os 51,2 millóns de euros, garantindo o mantemento, como fixemos neste ano 2022, dun dos mellores servizos de comedor escolar ¡de España!; a bonificación das taxas de ensinanzas especiais supón 0,7 millóns ao ano; o 90 % dos alumnos en centros de residencias docentes residen gratis, o que

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

supón un custo de 6,3 millóns de euros. ¿Que é o que non lle gusta do orzamento de educación, señor Caballero? ¿Que é o que non lle gusta? No plan de transporte Galicia conta co máis amplo servizo de transporte escolar do Estado. Conta co 4,9 % da poboación escolar do Estado pero inviste máis do 21 % do total do Estado neste servizo: máis de 120 millóns de euros para o transporte escolar neste curso, uns 700.000 euros ¡cada día lectivo, señorías!, ¡cada día lectivo! ¿Isto non é investir en educación?, ¿isto non é investir no futuro de Galicia, señorías? *(Aplausos.)* Isto non se pode criticar.

E falaban de igualdade, de igualdade. Que o Partido Socialista hoxe nos veña falar de igualdade, hoxe, precisamente hoxe, nesta semana na que non cumpren o Pacto de Estado, na que non modifican nin unha soa lei das que están establecidas nas medidas do Pacto de Estado... O ano pasado trouxeron unha iniciativa para dicirnos que había que reeditar o Pacto de Estado porque non cumpriron o Pacto de Estado. E este ano ¿saben cal é a súa proposta estrela para o 25N? Pois negociar cos grupos a reedición do Pacto de Estado. Seguimos no Pacto de Estado de 2017 porque levan catro anos sen facer absolutamente nada. E o único que fixeron, que foi unha lei, foi unha chapuza lexislativa de consecuencias irreparables.

E ¿que fai a Xunta de Galicia? Voulle dar datos, señor Caballero. Pois, mire, a colaboración con entidades locais no mantemento da Rede galega de acollemento, así como fondos para recursos de acollida específicos para mulleres que sofren violencia machista. Pedía a señora Presas que subísemos o orzamento para os centros de información á muller ¡Benvidos! Cando vostedes estaban no Bipartito querían pechar os centros de información á muller. ¡Si, señora Rodil! Eu traballaba e teño dedicación en varios centros de información á muller e vostedes querían pechar os centros de información á muller. ¡E agora véñennos dicir que os incrementemos!

Non se preocupe, claro que incrementamos, incrementamos o orzamento e incrementamos o número de centros de información á muller ¡en toda Galicia! Toda a rede territorial que temos en Galicia está á disposición de todas as comarcas, e calquera concello que quere abrir un centro de información á muller pode facelo porque a Xunta de Galicia o vai financiar. Así que non sei o que queren dicir con iso.

E está a formación para profesionais e sensibilización da sociedade en xeral; atención integral para mulleres vítimas de explotación sexual; reforzo das oficinas xudiciais de atención ás vítimas de violencia de xénero en Galicia; incentivos para o fomento de contratación das vítimas; coordinación e asistencia. Mire, hai máis dun 40 % máis de orzamento este ano para igualdade que os anos anteriores. E virá o Bloque Nacionalista Galego dicindo: «Queremos o 1 % para violencia». Non se preocupe. Está superado, señora Rodil, xa teñen esa partida cuberta. Máis do 1 % do orzamento da Xunta de Galicia está destinado a igualdade. Moito máis. *(Aplausos.)*

Pero, claro, o que lles molesta é que temos modelos diferentes. ¡Claro que temos modelos diferentes! Nós baixamos impostos, e o noso modelo é totalmente diferente ao do señor Sánchez, que defenden, por certo, vostedes no Congreso. É ese orzamento ao que vostedes se van abster. ¿Sabe cantos impostos subiron dende que Pedro Sánchez está no Goberno apoiado polo Bloque Nacionalista Galego? Cincuenta e catro subidas de impostos. ¡Iso si que é un pelotazo fiscal, señores do BNG!, ¡iso si que é un pelotazo fiscal! Cincuenta e catro subidas de

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

impostos que rebentaron hai tempo xa o «impostómetro» —ímoslle chamar así— porque vostedes xa non teñen máis impostos que subir. E agora en Galicia aínda máis, intentan subir todos. E veñen aquí dicirnos que se as áreas comerciais..., que se prexudican o pequeno comercio... Pero se todas as áreas comerciais de Galicia se abriron baixo o goberno do Bipartito, e era a área de goberno do Bloque Nacionalista Galego a que autorizou a apertura de todas as áreas comerciais de Galicia, das grandes áreas comerciais. *(Aplausos.)* ¡¿Que nos están contando?! ¡¿A quen queren enganar, señorías?! ¡¿A quen queren enganar?! *(Aplausos.)*

Miren, díganlles vostedes claramente ás familias galegas que o BNG e o Partido Socialista prefiren que paguen máis na súa declaración da renda. ¡Díganllelo claramente! Deixen de utilizar eufemismos como veñen utilizando vostedes habitualmente.

Miren, nós, con esta lei, imos apoiar unha axenda do Goberno galego que está destinada a máis política social, máis política de igualdade e menos impostos para a cidadanía, menos impostos para os galegos e para as galegas. Con esta lei apóianse os orzamentos máis altos da historia de Galicia, máis sociais, máis axeitados á situación económica que están vivindo os galegos e as galegas. E a nós non nos fai falta que nos traian a botella de leite ou a botella de aceite para saber que, efectivamente, en Galicia e en España se está vivindo unha situación económica dramática. E estes orzamentos van axudar a aliviar a economía das familias dos galegos e das galegas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Vostedes sigan subindo impostos que nós seguiremos baixándoos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Rolda de réplica.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, claro que entre a intervención da señora Prado e a que representa o PSdeG hai un abismo. *(Unha señora deputada:* ¡Uf!... Muchísimo!*)* Un abismo amplo, e mentres vostedes sigan nesa liña de dereitización, de xiro radical contra as posicións coas que teñen que competir, dígolles que non vai haber posibilidade de encontro. E non a vai haber porque vostedes, cando falan da política do Estado, se están olvidando dos intereses dos galegos e das galegas —porque o Partido Popular está priorizando a estratexia do señor Feijóo—, estanse olvidando da estratexia de mellorar o benestar dos galegos e das galegas. Porque xa sabemos o que é votar «non» aos orzamentos xerais do Estado por parte do Partido Popular.

Xa sabemos o que facía o señor Rajoy cando gobernaba e mandaba unha carta a cada un dos 700.000 pensionistas galegos dicíndolles que lles ía subir a pensión un 0,0 %. Tivo que chegar un goberno de progreso para que se revaloricen as pensións, un goberno de progreso que au-

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

menta o gasto en educación nun 62 % respecto ás políticas do PP; un 68 % en *becas* máis que co PP; un 29 % máis en sanidade pública que co PP; un 24 % máis en violencia de xénero. Si, señora Prado, tamén dixo que vostede fala como voceira. Debería saber que o Pacto de Estado pola igualdade —o Pacto de Estado do ano 2017— o fixo o señor Rajoy á fronte do Goberno e non lle puxo un euro. ¡Non se puxo un euro ata que chegou o goberno progresista de Pedro Sánchez, que o dotou orzamentariamente! *(Aplausos.)* ¡Ese é o cinismo do Partido Popular! ¡Claro que llelo queremos dicir!, porque dende o Goberno de España hai un millón de galegos que a través das súas pensións, dos seus soldos, reciben máis fondos cos orzamentos xerais do Estado, porque os orzamentos xerais do Estado teñen medidas positivas para a xente do común.

A prioridade que ten o goberno do señor Rueda é a da reforma tributaria máis regresiva que se fixo na historia fiscal de Galicia, a reforma de baixarlles os impostos aos máis ricos, como o de patrimonio para os 7.700 galegos máis millonarios do noso país, aos que lles rebaixa un 25 % máis. Xa llelo dixen, o señor Rueda chega seguindo a señora Ayuso máis aló de onde foi o señor Feijóo. Feijóo bonificaba o 25 % de patrimonio, o señor Rueda o 50 %. E eu sei que moitos alcaldes do PP se avergoñan do que está facendo o Partido Popular de Galicia porque saben das dificultades que hai no país. E cando vostedes van ás súas casas, moitos dos seus veciños e veciñas non son dos que están entre os 7.700 galegos aos que lles fan un regalo fiscal de 35 millóns de euros, senón que son deses tres de cada catro galegos que non chegan a fin de mes. Así que hai que retirar este plantexamento porque é unha reforma fiscal para baixar o IRPF ás rendas máis altas, especialmente —con menos progresividade—; porque é unha reforma fiscal para baixar os impostos a quen ten máis patrimonio; e porque é unha reforma fiscal para baixar o imposto tamén ao xogo, especialmente ao bingo.

É por iso que nós temos un plantexamento distinto, porque o PP vai seguir co seu cinismo e coa súa estratexia. ¡Non lles importa xa Galicia! ¡Non lles importan os galegos! Non exercen as competencias en industria, en sanidade, en educación. ¡Non hai respostas! Despois dunha xornada de debate parlamentario non hai nada positivo que vostedes hoxe lles digan aos galegos. O gran titular que deu o conselleiro de Facenda é que van presentar un recurso para que o Goberno de España non poida poñer un imposto aos grandes patrimonios. Esa é a prioridade do titular que tivo hoxe a Xunta de Galicia.

Con este Partido Popular, que segue a inercia sen medida, sen xestión, sen capacidade, non imos ben. E, se vostedes queren dirimir todo o futuro de Galicia na estratexia de que Feijóo poida ser presidente do Goberno e, a través de aí, que o goberno na sombra que deixou o señor Feijóo poida manterse, erran. Porque Galicia necesita goberno e témosllelo que dicir. Xa sabemos que vostedes teñen moitos deputados e son a maioría parlamentaria, sabemos que a maioría dos galegos e galegas nas eleccións da covid lexitimamente lles deron a vostedes a responsabilidade de gobernar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teñen máis deputados no Parlamento galego. ¡Certo! Igual que tamén lles digo que cada vez teñen menos deputados en Galicia nas eleccións xerais do Estado e menos alcaldías en Galicia e menos concelleiros. Así que, baixen do pedestal e vexan a realidade máis diversa dun país no que non gobernan en ningunha das sete grandes cidades, no que os deputados da esquerda, para apoiar o goberno de progreso do conxunto da esquerda plural en Galicia, son moitos máis que o PP. ¿Moitos máis dos que había con Albor e tal? Non, menos, ¡menos!, van a menos e van ir a menos tamén nas eleccións xerais. Porque xa lles fago un prognóstico: nas próximas eleccións

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

xerais en Galicia as forzas da esquerda volverán ter máis deputados que o Partido Popular de Galicia do señor Rueda, igual que lle pasou ao señor Feijóo nas últimas eleccións xerais. *(Aplausos.)* Veremos cando é o cambio, pero xa lles digo que, igual que hai que ter humildade cando nós perdemos e somos, efectivamente, parte da oposición, *(Fortes murmurios.)* teñan vostedes a humildade de baixar do pedestal e, en vez de falar para os amigos millonarios que están hoxe aplaudindo estes orzamentos, que lles van facer un regalo fiscal —esa é a política do PP e da señora Ayuso—, en vez de gobernar para eles, gobernen para os galegos e para as galegas.

Pensen na xente do común, na xente que ten dificultades, na xente que non ten emprego, nos mozos que se van do país, na política de innovación para o futuro, e traian respostas a un país que necesita máis en vez de ir a menos. E ese é tamén o reto que ten o señor Rueda. Señor presidente da Xunta, goberne Galicia e non deixe simplemente o Partido Popular de Galicia ser o epílogo e a inercia do señor Feijóo. Colla iniciativa, faga un goberno para darlles respostas aos galegos, recambie todo o que teña que cambiar, cambie os orzamentos e pense na sanidade pública e na educación pública, no rural, na industria, nas mulleres... Modernice o Partido Popular de Galicia para que non sexa simplemente a sombra dun Feijóo cada vez máis acomodado ás prácticas da señora Ayuso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Ayuso e Feijóo non deben gobernar Galicia.

Moitas grazas, señoras e señores deputados. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

Eu creo que se equivocou de debate, señora Prado. E mire que atendín atentamente, sempre gustosa, e é un pracer escoitala —ben o sabe—, pero dígollo sinceramente, porque isto non é o Congreso dos Deputados. Quéiranlle ben a esta Cámara, que, coas limitacións que ten, representa o pobo galego, e é un orgullo estar aquí. Isto non é o Congreso dos Deputados, non é o debate orzamentario dos orzamentos do Estado, nin é o Pleno municipal de Santiago de Compostela. *(Murmurios.)* Eu non sei se quere volver vostede ser concelleira nas propias eleccións municipais; *(Aplausos.)* non o sei, pero este non é o Pleno municipal de Santiago. *(Aplausos.)* E tampouco estamos debatendo as emendas parciais do Bloque, senón a emenda de devolución á totalidade ao Proxecto de lei de medidas administrativas e fiscais. Eu non sei se o intento era intentar —valla a redundancia— desviar a atención para intentar aínda achicar máis o limitado debate que temos sobre o Proxecto de lei de medidas fiscais —de acompañamento aos orzamentos—, pero a verdade *es que no cuela*, *no cuela*.

E nós, efectivamente —insisto—, non imos nin apoiar este texto nin lexitimar un procedemento absolutamente dunha baixísima calidade democrática, porque non é un procedemento

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ordinario. E para iso hai un informe moi xeitoso, de dúas páxinas, da Xunta de Galicia, *(A señora Rodil Fernández mostra un documento.)* que di que todas as medidas recollidas na Lei de acompañamento aos orzamentos, eses 59 artigos que modifican, entre outras cousas —dicíao ao comezo—, o Plan director da Rede Natura 2000 —que lles pode parecer unha tontería, pero non o é—, *(Murmurios.)* non teñen absolutamente nada que ver co desenvolvemento social e económico deste país. E para iso sacan da manga estas dúas páxinas *(A señora Rodil Fernández mostra de novo o documento.)* para dicir que non ten que pasar nin sequera por un organismo consultivo e estatutario, que en calquera procedemento lexislativo ordinario que impulse a Xunta de Galiza é preceptivo e obrigatorio que se posicione. ¿Como non vai influír no desenvolvemento social e económico deste país a Rede Natura, as licenzas de primeira ocupación ou todas as políticas que vostede acaba de expoñer aquí, que teñen a ver coa reforma do sistema fiscal ou tributario deste país, ou as axudas que se pretenden incorporar, aínda que escasas —logo falarei un pouco máis delas— tamén na proposta do Goberno?

E a min dábame un pouco a risa —e enténdano ben, porque o conto é triste— que viñese falar aquí o Partido Popular de chapuza. Tiveron que mandar dúas veces o libro da Lei de medidas fiscais e de acompañamento aos orzamentos —porque o corta-pega que fan todos os anos nos levou a todos a un delirio e non acababamos de entender que era o que se recollía aquí— a esta Cámara, *(Aplausos.)* porque tiveron que corrixir as súas chapuzas. *(Aplausos.)* ¡Para que veñan agora vostedes dar aquí lecciónns de técnica lexislativa! *(Aplausos.)* E, ademais eu convido a todo o mundo a que, se teñen algo de tempo libre e ganas —porque van ter que botarlle moitas ganas—, fagan un repaso de cales son as leis que se modifican, un ano e outro; son un ano e outro as mesmas leis e os mesmos artigos. Isto demostra —témolo dito moitísimas veces—, ademais dunha inseguridade xurídica para moitísima xente neste país —como o das franxas de protección na prevención de incendios, por exemplo, que é unha loucura, ano tras ano, saber como quedan nas sucesivas modificacións que usan a través deste procedemento absolutamente excepcional da Lei de acompañamento—, que gobernan a impulsos e a golpe de ocorrencia. E póñolles un exemplo deste caso concreto: vostedes tiveron que sacar —xa que falaba vostede das emendas parciais que presentamos os grupos da oposición— da manga a bonificación do 15 % polo contedor marrón, que se lle ocorreu ao presidente da Xunta un día, nunha sesión de control ao presidente, anunciar aquí no Parlamento, e nin sequera estaba previsto na propia Lei de medidas fiscais, no seu proxecto remitido a esta Cámara. *(Aplausos.)* Intentaron meter o anuncio ou o titular do día, a ocorrencia do día, para saír ao paso do bochornoso incremento da factura da auga e do lixo, que vostedes si que incorporan no Proxecto de lei de orzamentos para 2023. *(Aplausos.)*

E, para rematar, simplemente lles digo unha última cuestión. Eu dígoo con franqueza: se vostedes, efectivamente, saben o mal que o está pasando a xente deste país co que subiu o leite, co que subiu o aceite, co que subiu a fariña ou co que está subindo o azucre, acepten as emendas do BNG para restituír a Tarxeta Básica e darlle dereitos sociais e non beneficencia e caridade á xente que peor o está pasando neste país. Subamos a Risga, pero máis de 35 pírricos euros, que non chegan a nada. Van cobrar 451 euros ao mes xente á que lle custa ou á que lle vale máis de 5 euros o litro de aceite. E acepten tamén as emendas do BNG para subir as pensións non contributivas en 100 euros ao mes. Porque se, de verdade —insisto—, queren sacar adiante políticas que axuden as maiorías sociais deste país, nós temos a man tendida; vostedes o que teñen é que ter vontade de querer escoitar.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Votación das emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate, procedemos á votación. Faremos votación conxunta de todas as emendas á totalidade.

Comezaremos votando as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación conxunta das emendas á totalidade de devolución, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación conxunta das emendas á totalidade de devolución, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, rexeitadas as emendas á totalidade, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.

Remata aquí o pleno. E vémonos mañá, pero con outro pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás sete e oito minutos do serán.

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-n7bPo6DBf-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/